

---

**ESTATUTOS E NORMATIVA INTERNA DA  
UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES  
DE GALICIA**

**10º CONGRESO UGT-GALICIA**

**Santiago, 28, 29 e 30 de Maio de 2009**

---



---

## INDICE

<b>ESTATUTOS DA UGT DE GALICIA</b>	<b>7</b>
<b>NORMATIVA INTERNA</b>	<b>71</b>
<b>1.- ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN, DIRECCIÓN, E CONTROL</b>	<b>73</b>
<b>1.A.- O Congreso. Normas Xerais</b>	<b>73</b>
<b>1.B. Regulamento de Congresos</b>	<b>81</b>
<b>1.C.- O Comité. Normas Xerais</b>	<b>101</b>
<b>1.D.- Regulamento do Comité</b>	<b>107</b>
<b>1.E.- O Consello. Normas Xerais</b>	<b>115</b>
<b>1.F.- A Comisión Executiva. Normas Xerais</b>	<b>117</b>
<b>1.G.- Regulamento da Comisión Executiva</b>	<b>127</b>
<b>1.H.- A Comisión de Control</b>	<b>133</b>

---

---

<b>2.- PRINCIPIOS REGULADORES DA ORGANIZACIÓN XURÍDICA, ECONÓMICA, ADMINISTRATIVA E DE SERVIZOS</b>	<b>137</b>
<b>2. A.- Bases organizativas e legais da UGT-Galicia</b>	<b>137</b>
<b>2.B. A administración da UGT de Galicia e as súas organizacións</b>	<b>139</b>
<b>2. C.- Recursos do Sindicato</b>	<b>145</b>
<b>2. D.- Os Servizos do Sindicato</b>	<b>149</b>
<b>2.D.1. Servizos de Formación</b>	<b>150</b>
<b>2.D.2. Servizos Xurídicos</b>	<b>151</b>
<b>2.E.- Fundacións</b>	<b>159</b>
<b>3.- ESTRUCTURAS ORGANIZATIVAS DA UGT</b>	<b>161</b>
<b>3.A.- As Federacións e as Unións. Normas xerais, estrutura e funcións</b>	<b>161</b>
<b>3. B. Xestión dos Ficheiros e Normas para a tramitación das altas, baixas e traslados da afiliación</b>	<b>171</b>
<b>3. C. Modelos específicos de organización para determinados colectivos</b>	<b>175</b>

---

---

# ESTATUTOS DA UGT DE GALICIA

---



## INTRODUCCIÓN

A Unión Xeral de Traballadores de Galicia en base á composición autonómica do Estado forma parte da Confederación Sindical “Unión General de Trabajadores de España” (UGT) acatando os seus Estatutos e os Principios e Normas da UGT adecuando a súa organización á realidade política, social e cultural de Galicia.

## TÍTULO I

### DENOMINACIÓN E SEDE

#### Artigo 1

A Unión Xeral de Traballadores de Galicia está integrada por Federacións que se constitúen no ámbito de Galicia para agrupar ás persoas traballadoras e asalariadas dos diferentes sectores económicos, persoas traballadoras asociadas en forma cooperativa ou en autoxestión, persoas traballadoras por conta propia que non teñan persoal ao seu servizo, traballadores e traballadoras en paro e persoas que cesaran na súa actividade laboral como consecuencia da súa incapacidade ou xubilación, xuventude, e aquelas persoas que buscan o seu primeiro emprego.

A Unión Xeral de Traballadores de Galicia ten a súa sede en Santiago de Compostela na rúa Miguel Ferro Caaveiro, nº 12, código postal 15707.

A Unión Xeral de Traballadores de Galicia ten por obxecto:

- Reunir no seu seo ás diversas organizacións sindicais que persigan a promoción e defensa dos intereses de clase por medio da asociación e que se inspiren na loita de clases, agrupando a todas e todos os traballadores que respecten os principios democráticos, sen distinción de sexo, raza, nacionalidade, opinións políticas ou relixiosas.
- Crear novos Sindicatos para que se agrupen en Federacións e Unións Comarcais.
- Practicar a solidariedade entre as súas organizacións con arranxo ás normas establecidas e a solidariedade moral e material entre a súa afiliación.
- Intervir en tódolos problemas que afectan á clase traballadora, defendendo as liberdades individuais e colectivas, e demandando dos poderes públicos para que sexan respectadas.
- Desenvolver un incesante labor para organizar á clase traballadora aos efectos da reivindicación cotián polo acrecentamento do benestar moral, económico e intelectual.
- Esixir dos poderes públicos leis que favorezan os intereses do traballo e que faciliten a promoción e cooperación dos traballadores e traballadoras nos procesos produtivos e organizativos nas empresas.
- Unificar a acción da clase traballadora como instrumento de equilibrio para o reparto da riqueza social, froito do traballo colectivo de mulleres e homes que conformamos o tecido produtivo.

### Artigo 2

A Unión Xeral de Traballadores de Galicia, é unha organización autónoma, independente dos partidos políticos, dos gobernos, as confesións relixiosas, das administracións e dos empleadores, rexéndose única e exclusivamente pola vontade da súa afiliación. A democracia interna é a regra absoluta do seu funcionamento. En virtude das variadas tendencias ideolóxicas e doutrinais sustentadas pola súa afiliación, que en ningún caso poidan

dar lugar á formación de tendencias organizadas, e co fin de manter a unidade orgánica, material e moral entre clase traballadora, necesaria para conquistar os fins enunciados, sostén:

- Que no seo da Organización as persoas afiliadas teñen completo dereito para divulgar os seus especiais puntos de vista no que respecta á Organización, e que esta liberdade non pode ser restrinxida nin coartada sempre que iso non se faga en base a diatribas, calumnias e difamacións das persoas afiliadas e contra os principios, acción e resolucións da UGT.
- A autonomía, a máis completa liberdade de expresión e divulgación de ideas no seo da Organización, a solidariedade, requiren o complemento inescusable da disciplina en cumprimento e aplicación da vontade maioritaria.
- Que as Federacións son autónomas no seo da UGT, en todos aqueles asuntos de incumbencia interna das mesmas, sempre e cando non afecte aos asuntos de carácter xeral.
- Os medios a empregar para conquistar os obxectivos, tanto inmediatos como mediatos, serán os que en cada caso requiran as circunstancias e sempre inspirados nas resolucións dos Congresos.

## TÍTULO II

### DA SÚA COMPOSICIÓN, ESTRUCTURAS E TAREFAS

#### Artigo 3

A UGT-Galicia agrupa ás Federacións Nacionais para unha eficaz unidade e coordinación, garantindo o principio de solidariedade entre as mesmas e entre os seus afiliados e afiliadas.

As persoas afiliadas á UGT encádranse nas estruturas do Sindicato como segue:

- As persoas traballadoras asalariadas dependentes, as autónomas e as asociadas en forma cooperativa ou en autoxestión, afiliaranse á Federación que teña competencia organizativa sobre a súa actividade laboral, do ámbito territorial onde desenvolven principalmente o seu traballo.
- As persoas traballadoras desempregadas encadraranse na Federación de referencia co seu último traballo.

#### Artigo 4

A Unión Xeral de Traballadores de Galicia estrutúrase en base a:

- Federacións, que se constituirán como mellor conveña aos seus fins sindicais.
- Unións Comarcais, que se constituirán de acordo coa resolución do Congreso sobre a comarcalización.

A Unión Xeral de Traballadores de Galicia só recoñecerá unha destas organizacións na súa actividade e ámbito de actuación.

## Artigo 5

O Sindicato Comarcal é a base da estrutura da UGT. Constitúeno as persoas traballadoras dunha mesma actividade afiliadas ás distintas seccións sindicais de empresa existentes na súa demarcación. Cando nas empresas nas que traballen non exista sección sindical, os traballadores e as traballadoras poderán afiliarse directamente ao Sindicato Comarcal ou Federación Territorial do ámbito organizativo no que traballe a nova persoa afiliada.

Cada Sindicato terá os seus órganos reitores e gozará de autonomía nas súas actividades peculiares dentro da estrutura da Federación correspondente e do marco da Unión Comarcal da súa demarcación, organizacións ámbalas dúas onde aquel está obrigado a encadrarse.

A Federación integrará os Sindicatos Comarcais ou Intercomarcais dunha mesma actividade nos distintos ámbitos territoriais e estruturarase como mellor conveña aos seus fins sindicais.

## Artigo 6

As Unións Comarcais coordinarán os esforzos de tódalas entidades existentes na súa demarcación, sen distinción da actividade. Estarán constituídas polos Sindicatos Comarcais existentes na súa demarcación, terán os seus órganos reitores propios e gozarán de autonomía na coordinación dos Sindicatos e demais actividades peculiares nos seus propios ámbitos.

## Artigo 7

As Unións Comarcais que se constituán, que se doten de Regulamentos, modifiquen os que teñan ou reformen a súa denominación, organización e regulamentos, deberán comunicalo á Comisión Executiva Nacional.

Se os novos Regulamentos, ou as modificacións e reformas expresadas, resultaran contrarias ao establecido nestes Estatutos, a Comisión Executiva indicarao á Organización correspondente para a súa obrigada rectificación sendo mentres tanto de aplicación os Estatutos do Órgano Superior. Se esta rectificación non se producira, a Comisión Executiva poderá suspender á Organización correspondente.

En todo caso, e, no prazo de trinta días, a Comisión Executiva contestará para aprobar ou rexeitar os novos Regulamentos ou as modificacións previstas aos supostos antes indicados.

As Federacións que se constituán, que se doten de Estatutos, modifiquen os que teñan ou reformen a súa denominación, organización e regulamentos, deberán remitir copia á Comisión Executiva Nacional.

### Artigo 8

A UGT de Galicia dáse un Programa Fundamental e un Programa de Acción.

A UGT de Galicia e as Federacións agrupadas nela están estruturadas democraticamente. A democracia interna é a regra absoluta de funcionamento.

Son tarefas políticas da UGT de Galicia

1.- En política sindical e xeral, especialmente:

- Desenvolvemento e aseguramento do Estado social e democrático de Dereito
- Defensa da orde fundamental democrática, de cada un dos dereitos fundamentais e da independencia do movemento sindical.
- Impulsar políticas xerais que afecten ao conxunto da clase traballadora e persigan a mellora e transformación da sociedade.

- Fortalecemento do movemento sindical libre internacional, practicando o intercambio e a cooperación.
- Manter relacións con outras Organizacións Sindicais implantadas no ámbito territorial galego.
- Avogar pola realización e mantemento da paz dentro do espírito de entendemento dos pobos.

2.- En política social, especialmente:

- Representar os intereses da clase traballadora na política social, sanitaria e educativa.
- Representar os intereses da clase traballadora en materia de emprego, seguridade social, políticas de mercado de traballo e saúde laboral.
- Exercer unha especial defensa das reivindicacións das mulleres e da mocidade, evitando calquera forma de discriminación baseada no sexo ou na idade.
- Defender os dereitos das persoas maiores, traballando para garantir a suficiencia económica e o benestar destes cidadáns.
- Promover a integración laboral e social das persoas con minusvalía e das minorías e colectivos marxinaos.
- Promover a integración social das persoas traballadoras e estranxeiras en igualdade de condicións coas galegas.
- Esixir dos poderes públicos que creen condicións para facer realidade o dereito das persoas traballadoras a gozar dunha vivenda digna e axeitada.
- Velar pola utilización racional de tódolos recursos naturais co fin de mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente.

3.- En política económica, especialmente:

- Demandar dos poderes públicos unha política orientada ao pleno emprego e unha distribución da renda rexional e persoal máis equitativa, que garanta o progreso social e económico.

- Defender o dereito ao traballo, á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as necesidades.
- Promover a defensa das persoas consumidoras e usuarias, protexendo a seguridade, a saúde e os lexítimos intereses dos mesmos.
- Representar os intereses da clase traballadora.

4.- En política económica desenvolvida polas administracións autonómicas:

- Na democratización da Economía e a Administración.
- Na política patrimonial e na planificación económica.
- Na política monetaria, financeira e fiscal.
- Na política de prezos, da competencia e do consumo.
- A promoción dunha avanzada política cultural e formativa, representando os intereses da clase traballadora, afianzando a formación e a cultura a tódolos niveis co obxectivo de facer realidade a igualdade de oportunidades e a xustiza social.
- O exercicio das atribucións asinadas mediante leis á UGT de Galicia na economía, no ámbito social, no cultural e nas corporacións, institucións e administracións, así como nas distintas xurisdicións, desempeñando as tarefas que disto se deriven.
- Informar ao Parlamento de Galicia, ao Goberno da Xunta de Galicia e ás Administracións radicadas en Galicia, sobre os criterios sindicais en cuestións que afecten aos intereses da clase traballadora, someténdoo ás oportunas esixencias.
- Desempeñar as funcións que lle correspondan en cuestións relacionadas cos dereitos dos empregados públicos.
- Desenvolver políticas específicas en relación coa muller e a xuventude, a través de fórmulas organizativas que serán convintemente reguladas.

5.- Son tarefas organizativas da UGT de Galicia, especialmente:

- A preparación e a execución de medidas no exercicio do dereito de folga para a defensa da orde fundamental democrática, de cada un dos dereitos fundamentais e da independencia do movemento sindical, así como dos dereitos laborais e sociais comúns da clase traballadora.
- Asegurar a presenza e participación naqueles órganos ou institucións públicas radicadas en Galicia, onde se determinen políticas que afecten aos intereses xerais dos traballadores e traballadoras.
- Apoiar e colaborar coas Federacións na súa labor de formación, tanto da súa afiliación e persoas empregadas mediante o mantemento de escolas propias, como na formación profesional da clase traballadora.
- Á creación, dirección e mantemento dos Servizos Xurídicos, onde non sexan cubertos polas Federacións, que traballarán nos campos das distintas xurisdicións, actuando baixo a coordinación de UGT-Galicia, en complemento da acción sindical que desenvolven as Federacións, e con arreglo ao Regulamento dos Servizos Xurídicos de UGT.
- Desempeñar a labor de relacións públicas da UGT.
- A Comisión Executiva Nacional articulará cantas ferramentas de información, difusión, divulgación, promoción, etc., se consideren necesarias en cada momento, ben utilizando soporte papel ou calquera outro que xurda da evolución das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Promoción de iniciativas no campo do cooperativismo e da economía social.
- Establecemento de directrices para a condución e o mantemento das loitas laborais intersectoriais.
- Xestión do Patrimonio Sindical Acumulado e coordinación das inversións e a rendibilización do patrimonio sindical propio.

- Apoio ás Federaci3ns para o cumprimento de tarefas extraordinarias.
- Estudar e establecer xunto cas Federaci3ns novas f3r-  
mulas organizativas nas empresas e centros de traballo de  
difícil acceso e implantaci3n para unha ou varias Federa-  
ci3ns.
- Axudar, xunto coa Federaci3n ou Federaci3ns de m3is  
implantaci3n, nas grandes 3reas que concentran un ele-  
vado n3mero de empresas (aeropostos, grandes superfi-  
cies de ocio, pol3gonos industriais, intercambiadores, hos-  
pitais, etc) o resto de Federaci3ns para que obte3nan m3is  
delegados e delegadas e aumenten a s3a afiliaci3n e  
que te3nan unha atenci3n adecuadas.
- Xesti3n dos asuntos propios das Federaci3ns nun 3m-  
bito territorial determinado, cando estas o soliciten expre-  
samente.
- O Congreso de UGT-Galicia e o Comit3 Nacional po-  
der3n asignar 3 UGT de Galicia outras tarefas adicionais.
- A xesti3n dos Ficheiros de Afiliaci3n e de Representaci3n.
- Para o cumprimento das s3as tarefas, a UGT de Gali-  
cia establecer3 orzamentos que deber3n contemplar os  
medios t3cnicos e humanos necesarios, aplicando os  
principios que conforman unha administraci3n e unha or-  
ganizaci3n modernas e racionais, co de solidariedade  
que inspiran t3dalas acci3ns da UGT.

## TÍTULO III

### ÓRGANOS DE UGT-GALICIA

#### Artigo 9

Son órganos de UGT-Galicia:

- O Congreso Nacional.**
- O Comité Nacional**
- A Comisión Executiva Nacional**
- O Consello Nacional**
- A Comisión de Control Económico Nacional**

#### Artigo 10

O Congreso da Unión Xeral de Traballadores de Galicia é o órgano supremo da mesma, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cada catro anos celebrarase un Congreso Ordinario nun prazo que non rebase os 60 días dende a celebración do Congreso Ordinario Confederal. Dentro do prazo comprendido entre a convocatoria e a celebración do Congreso de UGT-Galicia, non debe ter lugar ningún Congreso Ordinario de Federación ou de Unión Comarcal.

Son competencias do Congreso de UGT-Galicia:

- Establecer as liñas xerais da política sindical (Programa Acción) e acordar o Programa Fundamental.
- Recibir os Informes de Xestión da Comisión Executiva, do Comité Nacional e da Comisión de Control Económico para a súa análise e decisión sobre os mesmos.

- Acordar modificacións dos Estatutos de UGT-Galicia.
- Decidir sobre as propostas que lle foran presentadas, así como sobre os recursos interpostos diante do Congreso de UGT-Galicia.
- Elixir a Comisión Executiva, a Comisión de Control Económico e os membros do Comité Confederal en representación de UGT-Galicia.

### Artigo 11

O Congreso de UGT-Galicia está constituído polas persoas delegadas elixidas democraticamente nas Federacións de Nacionalidade ou Intercomarcais (no caso de que non estean constituídas as primeiras) e nas Unións Comarcais, debendo ter en conta a estrutura de afiliación, en base a criterios de proporcionalidade, para o suposto de concorrer dúas ou máis listas. Cando para a elección de delegados e delegadas ao Congreso de UGT-Galicia se proclame máis dunha lista, poderán optar ao reparto de delegados e delegadas as listas que obteñan como mínimo o vinte-cinco por cento dos votos emitidos. No suposto de que máis de unha lista cumprira con este requisito, as persoas delegadas a elixir asignaranse proporcionalmente aos votos válidos obtidos por cada lista.

Os delegados e delegadas asignaranse ao sesenta e cinco por cento (65%) ás Federacións e ao trinta e cinco por cento (35%) ás Unións Comarcais. A Comisión Executiva asignará o número de delegados e delegadas correspondente a cada Federación e Unión Comarcal, proporcionalmente ao número de persoas afiliadas polos que se pagaran cotas ao Servizo Confederal Administrativo, segundo a Certificación emitida por este organismo.

A base de cálculo establécese sobre o período comprendido entre o quinto e o cuadraxésimo mes ámbolos dous inclusive, anteriores ao mes en que se convoque o Congreso.

Tódalas delegacións presentes terán unha representación no Congreso proporcional á súa afiliación, polo que o órgano de participación e control que convoque o Congreso deberá asignar o número de delegados e delegadas. En todo caso, garantirásese a participación dun delegado ou delegada por cada unha das organizacións convocadas o Congreso Nacional que non obtiveran representación na asignación proporcional de delegados ou delegadas.

Os delegados e as delegadas ao Congreso serán elixidos democráticamente nos seus respectivos Congresos polas Organizacións á que representan.

No caso da UPA, os mandatos se calcularán proporcionalmente aos afiliados que con afiliación anterior ó 31/12/2009 pagaran cuota ó Servizo Confederal Administrativo. Os mandatos que xurden dos afiliados posteriores ó 31/12/2009 calcularáanse obtendo o cociente de dividir o pagado ó SCA pola cuota básica confederal.

En tódolos Congresos que se convoquen como consecuencia da celebración do Congreso Confederal, a atribución de delegados e delegadas ás Organizacións que concorran aos mesmos axustarase á Certificación de cotas que o Servizo Confederal Administrativo emitira para o Congreso Confederal.

Só serán elixibles como delegados e delegadas aqueles afiliados e afiliadas que, no día da elección, teñan unha antigüidade ininterrompida na Confederación de alomenos dous anos, e teñan cotizado neste tempo a cota estatutaria. Cada organización elixirá xunto aos delegados que lle correspondan, un número de suplentes de alomenos o vintecinco por cento dos delegados e delegadas titulares.

Tódolos delegados e delegadas presentes nos Congresos das diferentes organizacións da UGT de Galicia exercerán o seu de-

reito a voto en tódalas votacións que realice o Congreso durante a súa celebración.

Cada delegación elixirá un portavoz para participar nos plenarios do Congreso. Unha persoa membro dunha delegación poderá participar no plenario se o apoia por escrito, alomenos, o vintecinco por cento da mesma.

Calquera delegado ou delegada do Congreso poderá participar no plenario se o apoia por escrito, alomenos, o dez por cento dos delegados e delegadas ao Congreso.

As persoas membros da Comisión Executiva de UGT-Galicia participarán no Congreso con voz e sen voto.

Os membros da Comisión de Control Económico e unha persoa membro do Comité Nacional, así como os responsables dos Departamentos Nacionais e da Unión de Técnicos e Cadros participarán no Congreso de UGT-Galicia con dereito a voz. O Comité Nacional establecerá o número de representantes dos Departamentos e da UTC, que xunto aos responsables citados asistirán ao Congreso de UGT-Galicia.

As persoas membros da Comisión Executiva, da Comisión de Control Económico e as persoas responsables dos Departamentos e da Unión de Técnicos e Cadros non poderán ser elixidas como delegados ou delegadas ao seu propio Congreso.

A Unión de Xubilados e Pensionistas disporá dunha delegación de catro representantes ao Congreso, con dereito a voz e voto. Para os demais Congresos de Unións Comarcais, o equivalente porcentual de representación UXP calcularase en función do total de delegados, garantizando en calquera caso a presenza dun representante ao Congreso referido. A Unión de Profesionais e Traballadores Autónomos participará no Congreso cun delegado/a, con dereito a voz e voto.

O conxunto da Organización establecerá nos seus Congresos un sistema de participación nos Congresos, Comités e Comisións Executivas, a tódolos niveis, que garante unha presenza de homes e mulleres nos ditos órganos máis en consonancia coa realidade afiliativa da UGT. Esta presenza, tenderá a ser proporcional ao número de afiliados e afiliadas en cada Federación e Unión. En todo caso garantirase unha presenza mínima do 40% para cada sexo, naquelas Organizacións que acaden ou excedan a dita porcentaxe. No cálculo resultante da proporcionalidade, se houberse un posto sobranste, atribuiríase ó maior resto (afiliadas, afiliados).

### Artigo 12

A data, o lugar e a orde do día do Congreso de UGT-Galicia, a Comisión de Credenciais, así como o número de delegados e delegadas asistentes ao mesmo, serán fixados polo Comité Nacional, trinta semanas antes do seu inicio, facéndose pública a convocatoria. Este prazo será reducido tratándose dun Congreso Extraordinario.

O Comité Nacional establecerá unha Comisión de Propostas composta por representantes das Federacións Nacionais e das Unións Comarcais, que xunto coas persoas membros da Comisión Executiva elaborará o Programa de Acción e ordenará os documentos de traballo que sirvan como base de discusión no Congreso de UGT-Galicia. Os documentos de traballo enviaranse ás Federacións e Unións de UGT-Galicia, dezaoto semanas antes do inicio do Congreso de UGT-Galicia.

As Federacións, as Unións Comarcais e a Comisión Executiva poderán presentar emendas á totalidade ou ao articulado do Programa Fundamental, do Programa de Acción, da Normativa Interna e dos Estatutos. Son emendas á totalidade as que versen sobre a oportunidade, os principios ou o espírito dos ditos documentos e pretendan a súa supresión ou as que propoñan un texto

completo alternativo aos mesmos. As emendas ao articulado poderán formularse para a súa supresión, modificación ou adición; nos dous últimos supostos, a emenda deberá conter o texto concreto que se propoña en substitución do apartado ou do artigo emendado.

As emendas deberán estar en poder da Comisión Executiva doce semanas antes do inicio do Congreso de UGT-Galicia.

A Comisión Executiva enviará, oito semanas antes do inicio do Congreso de UGT-Galicia, ás Federacións e ás Unións Comarcais, as emendas recibidas e debidamente clasificadas. Esta documentación acompañarase dun Resumo escrito da Xestión da Comisión Executiva.

### **Artigo 13**

Poderá ser convocado un Congreso Extraordinario de UGT-Galicia por decisión da maioría absoluta das persoas membros do Comité Nacional ou a solicitude de máis do cincuenta por cento das Federacións e das Unións Comarcais, que representen á súa vez a máis do cincuenta por cento da afiliación da UGT-Galicia.

O Congreso Extraordinario de UGT-Galicia unicamente tratará aqueles asuntos que figuren expresamente na orde do día da súa convocatoria.

O proceso de convocatoria do Congreso Extraordinario de UGT-Galicia, será similar ao establecido para o Congreso Ordinario, debendo celebrarse dentro das oito semanas seguintes a súa convocatoria.

### **Artigo 14**

O Congreso de UGT-Galicia desenvolverase aténdose ao Regulamento de Congresos.

Os gastos xerais do Congreso de UGT-Galicia correrán a cargo da Comisión Executiva. Os gastos das persoas delegadas abonaranse ao 50% entre UGT-Galicia e as organizacións á quen representan.

Para tódolos Congresos que se promovan como consecuencia da convocatoria do Congreso de UGT-Galicia, a atribución de delegados e delegadas ás organizacións que concorran aos mesmos axustarase á certificación de cotizacións que o Servizo Confederal Administrativo emitiu para o Congreso de UGT-Galicia.

## TÍTULO IV

### DO COMITÉ NACIONAL

#### Artigo 15

O Comité Nacional é o máximo órgano da UGT-Galicia entre os Congresos Ordinarios.

Está composto por delegacións de Federacións e Unións, polas persoas membros da Comisión Executiva Nacional, os e as compoñentes da Comisión de Control Económico Nacional, as persoas membros representantes de Galicia no Comité Confederado e un responsable por cada un dos Departamentos de Nacionalidade e da Unión de Técnicos e Cadros.

Na primeira reunión do Comité Nacional, poderase adaptar a súa composición a nova realidade existente derivada dos membros natos que resulten elixidos e elixidas tanto nas Federacións Nacionais como nas Unións pola celebración dos seus Congresos.

As persoas membros da Comisión de Control Económico, así como as e os membros responsables dos Departamentos, e da Unión de Técnicos e Cadros, e as e os representantes no Comité Confederado pola UGT de Galicia, estes últimos sempre que non sexan membros de pleno dereito do Comité Nacional, terán voz, pero non voto no Comité Nacional.

Ás reunións do Comité Nacional poderán asistir asesores para informar sobre temas concretos.

Para formar parte do Comité Nacional será condición indispensable levar máis de catro anos de afiliación ininterrompida na UGT.

O número de membros do Comité Nacional será de 100, sen contar as persoas membros da Comisión Executiva, da Comisión de Control Económico, aos membros do Comité Confederal pola UGT de Galicia, senón son membros de pleno dereito do Comité Nacional, e aos Departamentos de Nacionalidade e á Unión de Técnicos e Cadros. 65 dos mesmos corresponderán as Federacións e 35 ás Unións. Cada Federación Nacional estará representada pola persoa que ostente a Secretaría Xeral e dous membros máis, e un número adicional de membros calculado proporcionalmente ao número de cotas liquidadas, segundo a certificación de cotas emitida para o Congreso Nacional Ordinario.

Cada Unión Comarcal estará representada polo seu Secretario Xeral e un número adicional de membros calculado proporcionalmente ao número de cotas liquidadas, segundo a certificación de cotas emitida para o Congreso Nacional Ordinario.

Os compoñentes da Comisión Executiva e os Secretarios ou Secretarías Xerais das Federacións Nacionais e das Unións son membros natos do Comité Nacional. Non poderán ser substituídos nas súas ausencias das reunións e perden a súa condición de membros do Comité cando cesan na súa responsabilidade.

A Unión de Xubilados e Pensionistas, con dereito a voto, e a UPTA estará representada no Comité Nacional polo seu Secretario ou Secretaria Xeral.

O período de liquidación de cotas a ter en conta, será o que se aplique para o Congreso Ordinario da UGT de Galicia.

As Comisións Xestoras estarán representadas no Comité polo seu Presidente, que participará nas reunións con dereito a voz e sen voto.

As persoas membros de pleno dereito do Comité de UGT-Galicia deberán ser elixidos nos Congresos das organizacións que

os designen. Estes Congresos elixirán tantos suplentes como membros titulares lles correspondan.

As persoas membros da Comisión Executiva non terán dereito a voto cando se someta a análise e decisión a súa xestión.

Para os procedementos relacionados co Comité non contemplados especificamente neste artigo, así como para a convocatoria e regulación das súas reunións ordinarias e extraordinarias, será aplicable por analogía o establecido nos artigos referentes ao Comité Confederal.

### **Artigo 16**

O Comité Nacional reunirse dúas veces ó ano con carácter ordinario. A orde do día das reunións ordinarias, a acta da reunión anterior, así como o Informe de Xestión, cando sexa preceptivo, será posto en coñecemento de tódalas súas persoas membros con catro semanas de antelación.

O Comité Nacional do último trimestre do ano aprobará o orzamento da Comisión Executiva Nacional, que será remitido as persoas membros do Comité con catro semanas de antelación, e coñecerá as previsións económicas das Unións Comarcais.

O Comité Nacional reunido de maneira ordinaria, poderá modificar a orde do día proposta, para o que se requirirá a aceptación da maioría simple do mesmo.

Os acordos do Comité Nacional serán comunicados inmediatamente pola Comisión Executiva ás Organizacións de UGT-Galicia.

Así mesmo estes acordos orientarán a labor das persoas representantes de UGT-Galicia no Comité Confederal.

## Artigo 17

O Comité Nacional reunirase de maneira extraordinaria cando o estime necesario a Comisión Executiva ou o solicite aquel por maioría absoluta das persoas membros.

A orde do día das reunións extraordinarias será fixada polo convocante e dada a coñecer pola Comisión Executiva ás persoas membros do Comité Nacional coa máxima antelación posible.

O Comité Nacional en reunión extraordinaria, unicamente tratará aqueles asuntos que figuren expresamente na orde do día da súa convocatoria.

## Artigo 18

A duración de funcións do Comité Nacional será de Congreso Ordinario a Congreso Ordinario.

Os membros do Comité Nacional colaborarán coa Comisión Executiva coas observacións, iniciativas, suxestións e propostas que fagan en todo momento a aquela e por suposto ao Comité Nacional cando estea reunido. O Comité Nacional constituirá no seu seo comisións de traballo para tratar temas específicos, cando fose necesario. Estas Comisións estarán presididas pola ou polo membro correspondente da Comisión Executiva Nacional.

Son competencias do Comité Nacional:

- Deliberar sobre a política xeral da UGT e definir a mesma, no marco das Resolucións dos seus Congresos.
- Pronunciarse diante de cuestións de política sindical e organizativas concernentes á Comunidade Autónoma.
- Recibir a metade do mandato o Informe de Xestión da Comisión Executiva para a súa análise e decisión sobre o mesmo.

- Aprobar o orzamento da Comisión Executiva da UGT de Galicia.
- As persoas membros da Comisión Executiva non terán dereito a voto cando se someta a votación a súa xestión.
- Cubrir, pola maioría absoluta das persoas membros, as vacantes que se produzan nos órganos da UGT de Galicia e das súas persoas representantes no Comité Confederal entre Congresos da mesma. No caso de que a vacante afecte á Secretaría Xeral da Comisión Executiva será necesaria unha maioría de 2/3 das persoas membros do Comité para a súa elección. No caso de que pola Comisión Executiva se tomara a decisión de non cubrir as vacantes existentes no seo da mesma, a dita decisión deberá tomarse pola maioría absoluta das persoas membros da Executiva e posteriormente debe ratificarse no Comité, convocado ao efecto pola Comisión Executiva.

Cando na Comisión Executiva quedara vacante a Secretaría Xeral e/ou máis do cincuenta por cento das e dos seus compoñentes, o resto das persoas membros convocará o Comité Nacional, o cal se celebrará dentro das catro semanas seguintes á data na que se produciu o feito. O Comité Nacional cubrirá as vacantes, en votación secreta, conforme ao establecido nos Estatutos. Senón se logra cubri-la Secretaría Xeral ou, se é o caso, máis do cincuenta por cento dos membros da Comisión Executiva, procederase no acto a elixir unha Comisión Xestora e a convocar o Congreso para elixir unha nova Comisión Executiva.

- Separar, por maioría absoluta das persoas membros, do seu cargo a calquera membro da Comisión Executiva, así como ás persoas representantes da UGT de Galicia no Comité Confederal. Para a separación das e dos compoñentes da Comisión de Control Económico será necesaria unha maioría de dous terzos das persoas membros. Esa mesma maioría será necesaria para a separación da Secretaría Xeral.

O Comité Nacional debaterá a proposta de separación e tomará a súa decisión, en votación secreta, conforme ao

establecido nos Estatutos. Se a separación afecta á Secretaría Xeral ou a máis da metade das persoas membros da Comisión Executiva, o Comité procederá no acto a elixir unha Comisión Xestora e a convocar un Congreso para elixir unha nova Comisión Executiva.

- Ratificar a proposta da Comisión Executiva das e dos responsables nacionais dos Departamentos
- Convocar e determinar a data, o lugar e a orde do día do Congreso da UGT de Galicia, así como fixar o número de delegados e delegadas, elixir as tres persoas membros da Comisión de Credenciais e establecer prazos para a elaboración dos Documentos de Traballo e para a presentación de emendas.
- Convocar, por maioría absoluta das persoas membros, o Congreso Extraordinario da UGT de Galicia.
- Resolver todas aquelas cuestións que se lle encomenden por Resolucións do Congreso e do propio Comité.
- Elixir unha persoa membro do Comité Nacional, que non forme parte da Comisión Executiva de UGT-Galicia, para dar xestión do Comité Nacional diante do Congreso de UGT-Galicia.
- Crear comisións para tarefas especiais. Estas comisións estarán presididas por unha persoa membro da Comisión Executiva.
- O Comité Nacional da UGT de Galicia dotarase dun Regulamento de Funcionamento acorde co do Comité Confederado.
- Elevar un Informe da súa actuación ao Congreso de UGT-Galicia

### Artigo 19

Os gastos xerais que orixinen as reunións do Comité Nacional, así como o aloxamento e manutención das persoas membros serán cubertos pola Comisión Executiva e os desprazamentos correrán a cargo das organizacións que os designen.

## TÍTULO V

### DA COMISIÓN EXECUTIVA

#### **Artigo 20**

A Comisión Executiva da UGT de Galicia é o órgano de dirección permanente da UGT de Galicia na Comunidade Autónoma, representándoa tanto interna como externamente. Está suxeita ás resolucións dos órganos confederais así como aos da propia UGT-Galicia.

A Comisión Executiva reúne periodicamente e establece o seu Regulamento de Funcionamento.

Son tarefas e competencias da Comisión Executiva:

- Cumprir as tarefas e mandatos de índole político-sindical e organizativa que se deriven dos Estatutos e das Resolucións do Congreso de UGT-Galicia e do Comité Nacional, así como representar á Confederación na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Coidar de que sexan respectados os Estatutos e que, na UGT de Galicia, se practique a necesaria solidariedade e colaboración.
- Exercer a dirección e o control dos medios humanos e económicos da Comisión Executiva.
- Convocar as reunións do Comité Nacional e establecer a Orde do Día.
- Propoñer ao Comité Nacional a convocatoria do Congreso Ordinario da UGT-Galicia ou Extraordinario, así como a data, lugar e a Orde do Día dos mesmos.
- Presentar propostas relativas á lexislación da Comunidade Autónoma e tomar posición sobre cuestións de po-

lítica sindical concernerentes á Comunidade Autónoma que afecten aos intereses da clase traballadora, formulando as correspondentes reivindicacións.

- Cumprir na Comunidade Autónoma, de acordo cos Estatutos e Resolucións Confederais, as tarefas comúns de política sindical e organizativas.
- Levar a efecto na Comunidade Autónoma as instrucións da Comisión Executiva Confederal.
- Informar á Comisión Executiva Confederal das súas actividades e someterlle para a súa consideración as propostas das Unións Comarcais e Federacións do seu ámbito de actuación, se estas o solicitan.
- Coordinar e apoiar a labor das Unións Comarcais e Federacións de Galicia no desenvolvemento do seu traballo.
- Preparar e executar medidas no exercicio do dereito de folga cando se trate de conflitos intersectoriais.
- Nomear aos responsables dos organismos –Departamentos, Fundacións, Áreas e outros- dependentes da Comisión Executiva.

## Artigo 21

1.- A Comisión Executiva elixirase polo Congreso de UGT de Galicia mediante o sistema de voto maioritario, en votación individual e secreta das persoas delegadas, en listas completas, pechadas e bloqueadas.

Para ser elixible como membro da Comisión Executiva, necesítase acreditar unha afiliación ininterrompida á UGT de, alomenos, catro anos. Os cargos da Comisión Executiva son incompatibles con calquera outro cargo electo na UGT.

2.- A Comisión Executiva componse de nove membros, todos eles a plena dedicación. Desempeñarán as seguintes responsabilidades: Secretaría Xeral, Secretaría de Organización e Comunicación, Secretaría de Administración e Finanzas, Secretaría de

Formación e Emprego, Secretaría de Saúde Laboral e Medio Ambiente, Secretaría de Acción Sindical, Secretaría de Innovación, Industria e desenvolvemento, Secretaría de Servizos Sociais e Políticas de Igualdade e Secretaría de Atención aos Afiliados/as.

Cada membro da Comisión Executiva terá asignados cometidos concretos que se regularán no seu Regulamento de Funcionamento, e serán postos en coñecemento do Comité Nacional.

3.- A responsabilidade da Comisión Executiva é colexiada, sen que isto exima a responsabilidade de cada unha das persoas membros no desempeño das súas funcións.

4.- A Comisión Executiva acordará as facultades e os mandatarios dos poderes notariais necesarios, nos fins, forma e extensión que considere, para o desempeño das actividades

5.- A Comisión Executiva renderá xestión da súa actuación unha vez ante o Comité Nacional, a metade do mandato.

6.- As persoas membros da Comisión Executiva non terán dereito a voto cando se someta a votación a súa xestión.

7.- A Comisión Executiva poderá tomar no seu seo, pola maioría absoluta do número de membros elixidos no Congreso, a Resolución de separar cautelarmente das súas funcións a algunha das persoas membros. No caso da Secretaría Xeral será necesaria unha maioría de 2/3 da Comisión Executiva. Esta Resolución da Comisión Executiva deberá ser ratificada polo Comité Nacional que, convocado pola Comisión Executiva, se celebrará dentro das catro semanas seguintes á data na que se produciu a separación.

As persoas membros da Comisión Executiva non terán dereito a voto cando o Comité Nacional se pronuncie sobre a súa Resolución.

Se a Resolución da Comisión Executiva é rexeitada, en votación ordinaria, polos votos en contra da maioría absoluta das persoas membros do Comité Nacional con dereito a voto neste trámite, procederase no acto a elixir unha Comisión Xestora e a convocar o Congreso para elixir unha nova Comisión Executiva.

8.- As vacantes na Comisión Executiva serán cubertas polo Comité Nacional. No caso da Secretaría Xeral será necesaria unha maioría de 2/3 das persoas membros do Comité e para o resto das Secretarías, a maioría absoluta dos mesmos.

9.- O Secretario Xeral é o representante legal e público da UGT de Galicia. Ten as competencias e facultades recollidas na lexislación e nos presentes Estatutos, podendo delegalas noutras persoas membros da Comisión Executiva. En caso de ausencia por calquera circunstancia, a Comisión Executiva asumirá colexiadamente as súas funcións durante o período que dure aquela.

### **Artigo 22**

A Comisión Executiva poderá facerse representar por unha ou un dos seus membros ou por unha persoa membro do Comité Nacional en tódalas reunións que celebren as organizacións da UGT de Galicia, e os seus órganos de dirección e control.

A Comisión Executiva poderá nomear comisións asesoras para que lle axuden no cumprimento do seu cometido.

## TÍTULO VI

### O CONSELLO NACIONAL

#### Natureza e Funcións

##### Artigo 23

1. O Consello Nacional é un órgano de carácter consultivo, de asesoramento e análise sindical. Axuda á Comisión Executiva a adoptar ou executar decisións con rapidez, asegurando unha maior participación das Federacións e das Unións Comarcais.

2. O Consello constituirase, alomenos, nas Federacións de Nacionalidade e nas Unións Comarcais.

#### Composición, convocatoria e réxime de reunións

##### Artigo 24

1. O Consello está composto polos membros da Comisión Executiva e polos Secretarios Xerais das Federacións de Nacionalidade, da Unión de Xubilados e Pensionistas e das Unións Comarcais.

2. Así mesmo, asistirán ó Consello Nacional os Presidentes das Comisións Xestoras que substitúan provisionalmente ás e aos membros natos do Consello.

3. Os Secretarios Xerais das Federacións Nacionais e das Unións Comarcais non poderán substituírse nas súas ausencias da reunión, agás por un motivo de enfermidade. Nese caso a substitución levarase a cabo por un membro da Comisión Executiva respectiva.

4. Tamén formarán parte do Consello Nacional as persoas responsables dos Departamentos Nacionais, e da Unión de Técnicos e Cadros.

## Artigo 25

1. A Comisión Executiva convocará o Consello Nacional alomenos unha vez cada tres meses. A Orde do Día das reunións, así como a documentación a tratar remitirase cunha antelación dunha semana.

2. As persoas membros do Consello Nacional poderán poñer á Comisión Executiva a inclusión de materias a tratar na Orde do Día da convocatoria.

3. Por razóns de máxima urxencia, poderá convocarse reducindo o prazo indicado, nunca con menos de 48 horas de antelación ao inicio del.

4. Os temas tratados e as conclusións do Consello serán comunicados, sen demora, pola Comisión Executiva ás Organizacións de UGT-Galicia.

5. Os gastos xerais que orixinen as reunións do Consello Nacional, así como o aloxamento e manutención, correrán a cargo da Comisión Executiva, e os desprazamentos dos seus membros o serán con cargo ás Organizacións que representan.

## TÍTULO VI

### DAS COMISIÓNS XESTORAS

#### Artigo 26

1.- As Comisións Xestoras que se elixan para substituír transitoriamente a unha Comisión Executiva, terán limitada a súa actuación temporal ao período mínimo imprescindible para preparar e celebrar o Congreso que elixa unha nova Comisión Executiva, agás que se haxa convocado congreso ordinario polo órgano superior.

Neste caso as comisións xestoras poderán continuar ata a realización do dito congreso.

O prazo de vixencia dunha Comisión Xestora non deberá superar os tres meses. Cando se supere este prazo, a Comisión Xestora xustificará as razóns que o motivaron, mediante informe escrito que presentará ao Comité constituído regulamentariamente, ou ante o órgano de control da Organización de ámbito superior, se o anterior non estivese regulamentariamente constituído. Durante este período as súas tarefas limitaranse a manter a actividade ordinaria da Organización que preside e a organización do Congreso, ao que deberá presentar un informe da súa actuación.

A Comisión Xestora non poderá tomar decisións extraordinarias que alteren substancialmente a vida da Organización. A súa actividade estará tutelada pola Comisión Executiva da Organización de ámbito superior.

2.- A Comisión Xestora que substitúa transitoriamente a unha Comisión Executiva, deberá ser elixida en votación secreta, polo Comité da Organización do seu ámbito de funcionamento.

3.- Nomearase unha Comisión Xestora nos seguintes casos:

a). Cando o Comité rexeite a Xestión da Comisión Executiva ou a Resolución da Comisión Executiva de separar das súas funcións a algunha das persoas membros.

b). Cando o Comité separe do seu cargo ó Secretario Xeral ou a máis da metade das persoas membros da Comisión Executiva.

c). Cando estando vacante a Secretaría Xeral, o Comité non logre cubrir a dita vacante con arreglo á maioría establecida regulamentariamente.

d). Cando estando vacante máis da metade dos postos da Comisión Executiva, o Comité non logre cubrir as prazas suficientes que repoñan a maioría de membros da Comisión Executiva.

## TÍTULO VII

### DA COMISIÓN DE CONTROL ECONÓMICO

#### **Artigo 27**

A Comisión de Control Económico revisa as contas e o balance anual da UGT de Galicia e presenta ao Comité Nacional e ao Congreso da UGT de Galicia un Informe sobre as revisións levadas a cabo. A revisión das contas levaranse a cabo en todos os organismos, como mínimo unha vez o ano; no caso de UGT-Galicia as revisións serán de carácter trimestral. A Comisión de Control está lexitimada para proceder a outras revisións en calquera intre.

A Comisión de Control Económico está composta por cinco persoas membros, unha que ostentará a Presidencia e catro vocais, elixidos polo Congreso de UGT-Galicia pola maioría absoluta dos/as delegados/as. Como membros da Comisión de Control non poden ser elixidos empregados nin cargos electos da UGT. Para formar parte da Comisión de Control, é necesario ter unha antigüidade ininterrompida na UGT de alomenos cinco anos, non ser cargo electo de UGT de ámbito superior ao de Sección Sindical nin empregado do Sindicato.

A Comisión Executiva de UGT-Galicia dotará á Comisión de Control Económico dos medios necesarios para o bo desenvolvemento do seu labor. A Comisión de Control Económico contará con axuda profesional externa, previa autorización da Comisión Executiva de UGT-Galicia, para levar a cabo a súa tarefa.

A Comisión de Control Económico auditará as contas e os balances das Unións Comarcais. Ademais, cando se produzan os principios de incumprimento administrativo e financeiro o poñerá

en coñecemento da Comisión Executiva de UGT-Galicia quen cauteladamente intervirá as contas e a xestión administrativa das ditas organizacións e denunciará os feitos ante a Comisión de Garantías Confederal, a fin de salvagardar o bo uso dos recursos económicos. Dos motivos da dita actuación a Comisión Executiva de UGT-Galicia dará conta no seguinte Comité Nacional que se celebre despois da mencionada intervención. A Comisión de Control coidará de que por tódalas organizacións e en todo momento se apliquen as normas contables aprobadas pola Confederación.

## TÍTULO VIII

### DA UNIÓN COMARCAL

#### Artigo 28

No ámbito dunha Comarca poderá constituírse unha Unión Comarcal, cando se cumbran os seguintes requisitos:

- Que existan polo menos tres Sindicatos Comarcais constituídos ou, no seu defecto, Delegados Comarcais nomeados polas Federacións respectivas e así o soliciten expresamente.
- Que a solicitude sexa aprobada polo Congreso da UGT de Galicia ou, no seu defecto, polos dous terzos de membros do Comité Nacional.

A Unión Comarcal así constituída coordina a actuación dos Sindicatos existentes na súa demarcación, baixo as orientacións da Comisión Executiva de UGT-Galicia. Terá órganos reitores propios elixidos nos seus respectivos congresos e gozará de dereitos políticos con representación no Comité e o Congreso de UGT-Galicia en función do número de afiliados e afiliadas existentes no seu ámbito de actuación.

No caso de non cumprirse os requisitos esixidos no parágrafo segundo deste artigo, a Comisión Executiva de UGT-Galicia establecerá directamente, en cada Comarca unha Delegación Comarcal dependendo directamente da Comisión Executiva da UGT de Galicia, a cal designará un equipo responsable composto por un máximo de tres membros, dos cales un será nomeado coordinador/a da Delegación.

Para a elección dos/as delegados/as e dos representantes das Delegacións Comarcais aos Congresos e Comités da UGT-Gali-

cia, respectivamente, o procedemento a utilizar será análogo ao establecido para as Unións Comarcais.

No ámbito dunha Comarca poderán establecerse tamén Delegacións Locais que dependerán directamente da Comisión Executiva da Unión Comarcal a cal designará un equipo responsable composto por un máximo de tres persoas membros, das cales unha será nomeada coordinador/a da Delegación.

Para establecer unha Delegación Local no ámbito dunha Unión Comarcal deberá aprobarse nun Comité Comarcal polos dous terzos dos seus membros.

Os órganos da Unión Comarcal son:

- O Congreso.**
- O Comité.**
- A Comisión Executiva.**
- O Consello.**

Para os órganos da Unión Comarcal son vinculantes os Estatutos Confederais e as Resolucións do Congreso Confederal, do Comité Confederal, da Comisión Executiva Confederal, do Congreso e do Comité de UGT-Galicia, así como as orientacións da Comisión Executiva de UGT-Galicia.

### **Artigo 29**

O Congreso Ordinario da Unión Comarcal terá lugar cada catro anos, dentro dos tres meses seguintes á celebración do Congreso Ordinario da UGT de Galicia.

Son competencias do Congreso da Unión Comarcal:

- Recibir o Informe de Xestión da Comisión Executiva para a súa análise e decisión sobre o mesmo.

- Elixir a Comisión Executiva e as persoas membros do Comité Nacional de UGT-Galicia.
- Dirixir á Comisión Executiva de UGT-Galicia propostas e suxestións en asuntos de política sindical e organizativa.
- Presentar propostas, tomar posición e establecer reivindicacións sobre cuestións políticas do seu ámbito territorial que afecten aos intereses dos traballadores e traballadoras.

Para tódolos aspectos relacionados coa convocatoria e regulación do Congreso Ordinario ou Extraordinario que non estean expresamente contemplados neste Artigo, aplicarase por analogía o disposto nos Artigos 11, 12, 13 e 14.

### **Artigo 30**

O Comité Comarcal é o órgano supremo da Unión Comarcal entre os Congresos Ordinarios.

O Comité reúnese dúas veces ao ano con carácter ordinario. A Orde do Día das reunións ordinarias así como o Informe de Xestión, cando sexa preceptivo, será posto en coñecemento das persoas membros do Comité con catro semanas de antelación.

Son competencias do Comité, as establecidas no Artigo 18, que se aplicarán por analogía na Unión Comarcal.

O Comité Comarcal componse dun número de membros, sen incluír as persoas membros da Comisión Executiva Comarcal, que será polo menos o triplo de membros que compoñen a Comisión Executiva Comarcal. Cada Congreso Comarcal establecera nos seus estatutos o número total de membros.

Para a regulación do resto de cuestións concernentes ao Comité, aplicarase por analogía o TÍTULO IV.

## Artigo 31

A Comisión Executiva Comarcal é o órgano de dirección permanente da Confederación na Unión Comarcal.

A Comisión Executiva reúne periodicamente e establece un Regulamento de Funcionamento.

Son tarefas e competencias da Comisión Executiva:

- Representar á UGT-Galicia na Unión Comarcal.
- Presentar propostas, tomas de posición e reivindicacións sobre asuntos políticos do seu ámbito territorial, que afecten aos intereses das persoas traballadoras.
- Tratar as tarefas de política sindical e organizativa comúns na Comarca e presentar propostas á UGT de Galicia.
- Levar a efecto as orientacións da Comisión Executiva Confederada e da Comisión Executiva de Galicia.
- Apoiar ás Federacións no cumprimento das súas tarefas.

A Comisión Executiva compoñeráse dun mínimo de cinco membros e dun máximo de nove.

A Unión Comarcal dotarase dun Regulamento en sintonía cos Estatutos da UGT de Galicia, polos que se rexerán con dimensión comarcal.

As Unións Comarcais terán competencias concretas, que recollerán nos Regulamentos da Unión. En función das competencias atribuídas concederanse poderes de representación, configurarase os órganos (Congreso, Comité, Comisión Executiva e Consello) correspondentes a ditos ámbitos organizativos e establecerase a distribución da parte da cota sindical asignada á Unión de Comunidade Autónoma.

As Unións Comarcais que se constituían no ámbito da Unión de Comunidade Autónoma dotaranse dos correspondentes órganos de decisión, dirección e control, que estarán en consonancia co recollido nestes Estatutos.

## TÍTULO VIII

### DAS COTIZACIONES

#### **Artigo 32**

A parte da cota Confederal que corresponde ás Unións Territoriais distribuirase nesta Unión Nacional do seguinte xeito:

Unións Comarcais: 65%

Unión Nacional: 35%

#### **Artigo 33**

As Federacións radicadas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia deberán obrigatoriamente, mediante certificación, notificar á Secretaría de Administración e Finanzas da Comisión Executiva de UGT-Galicia as cotas cobradas á súa afiliación, indicando a que Unión Comarcal corresponde, a fin de dar cumprimento ao artigo anterior.

#### **Artigo 34**

Os afiliados que adeuden máis de seis meses das súas cotas estatutarias e non solicitaran oportunamente un aprazamento, quedarán suspendidos de todos os seus dereitos. A partir de ese momento abrirase un prazo de tres meses, onde a organización competente xestionará a recuperación de eses afiliados, comunicándolles de forma fehaciente que deben poñerse ao día das cotas vencidas e non abonadas. Si non o logra procederá a súa exclusión definitiva, o que conlevará a perda de antigüidade e dereitos no Sindicato a todos os efectos.

## TÍTULO IX

### DA SOLIDARIEDADE

#### Artigo 35

1.- Tódalas organizacións que compoñen a UGT, comprométense a practicar entre si a solidariedade moral e material, facendo tódolos esforzos e sacrificios que as circunstancias permitan, a fin de que da clase traballadora non se vexa obrigada xa ceder nas loitas que provoquen as súas demandas.

As persoas afiliadas que sufran represalias por causa da defensa dos intereses da UGT, serán atendidos polas organizacións ás que pertencen.

2.- Cando unha organización, ao formularse unha acción de loita, prevexa a necesidade de ser axudada por outra cunha acción das mesmas características, antes de comezala, deberá consultar á organización requirida por conduto da Comisión Executiva da Federación e da Unión que correspondan ao seu ámbito de actuación, aos efectos de saber con tempo suficiente se pode contar ou non coa súa solidariedade.

Antes de ser declarada unha folga, a Comisión Executiva da Federación correspondente poderá enviar unha delegación con poderes para resolver o conflito, de acordo coa organización interesada, ou para orientala de modo máis convinte.

3.- En tódolos casos, as organizacións que pretendan declarar folga deberán contar previamente coas Comisións Executivas daquelas outras en que, pola dita circunstancia, puidera producirse o paro forzoso.

Ningunha organización estará obrigada a secundar a outras en folga, se este apoio non foi solicitado polo conduto citado no punto anterior.

4.- Se unha confederación doutro País reclama a colaboración da UGT polo canles internacionalmente establecidos, a Comisión Executiva o poñerá en coñecemento das organizacións afectadas, a fin de que por elas se preste a máxima solidariedade e se leven a cabo as accións axeitadas.

## TÍTULO X

### ADOPCIÓN DE ACORDOS E ELECCIÓN DOS ÓRGANOS DE DIRECCIÓN

#### Artigo 36

1.- Para que os órganos da Organización, a tódolos niveis, poidan adoptar acordos e resolucións e elixir ou destituír persoas, deberá estar presente máis da metade das persoas membros con dereito a voto do órgano correspondente.

Para exercer o dereito a voto será necesario pertencer ao órgano correspondente e, no seu caso, figurar como persoa delegada acreditada e presentar a documentación (D.N.I. e acreditación) que lle identifique como tal.

2.- Mentres nos Estatutos Confederais non se dispoñan outra cousa, para adoptar acordos e resolucións requírese a maioría simple dos votos emitidos. Consideraranse como emitidos os votos válidos, os votos en branco e os votos nulos.

3.- Para a adopción de acordos, enténdese por maioría simple a exercida polas persoas membros de pleno dereito acreditados e presentes en cada momento no órgano correspondente, unha vez que este se constituíu validamente e conte co quórum necesario para tomar acordos. Enténdese por maioría absoluta a exercida pola metade máis unha das persoas membros de pleno dereito acreditados ante o órgano correspondente, nas condicións de validez sinaladas anteriormente.

Cando se esixan outras maiorías cualificadas, os criterios a aplicar serán, por analogía, os sinalados para a maioría absoluta.

O cómputo da maioría absoluta e doutras maiorías cualificadas deberá facerse sobre o número total de membros previsto nos Estatutos correspondentes, incluíndo as vacantes se as houbera.

A base para o cómputo do quórum esixido para a válida constitución dos órganos, para a súa toma de decisións e para elixir ou destituír persoas, determinarase atendendo ao número de compoñentes, debendo entenderse como tal o fixado nos Estatutos ou Resolucións correspondentes, computándose tanto os cargos vacantes como os cubertos.

4.- Para a elección de persoas utilizarase sempre a votación secreta. Ningunha persoa candidata poderá integrar máis dunha lista de candidatura. As candidaturas ás Comisións Executivas e dos órganos de UGT deberán ir acompañadas polas aceptacións das propias persoas candidatas. Así mesmo tódalas candidaturas irán avaladas por, alomenos, o 25% das persoas delegadas acreditados con dereito a voto. Cada delegado/a non poderá avalar máis dunha lista de candidatura.

### **Artigo 37**

Nas eleccións para os órganos de dirección, control e decisión, obrarase como segue:

a) A Comisión Executiva será elixida en Congreso polo sistema maioritario, en votación individual e secreta das persoas delegadas, en listas completas, pechadas e bloqueadas.

A elección farase por maioría simple dos votos válidos emitidos. No caso de concorrencia de listas, o conxunto de postos a cubrir será para a lista máis votada. No caso de empate repetirase a votación.

b) A Comisión de Control elixirase polo mesmo sistema, sendo necesario obter a maioría absoluta dos votos para a súa elección.

c) As persoas membros de pleno dereito do Comité serán elixidos polas persoas delegadas do Congreso da Organización á que representan. O método e as características da elección serán as sinaladas para a elección da Comisión Executiva.

d) As persoas delegadas ao Congreso elixiranse no Congreso da Organización correspondente polo sistema proporcional, en votación individual e secreta das persoas delegadas, en listas completas, pechadas e bloqueadas, debendo incluír, alomenos, un 25% de suplentes como titulares corresponda elixir.

A elección farase pola maioría simple dos votos válidos emitidos. No caso de concorrencia de listas, procederase á asignación de delegados/as a aquelas listas que obteñan, alomenos, o 25% dos votos emitidos, repartindo os postos a cubrir proporcionalmente ao número de votos válidos obtidos por cada lista que alcanzara o mínimo de votos emitidos requirido.

## TÍTULO XI

### DEREITOS E OBRIGAS

#### **Artigo 38**

Son dereitos de tódalas persoas afiliadas os seguintes:

a) O dereito de discusión e crítica sobre posicións políticas propias e alleas, mediante a libre expresión oral ou escrita.

Tanto dentro como fóra do Sindicato, as manifestacións públicas, xuízos de valor e expresión de opinións, exerceranse libre, leal e responsablemente cos límites do respecto á dignidade das persoas, así como ás resolucións e acordos adoptados democraticamente polos órganos do Sindicato no marco das súas competencias.

b) O dereito individual a ser candidato ou elector nos procesos electorais internos, salvo as limitacións sinaladas nos Estatutos exclusivamente por razón de antigüidade na afiliación ou por incompatibilidades, garantindo e respectando os principios democráticos de igualdade e non discriminación. Para exercer este dereito será condición necesaria estar ao corrente na cotización.

c) O dereito ao control político das persoas elixidas e responsables, baseado nunha información veraz, na libre expresión, no respecto ás persoas e na suxeición ás normas internas establecidas ao respecto.

d) O dereito á formación sindical ou técnica que lles permita abordar nas mellores condicións ás tarefas que lles encomende a Organización.

e) O dereito á información sobre as decisións adoptadas polos órganos de dirección, decisión e control do Sindicato e en xeral sobre todas aquelas cuestións que afecten á vida interna da Organización e a súa actividade externa.

f) O dereito ao uso dos medios materiais e humanos da Organización para o cumprimento das súas obrigas e o exercicio dos seus dereitos, coa correspondente autorización dos órganos de dirección correspondentes.

g) O dereito á protección externa polo propio Sindicato fronte aos ataques inxustos e á protección interna mediante a actuación imparcial e equilibrada dos órganos competentes.

h) O dereito aos servizos e prestacións establecidos polo Sindicato, para o que será necesario estar ao corrente na cotización.

i) O dereito á valoración da afiliación como mérito ao concursar para cubrir os postos de traballo remunerados do Sindicato, e en especial, si se trata de postos de libre designación.

j) Dereito á participación na negociación colectiva do seu ámbito conforme aos criterios de participación establecidos pola súa Federación.

### **Artigo 39**

Son deberes de tódalas persoas afiliadas, os seguintes:

a) A defensa dos intereses xerais da Organización, da Declaración de Principios, Programa, Resolucións e Estatutos aprobados polos seus Congresos, así como as resolucións e acordos tomados polos órganos de dirección e control.

Non se poderá pertencer a outra organización sindical allea á UGT, nin se poderá fomentar, formar ou pertencer a tendencias organizadas.

b) A solidariedade material e moral coas demais persoas afiliadas da Organización, así como o respecto ás súas opinións e posicións e ás súas persoas.

c) O acatamento a cantas resolucións se dicten polos órganos competentes da Organización, no marco da súa actividade regulamentaria e conforme á normativa correspondente.

d) Facilitar e favorecer o bo desenvolvemento das organizacións da UGT e dos seus órganos de dirección, decisión e control, así como non impedir, dificultar ou lesionar o exercicio dos dereitos doutras persoas afiliadas.

e) Non exercer abuso de confianza no desempeño das funcións que lles foran encomendadas, e non atribuírse competencias distintas das que lles confiaron.

f) A asistencia activa a cantos actos da vida orgánica e sindical convoque a Organización.

g) A aceptación daqueles cometidos de representación sindical que democraticamente lles sexan requiridos ou executivamente designados, agás circunstancias ou causa xustificada, facendo o uso debido dos dereitos e garantías da representación sindical e colectiva.

h) A aportación dos seus coñecementos a cantos órganos ou institucións do Sindicato que llo demanden, así como a remisión, a través dos cauces orgánicos establecidos, de tanta información posúan en relación coas tarefas de organización.

i) O pago da cota sindical establecida e das cantidades percibidas que correspondan polo exercicio de representación do Sindicato.

j) A cumprir co establecido polos órganos de UGT para a correcta utilización das horas sindicais e no referente a adminis-

tración de ditas horas (cesión, acumulación, bolsas de horas sindicais, etc.) nos ámbitos correspondentes.

k) A esgotar as canles internas do sindicato para resolver conflitos, antes de acudir a vías externas.

## Artigo 40

As persoas afiliadas, as organizacións e os seus órganos de decisión, dirección e control, poderán ser obxecto de sanción cando incorran en actos ou condutas contrarias aos seus deberes e obrigas, especialmente cando:

a. Infrinxan os Principios, Resolucións, Acordos, Estatutos e Normas do Sindicato ou incumpran reiteradamente as instrucións dos seus órganos de dirección.

b. Cometan actos de indisciplina, inxurien, difamen ou calumnien a algunha persoa afiliada.

c. Expresen publicamente as súas opinións en termos irresponsables ou con deslealdade ao Sindicato ou as súas persoas afiliadas.

d. Observen mala conduta cívica ou ética contraria aos Principios que inspiran a UGT.

e. Manteñan actuacións contrarias á participación en folgas convocadas polo Sindicato, con arranxo ao establecido regulamentariamente.

f. Presten o seu apoio ou participación a manifestacións, actos ou calquera outra iniciativa promovida por outras organizacións, que estean expresamente prohibidas polos órganos competentes do Sindicato ou que vaian en contra dos Principios, Resolucións e Acordos do Congreso e Comité Nacional.

g. Se integren nas listas, ou participen como persoas apoderadas ou interventoras doutros Sindicatos ou Grupos, nas eleccións sindicais.

h. Cometan fraude, apropiación indebida ou utilización ou xestión de forma dolosa dos recursos sindicais.

i. Acudan a vías externas á UGT para resolver os conflitos, sen esgotar os canles internos do Sindicato.

### Artigo 41

1. Os actos e condutas punibles, poderán tipificarse como:

- a) Faltas leves.
- b) Faltas menos graves.
- c) Faltas graves.
- d) Faltas moi graves.
- e) Faltas moi graves que prexudiquen notablemente ao Sindicato.
- f) A reiteración da comisión dunha falta no prazo de doce meses consecutivos, suporá o agravamento da falta cometida.

2. A gradación das sancións establécese como segue:

- a) Faltas leves: A Comisión Executiva aperibirá por escrito según o contido da resolución da Comisión de Garantías.
- b) Faltas menos graves: Exclusión da vida orgánica do sindicato e separación de cargos electos e/ou de representación, inhabilitación para ocupar os mesmos por un período de un mes a

doce meses. Si o sancionado ten cargo orgánico quedará suspenso de maneira cautelar do mesmo mentres dura a sanción.

c) Faltas graves: Exclusión da vida orgánica do Sindicato e separación de cargos electos e/ou representación, inhabilitación para ocupar os mesmos nun período de mais de un ano a tres anos.

d) Faltas moi graves: Exclusión da vida orgánica do Sindicato e separación de cargos electos e/ou de representación, inhabilitación para ocupar os mesmos por un período de tres a oito anos.

En todos os casos de exclusión da vida orgánica do Sindicato, non inclúe a asistencia do afiliado a asembleas ou a actos do sindicato de natureza non decisoria.

## **Artigo 42**

Os actos e condutas motivo de sanción prescribirán ao ano de cometerse, agás os de índole económica que o farán no prazo que sinala a lexislación vixente.

Se a sanción se producira por fraude ou malversación de fondos, a Resolución da Comisión de Garantías incluírá a obriga para o sancionado de restituír ao Sindicato as cantidades que foran froito da súa dolosa actuación.

Cando se sancione a unha Organización ou aos seus órganos de dirección, decisión e control, por mor de acordos tomados en contra dos Principios, Resolucións e Acordos da UGT ou dos seus Estatutos, Normas e Regulamentos, a Resolución da Comisión de Garantías incluírá a nulidade dos ditos acordos. Aplicarase a anulación cautelar de acordos cando, sendo estes contrarios aos Estatutos, Normas, Regulamentos e Resolucións de UGT, foran de especial gravidade.

As persoas afiliadas e as Organizacións e os seus órganos de dirección, decisión e control están obrigados a acatar e cumprir as Resolucións das Comisións de Garantías e do Consello de Garantías. No caso contrario serán obxecto de sanción.

As persoas afiliadas expulsadas poderán ser admitidas de novo na Organización baixo petición expresa das mesmas á Comisión Executiva Federal correspondente ou, se é o caso á Comisión Executiva Confederal, poñendo en coñecemento do seu respectivo Comité. Para considerar esta posibilidade a persoa deberá ter cumprido o período de sanción máximo previsto para as faltas moi graves e corrixidos os actos ou condutas polos que se lle sancionou.

A suspensión cautelar de dereitos dos expedientados poderá ser adoptada pola Comisión Executiva Federal ou Confederal, segundo corresponda. Poderase levar a cabo cando ao inicio ou durante a tramitación do expediente disciplinario se desen circunstancias graves que a fixeran necesaria. Só se aplicara para as faltas moi graves que se entenda podan ser sancionadas coa máxima sanción temporal ou coa expulsión do Sindicato.

A suspensión cautelar deberá ser aprobada pola maioría absoluta da Comisión Executiva Federal, que informará por escrito da súa decisión á Comisión de Garantías Federal.

A Comisión Executiva Federal, que tome a decisión de proceder a unha suspensión cautelar, deberán comunicar a súa resolución á Comisión Executiva Confederal que, previamente recabara o preceptivo informe, non vinculante, ao ámbito territorial correspondente, e no prazo de quince días naturais, examinará esta decisión e se pronunciará sobre a mesma.

A Comisión Executiva Confederal poderá decidir, seguindo idéntico procedemento, a suspensión cautelar nos casos que se produzan no ámbito da súa competencia.

## TÍTULO XII

### AS PUBLICACIÓNS DA UGT DE GALICIA

#### Artigo 43

A Unión Xeral de Traballadores de Galicia ten como órgano de expresión a publicación GALICIA LABORAL. A súa periodicidade fixarase pola Comisión Executiva.

A dirección e administración da publicación GALICIA LABORAL son responsabilidade da Comisión Executiva.

## TÍTULO XIII

### DISPOSICIÓN ADICIONAIS

**Primeira.** No ánimo de garantir a máxima independencia e autonomía da organización establécense os seguintes criterios de incompatibilidades:

I.- Será incompatible ocupar cargos de responsabilidade sindical cando se ostente cargos de nivel superior na estrutura orgánico-directiva dunha empresa ou administración pública a excepción das empresas de traballo asociado.

II.- Incorrerá en incompatibilidade con cargos sindicais cando se ostenten cargos de elección política con responsabilidade executiva a nivel provincial ou superior. Os cargos sindicais da Comisión Executiva Nacional da UGT de Galicia non poderán compatibilizarse cos cargos de elección política a nivel local ou comarcal. Os cargos sindicais das Comisiones Executivas das Unións Comarcais poderán compatibilizarse cos cargos de elección política a nivel local ou comarcal, se así o decide o Comité Comarcal de Unión correspondente.

## DISPOSICIÓN XERAIS

### VIXENCIA E REFORMA DOS ESTATUTOS

#### Artigo 44

Os Estatutos de UGT-Galicia poderán modificarse polo Congreso de UGT-Galicia.

As modificacións, para ser aprobadas, deberán obter o respaldo da maioría absoluta das persoas delegadas do Congreso de UGT-Galicia.

As propostas de emenda ao articulado deberán ser coñecidas previamente polas persoas afiliadas, para o que deberán ser formuladas dentro dos prazos establecidos para as emendas, si se trata dun Congreso Ordinario. Tratándose dun Congreso Extraordinario, as propostas de emenda enviaranse as persoas afiliadas xunto á Orde do Día do Congreso.

As modificacións aprobadas que afectan á composición dos órganos de UGT-Galicia serán de aplicación inmediata polo mesmo Congreso que as aprobou. O resto das modificacións aos Estatutos entrarán en vigor unha vez concluído o Congreso.

#### Artigo 45

O funcionamento democrático das Organizacións deberá asegurarse mediante órganos de dirección e control similares aos deseñados nestes Estatutos, que se estruturarán con arreglo aos criterios establecidos nas resolucións congresuais.

Para representar a calquera organización da Unión Xeral de Traballadores de Galicia necesitarase a autorización previa da Comisión Executiva da organización que corresponda.

### **Artigo 46**

No caso de separación da Confederación e/ou desaparición ou anulación dos seus órganos de dirección da UGT de Galicia, o patrimonio e os bens e activos da mesma quedarán a disposición da Confederación e intervidos e administrados pola Comisión Executiva Confederal.

UGT-Galicia ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar podendo adquirir, posuír, reivindicar, permutar, gravar e allear toda clase de bens da súa titularidade, así coma celebrar contratos, obrigarse, interpoñer recursos e exercer as accións para a defensa dos seus intereses e os intereses dos traballadores e traballadoras, de acordo co establecido nas leis e nos presentes estatutos.

### **Artigo 47**

En todo o non especialmente regulado nos presentes Estatutos, estarase ao que dispoñen os Estatutos Confederais da UGT.

### **DISPOSICIÓN DEROGATORIAS**

Os presentes Estatutos substitúen os aprobado no 9º Congreso Nacional celebrado en Santiago de Compostela do 30 de xuño, 1 e 2 de xullo.- Quedan derogadas cantas disposicións, estatutos e regulamentos das organizacións que constitúen UGT-Galicia se opoñan ao establecidos nos presentes Estatutos.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

Os presentes Estatutos entran en vigor unha vez sexan aprobados polo Congreso Nacional, o día seguinte.

Facultase o Secretario Xeral da UGT-Galicia para comparecer ante notario e proceder o outorgamento da correspondente escritura pública, que se recolle no seguinte Anexo I, cumprindo cantas formalidades sexan necesarias.

## TÍTULO XIV

### ESTRUTURACIÓN COMARCAL

A estruturación comarcial de UGT-Galicia queda distribuída do seguinte xeito:

#### **COMARCA DE A CORUÑA**

A Coruña, A Laracha, Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cabana de Bergantiños, Cambre, Carballo, Carral, Cerceda, Cesuras, Coirós, Coristanco, Culleredo, Curtis, Irixoa, Laxe, Malpica de Bergantiños, Miño, Monfero, Oleiros, Oza dos Ríos, Paderne, Ponteceso, Sada, Vilarmaior, e Zas (29 concellos)

#### **COMARCA DE FERROL**

A Capela, Ares, As Pontes de García Rodríguez, As Somozas, Cabanas, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Moeche, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, Pontedeume, San Sadurniño e Valdoviño (19 concellos).

#### **COMARCA DE COMPOSTELA**

ABaña, Ames, Arzúa, Boimorto, Boqueixón, Brión, Dodro, Frades, Melide, Mesía, Negreira, O Pino, Ordes, Oroso, Padrón, Rois, Santa Comba, Santiago de Compostela, Santiso, Sobrado, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vila-santar. (28 concellos).

#### **COMARCA DE BARBANZA**

A Pobra do Caramiñal, Boiro, Lousame, Noia, Porto do Son, Rianxo e Riveira (7 concellos).

### **COMARCA DE CEE**

Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Mazaricos, Muros, Muxía, Outes, e Vimianzo. (11 concellos).

### **COMARCA DE LUGO**

A Fonsagrada, A Pastoriza, Abadín, Antas de Ulla, As Nogais, Baleira, Baralla, Becerreá, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Meira, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, O Corgo, O Páramo, Outeiro de Rei, Pallas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Portomarín, Rábade, Ribeira de Piquín, Samos, Sarria, Triacastela, Vilalba e Xermade (38 Concellos).

### **COMARCA DA COSTA LUCENSE**

A Pontenova, Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, O Valadouro, Ourol, Ribadeo, Riotorto, Trabada, , Viveiro, Vicedo e Xove (16 concellos).

### **COMARCA DE LEMOS**

A Pobra de Brollón, Bóveda, Carballedo, Chantada, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, O Incio, O Saviñao, Pantón, Quiroga, Ribas de Sil, Sober e Taboada (13 concellos).

### **COMARCA DE OURENSE**

A Arnoia, A Bola, A Merca, A Peroxa, Allariz, Amoeiro, Avión, Bande, Baños de Molgas, Barbadás, Beade, Beariz, Boborás, Calvos de Randín, Carballeda de Avia, Cartelle, Castrelo de Miño, Celanova, Cenlle, Coles, Cortegada, Entrimo, Esgos, Gomesende, Leiro, Lobeira, Lobios, Maceda, Maside, Melón, Muíños, Nogueira de Ramuín, O Carballiño,

O Irixo, O Pereiro de Aguiar, Ourense, Paderne de Allariz, Padrenda, Parada de Sil, Piñor, Pontedeiva, Porqueira, Punxín, Quintela de Leirado, Ramirás, Rairiz de Veiga, Ribadavia, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, Taboadela, Toén, Vereia, Vilamarín, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadanedo. (56 concellos).

### **COMARCA DE VERÍN**

A Gudiña, A Mezquita, Baltar, Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Os Blancos, Riós, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Verín, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Vilardevós e Xinzo de Limia (18 concellos).

### **COMARCA DE VALDEORRAS**

A Pobra de Trives, A Rúa, A Teixeira, A Veiga, Carballeda de Valdeorras, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Larouco, Manzaneda, Montederramo, O Barco de Valdeorras, O Bolo, Petín, Rubiá, San Xoán de Río, Viana do Bolo, Vilamartín de Valdeorras e Vilariño de Conso. (18 concellos).

### **COMARCA DE PONTEVEDRA**

A Lama, Barro, Bueu, Campo Lameiro, Cerdedo, Cotobade, Marín, Moraña, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra, Sanxenxo, Soutomaior e Vilaboa (14 concellos).

### **COMARCA DE VIGO**

A Cañiza, A Guarda, Arbo, As Neves, Baiona, Cangas, Covelo, Crecente, Fornelos de Montes, Gondomar, Moaña, Mondariz, Mondariz - Balneario, Mos, Nigrán, O Porriño, O Rosal, Oia, Pazos de Borbén, Ponteáreas, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño, Tui e Vigo. (26 concellos).

### **COMARCA DE AROUSA**

A Illa de Arousa, Caldas de Reis, Cambados, Catoira, Meaño, Meis, O Grove, Pontecesures, Portas, Ribadumia, Valga, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa (13 concellos).

### **COMARCA DO DEZA**

A Estrada, Agolada, Cuntis, Dozón, Forcarei, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces (9 concellos).

## ANEXO I

### **FACULTADES DO/A SECRETARIO/A XERAL DA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES DE GALICIA**

En desenvolvemento do sinalado no Artigo 21.9 dos presentes Estatutos de UGT-Galicia correspóndelle ao/a Secretario/a Xeral da Unión Xeral de Traballadores de Galicia, a representación, nos seus máis amplos termos, da UGT e en consecuencia baixo a antesinatura de UGT ou usando esta denominación, está facultado para exercer en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia as seguintes facultades:

Administrar toda clase de bens e dereitos, tanto presentes como futuros, alugando, arrendando e en xeral contratando baixo calquera forma válida de dereito, pagando e cobrando alugueres, rendas, participacións e en xeral o prezo dos servizos e dos dereitos, rescindindo e resolvendo arrendos e se é o caso, traspasando e consentindo o traspaso de locais de negocios, exercitando ademais as accións que sexan consecuencia destes actos e contratos, incluso a toma de posesión e o lanzamento de desahucio; aceptar e rexeitar revisións de rendas, pagando contribucións, arbitrios e impostos e reclamar contra estes, cando os estime inxustos; contratar empregados e auxiliares, no senso máis amplo da palabra, fixando a súa remuneración e sistema de prestación de traballo; asistir con voz e voto a Xuntas de Propietarios ou comuneiros e, en xeral, reclamar, cobrar, pagar e liquidar contas, solicitando e facilitando facturas de cartas de pago.

Recibir e contestar correspondencia postal, telegráfica ou doutro xénero; retirar e recibir toda clase de pregos de valores declarados, xiros e paquetes das Oficinas de Correos, contratar transportes, retirar de Aduanas e Empresas de Ferrocarrís, de Transportes, de Navegación ou Aéreas, consignacións, envíos ou

mercadorías, facer protestas de avarías e reclamacións, estender e solicitar resgardos, pólizas, liquidacións, declaracións, incluso xuradas, recibos, altas e baixas de contribucións, promover expedientes para a rebaixa dos mesmos e demais cargas fiscais.

Comprar, vender, hipotecar, aceptar donacións e recibir adxudicacións en pago, constituír, modificar, pospoñer, reducir, extinguir e cancelar hipotecas e en xeral adquirir e tomar posesión de toda clase de bens, mobles e inmobles e dereitos.

Tomar diñeiro a préstamo, de calquera persoa xurídica ou física, sexan públicas ou privadas, incluídas toda clase de Entidades de Crédito, a Banca Oficial Privada, Caixas de Aforros, Cooperativas e Banco de España, con toda clase de garantías, incluso hipotecaria ou peñoraticia, podendo formalizar non soamente o contrato ou acto inicial, senón tamén as sucesivas renovacións se procedera, incluso pólizas de créditos ou letras financeiras, podendo fixar toda clase de cláusulas e condicións, incluído o sometemento a fuero, intereses, responsabilidade para custos e gastos, prezos de subastas e calquera outras válidas en dereito.

En calquera Oficina, Axencia ou outra Dependencia de calquera Banco ou Entidade de Crédito, incluídos o Banco de España. Caixas de Aforro e Cooperativas de Crédito, realizar o seguinte:

Abrir, seguir, dispoñer e cancelar contas correntes e de crédito e contas ou libretas de aforro, así como peñorar bens e dereitos. Intervir contas de organismos inferiores, así como xestionalas administrativamente.

Efectuar cobros e pagos, Librar, endosar, aceptar, descontar, cobrar, pagar e protestar letras de cambio, talóns, cheques e outros efectos.

Formalizar e rescindir contratos de arrendamento de Caixas das denominadas de aluguer.

Ceder a favor das ditas Entidades de Crédito como garantía de operacións de crédito as subvencións públicas.

Comparecer diante de toda clase de Oficinas, Centros, Dependencias e Organismos, xa sexan do Estado, da Provincia, do Concello ou calquera outras de carácter público, aínda que teña personalidade autónoma, así como diante de particulares, sexan persoas xurídicas ou físicas e diante dos Xulgados, Tribunais e Maxistraturas, calquera que sexan a súa clase e xurisdición, e tódolos asuntos contenciosos ou voluntarios, en tódolos seus trámites e instancias, incidentes e recursos, ordinarios e extraordinarios, incluso casación e revisión, podendo igualmente practicar dilixencias de carácter civil como penal, incluídas a denuncia e querela.

Poderá desistir de accións entaboadas e, se é o caso, avirse ás que entaboen terceiras persoas, someterse a fuero e pedir a execución do convido ou sentenciado; absolver posicións e prestar confesión xudicial; tamén poderá aprobar convenios en suspensións de pagos e quebras.

Outorgar poderes xerais para pleitos a favor de Letrados, Procuradores ou persoas da súa confianza, na representación que ostenta.

Proceder á constitución, suscripción, desembolso e cantos actos xurídicos ou administrativos se precisen, para a constitución de toda clase de Sociedades, mercantís ou de calquera outro tipo, asociacións ou fundacións sexa cal sexa o seu réxime xurídico, na contía e condicións que estime oportuno, subscribindo coas máis amplas facultades os Estatutos Sociais e Xuntas Fundacionais; representar á mandante con toda amplitude, asistindo a xuntas con voz e voto e tomando os oportunos acordos, e, cando os considere lesivos, os recorra polos medios permitidos en Dereito; acepte para a mandante toda clase de cargos e no seu nome os exercite sen limitación algunha, facendo o nomeamento de car-

gos cando proceda e, en suma, faga canto sexa preciso para a boa marcha da Entidade.

Constituír toda clase de fianzas, avais e depósitos, afianzar e avalar a terceiros. E a tódolos efectos outorgar e asinar cantos documentos públicos e privados sexan ou consideren precisos.

Especialmente se lle faculta para substituír as facultades anteriormente conferidas en todo ou parte, revocar as substitucións e conferir outras de novo.

---

## **NORMATIVA INTERNA**

---



# 1.- ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN, DIRECCIÓN E CONTROL

## 1.A.- O CONGRESO. NORMAS XERAIS

### SECCIÓN PRIMEIRA

#### **Natureza e funcións**

##### **Artigo 1**

O Congreso é o órgano supremo da Organización. Establece as políticas a desenvolver e as tarefas a levar a cabo por UGT, valora a Xestión dos órganos que elixe (Comisión Executiva, Comité e Comisión de Control), e toma postura sobre a mesma.

Elixo os órganos de dirección e control da Organización e a súa representación no Comité Confederal.

### SECCIÓN SEGUNDA

#### **Convocatoria e prazos para a celebración do Congreso**

##### **Artigo 2**

Os congresos deben ser convocados polo Comité correspondente. Se non houbera Comité constituído, o Congreso será convocado pola Comisión Executiva de ámbito superior, que supervisará o proceso.

##### **Artigo 3**

Entre a convocatoria do Congreso e a súa celebración debe mediar o tempo suficiente, polo menos seis semanas, para que

se produza o proceso de congresos nos ámbitos inferiores da organización correspondente.

#### **Artigo 4**

Os Congresos, dentro dos procesos de Congresos onde se elixan delegados e delegadas para un Congreso de ámbito superior, celebraranse con, polo menos, tres días de antelación o mesmo e ata unha semana antes da data establecida para o inicio do Congreso principal.

#### **Artigo 5**

1. Os Congresos Ordinarios das Unións, a tódolos niveis, celebraranse cada catro anos, dentro dos tres meses seguintes á celebración do Congreso Nacional Ordinario de UGT.

2.- En todo caso, respectarase o prazo de dúas semanas entre o Congreso Nacional e os Congresos das Unións co obxecto de proceder a constituír os órganos elixidos polo Congreso Nacional e axeitar as Propostas de Resolución dos Congresos de Unións ás Resolúcións tomadas polo Congreso Nacional.

### **SECCIÓN TERCEIRA**

#### **Asignación de delegados/as ás organizacións que concurran a un Congreso**

#### **Artigo 6**

1. O Comité que convoque o Congreso fixará o número de delegados/as que o compoñen. Non é obrigatorio asignar un número mínimo de delegados/as para cada organización convocada ao Congreso, xa que a obtención de delegados/as polas diferentes listas que puideran presentarse, está suxeita a que o número de delegados/as a elixir así o permita.

2. Nos Congresos para a elección de delegados/as a Congresos de ámbito superior, o número de delegados/as de pleno de-

reito que compoñen o Congreso será de, polo menos, dúas veces o número de delegados/as a elixir.

### **Artigo 7**

1. O Congreso está composto de delegados/as elixidos polas Federacións e as Unións. Cada organización convocada ao Congreso disporá dun número de delegados/as en proporción directa ás cotas pagadas por aquelas ao Servizo Confederal Administrativo, segundo a Certificación emitida por este organismo. En todo caso garantirase a representación dunha persoa delegada por cada unha das organizacións convocadas ao Congreso que non obtiveran representación na asignación proporcional de delegados/as.

## **SECCIÓN CUARTA**

### **Presentación de listas, votación e atribución de delegados/as**

### **Artigo 8**

As persoas delegadas elixiranse democraticamente no Congreso correspondente. Terán a condición de elixibles como delegados e delegadas as persoas afiliadas que acrediten na data de elección, polo menos, dous anos de afiliación ininterrompida á UGT e estar ao corrente de pago da súa cota sindical.

### **Artigo 9**

1. Co obxecto de avanzar na participación igualitaria de afiliados e afiliadas en tódalas tarefas do Sindicato, as listas de delegados/as aos Congresos estarán compostas por homes e mulleres, colocados na orde que garanta a elección do número estipulado de persoas dun e outro sexo.

2. As Federacións e Unións deberán presentar, nos seus Congresos, listas cun número de delegados e delegadas equivalente a porcentaxe de afiliados e afiliadas cos que contan. En

todo caso, garantirase unha presenza mínima do 40% de candidatos candidatas en postos de saída para cada sexo, naquelas organizacións que acaden ou excedan a dita porcentaxe.

### **Artigo 10**

Nos congresos terán dereito a voz e voto as persoas delegadas elixidas. As persoas membros da Comisión Executiva e da Comisión de Control da organización que celebra o Congreso non poderá ser elixidas como delegados e delegadas ao seu propio Congreso. Non obstante, serán acreditadas como persoas membros do Congreso e terán dereito a voz no mesmo e a ser elixibles como persoas delegadas a Congresos de ámbito superior sempre que reúnan as condicións esixidas.

### **Artigo 11**

1. Cada lista conterá tantas candidaturas como postos a cubrir e un número de persoas suplentes equivalente ao vinte e cinco por cento das persoas delegadas titulares. Deberá avalarse polo vinte e cinco por cento das persoas delegadas con dereito a voto. Cada delegado e delegada poderá avalar unha soa lista. Cando unha persoa delegada avale máis dunha lista, o seu aval considerarase nulo en todas aquelas nas que figure. Se este suposto producira a falla de avais suficientes, a Mesa do Congreso dará a oportunidade á candidatura de conseguir os avais que necesite.

2. A Mesa do Congreso deberá comprobar que cada lista reúne os requisitos esixidos, antes de proceder a proclamar as listas aceptadas.

3. No caso de que se proclame máis dunha lista, poderán optar ao reparto de delegados/as aquelas listas que obteñan, como mínimo, o vinte e cinco por cento dos votos emitidos.

### **Artigo 12**

1. A elección das persoas delegadas farase en votación secreta, independentemente de que se presenten unha ou varias lis-

tas, polo sistema proporcional en listas completas, pechadas e bloqueadas.

2. Unha vez realizada a votación, a Mesa do Congreso asistida por unha persoa representante de cada lista proclamada, procederá ao escrutinio dos votos.

3. En primeiro lugar establecerá o número de votos emitidos, que será a suma dos votos válidos ás listas máis os votos nulos e os votos en branco. A continuación, verificarase que listas cumpren co requisito de obter o vinte e cinco por cento como mínimo dos votos emitidos. Finalmente, procederá á asignación das persoas delegadas a elixir, repartíndoos proporcionalmente ao número de votos válidos obtidos por cada lista que acadara o mínimo de votos emitidos requirido. Para o caso de empate, o/a delegado/a asignarase á candidatura máis votada entre as que teñan obtido o mesmo resto. De persistir o empate, o/a delegado/a asignarase a persoa candidata con maior antigüidade no Sindicato.

## **SECCIÓN QUINTA**

### **Acreditación de delegados/as ao Congreso e reclamacións**

#### **Artigo 13**

O/a Presidente/a e o/a Secretario/a de Actas do Congreso que elixa ás persoas delegadas ao Congreso de ámbito superior, deberán certificar a través da “Acta de Elección de Delegados/as”, quen foron as persoas delegadas titulares e as suplentes.

#### **.Artigo 14**

1. A Acta de Elección aterase ao modelo regulamentario. Deberán cubrirse tódolos datos requiridos e será asinada pola persoa que ostenta a Presidencia e o/a Secretario/a de Actas do Congreso correspondente.

2. A Acta de Elección cumprimentarase pola Comisión Executiva da organización que celebre o Congreso e enviarase inmediatamente, por correo certificado con acuse de recibo, ou outro medio que garanta a súa entrega, á Comisión Executiva que convoca o Congreso principal. En caso de que non houbera garantías de que a Acta de Elección chegara a tempo por correo, entregarase esta en man á persoa destinataria, dentro das datas previstas no calendario de Congresos.

### **Artigo 15**

1. Xunto coa Acta de Elección, achegaranse as reclamacións existentes contra a elección de delegados/as, que estarán suficientemente detalladas e motivadas.

2. As reclamacións, para ter validez, deberán presentarse ante a Mesa do Congreso que se impugna. A Mesa deberá facerse cargo dos escritos de impugnación, rexístralos na Acta do Congreso e entregalos, para o seu trámite, á Comisión Executiva.

### **Artigo 16**

1. A substitución dunha persoa delegada titular deberá comunicarse mediante escrito motivado, achegándose a renuncia expresa e asinada pola persoa delegada substituída, que deberá ser suplido polo seguinte en orde e mesmo sexo da mesma lista que o/a delegado/a titular. As ausencias dun membro titular serán cubertas automaticamente empezando polo primeiro en orden e mesmo sexo da relación de suplentes.

2. A renuncia enviarase coa máxima antelación posible, pola Comisión Executiva da organización que o elixiu, á Comisión Executiva da organización que celebra o Congreso. A substitución poderá ser realizada ata o momento en que sexan acreditadas as persoas delegadas pola Comisión de Verificación de Credenciais.

## **ANEXO**

ACTA DE ELECCIÓN DE DELEGADOS/AS AO \_\_\_\_\_  
CONGRESO A CELEBRAR EN \_\_\_\_\_ DO \_\_\_\_ AO \_\_\_\_  
DE \_\_\_\_\_.

O/A presidente/a, (1) \_\_\_\_\_  
e o/a Secretario/a de Actas, (1) \_\_\_\_\_,  
do Congreso \_\_\_\_\_  
da (2) \_\_\_\_\_, celebrado en (3) \_\_\_\_\_  
o día \_\_\_\_\_ do mes de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_,

## **CERTIFICAN**

A elección democrática de (4)\_ afiliados/as como Delegados/as  
Titulares ao \_\_\_\_\_ CONGRESO (2) \_\_\_\_\_, e de (4)  
\_\_\_\_ Suplentes, que corresponden a esta Organización, se-  
gundo a relación que se detalla no Anexo que é parte integrante  
desta Certificación, que se asina e sela en tódalas súas páxi-  
nas.

O Presidente (1)  
Sinatura

O Secretario/a de Actas (1)  
Sinatura

- (1) Nome e Apellidos
- (2) Denominación da Federación ou Unión.
- (3) Cidade.
- (4) Especifica-lo número de Delegados/as elixidos



## 1.B. REGULAMENTO DE CONGRESOS

### SECCIÓN PRIMEIRA

#### Da Orde do Día e as Delegacións ao Congreso

##### **Artigo 1**

1. O Congreso é o órgano supremo da Organización. A súa convocatoria, composición e tarefas ateranse ao establecido nos Estatutos.

2. O Congreso só tratará os asuntos que figuren na Orde do Día e debaterá as propostas recollidas nos Documentos de Traballo e as emendas aos mesmos, sempre que non foran rexeitadas por este., Non obstante, consignarase un punto de proposicións urxentes que, se así se estiman previamente polo Congreso, poderán debaterse polo mesmo.

##### **Artigo 2**

1. Cada organización –Federacións e Unións- convocada ao Congreso configurará unha Delegación cos/as delegados/as que lle correspondan. Cada Delegación elixirá unha persoa voceira para participar no Congreso.

2. Poderá facer uso da palabra no Pleno do Congreso:

- a) A persoa voceira dunha Delegación.
- b) Calquera persoa membro dunha Delegación, se o apoia por escrito, polo menos, un vinte e cinco por cento da súa Delegación.
- c) Calquera delegado/a do Congreso, se o apoia por escrito, polo menos, o dez por cento dos/as delegados/as ao Congreso.

## **SECCIÓN SEGUNDA**

### **Acreditación de Delegados/as e Constitución do Congreso**

#### **Artigo 3**

1. A Comisión Executiva constituirá unha Comisión de Verificación de Credenciais. Estará composta por cinco membros: dous en representación da Comisión Executiva e tres elixidos polo Comité que convocara o Congreso.

Nos Congresos de ámbito inferior, a Comisión de Verificación de credenciais poderase compoñer de tres membros: un ou unha en representación da Comisión executiva e dous/dúas elixidos ou elixidas no Comité que convocou o Congreso.

2. A Comisión de Verificación de Credenciais, iniciará as súas tarefas de acreditación de delegados/as vinte e catro horas antes da sinalada para o inicio do Congreso. A acreditación farase individualmente a cada delegado/a, que asinará o recibín da súa acreditación. Será necesaria a presentación do Documento Nacional de Identidade ou documento oficial identificativo para acreditarse.

3. A Comisión de Verificación de Credenciais comprobará os documentos que avalen a elección democrática dos/as delegados/as e si estes cumpren os requisitos establecidos nos Estatutos. En caso de incumprimento do artigo 3.4 dos Estatutos Confederais, a Comisión de Verificación de Credenciais só acreditará o número de delegados/as que faga cumprir a unha Delegación os requisitos do dito artigo, independentemente do número de delegados/as que tivera asignado, comezando por eliminar os/as elixidos/as no último lugar. Examinará as posibles reclamacións existentes contra a elección dos/as delegados/as. Tratará exclusivamente aquelas impugnacións relacionadas directamente cos congresos das organizacións convocadas ao Congreso principal. Só admitirá a trámite as impugnacións efectuadas regulamentariamente ante a Mesa do Congreso que se impugna.

#### Artigo 4

1 A Comisión de Verificación de Credenciais tratará de resolver as impugnacións presentadas. De non ser posible, trasladará o caso á Mesa do Congreso que decidirá, en última instancia, as medidas a adoptar.

2. A Comisión de Verificación de Credenciais elaborará un ditame que recolla o número persoas delegadas acreditadas e a porcentaxe que representa sobre total de delegados/as que compoñen o Congreso. A través dun ou dunha dous seus membros informará ás persoas delegadas reunidas mediante o primeiro ditame, que se emitirá en cando se acadara a maioría requirida para constituír o Congreso. Emitirá un segundo ditame inmediatamente antes de que se procede a votar a Xestión, e un terceiro e último ditame antes de que se inicie a elección dos órganos e cargos a elixir polo Congreso.

#### Artigo 5

1. O Congreso poderá constituírse en primeira convocatoria, de acordo co horario establecido, cando se acreditan a maioría absoluta dos/as delegados/as con dereito a voto. Se á hora sinalada para o seu comezo non se houberse acreditado aínda a maioría requirida, anunciarase unha segunda convocatoria para dúas horas máis tarde.

2. Se transcorrido o prazo non se acadara aínda a maioría necesaria, o Congreso aprazarase vinte e catro horas. Se ao termo das mesmas non se conseguiu a acreditación da metade máis un dos/as delegados/as con dereito a voto, o Congreso deberá convocarse de novo dentro dos prazos establecidos para o Congreso Extraordinario.

#### Artigo 6

1. Conseguida a maioría necesaria para constituír o Congreso, a Comisión Executiva procederá á súa apertura e, acto seguido, á solicitude de propostas para a composición da Mesa do Con-

greso. As candidaturas á Mesa do Congreso serán completas, pechadas e bloqueadas.

2. Cando exista unha soa candidatura, a elección farase por asentimento ou en votación ordinaria se así o solicita calquera delegado/a. Si se presentan varias candidaturas utilizarase a votación ordinaria para resolver as diferentes alternativas. O conxunto de postos da Mesa será para a candidatura máis votada. En caso de empate repetirase a votación.

## **SECCIÓN TERCEIRA**

### **Da Mesa do Congreso**

#### **Artigo 7**

1. A Mesa do Congreso compoñerase de cinco membros: Presidente, Vicepresidente, Secretario/a de Actas, Secretario/a de Palabra e Vicesecretario/a.

Nos congresos de ámbito inferior, a Mesa do Congreso poderá compoñerse de tres membros: Presidente ou Presidenta, Secretario o Secretaria de Actas e Secretario o Secretaria de Palabra

2. A súa misión consiste en dirixir as tarefas do Congreso e ordenar o debate e a discusión dos asuntos contidos na Orde do Día. Tomará os acordos por maioría simple das persoas membros. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da Persoa que ostente a Presidencia.

#### **Artigo 8**

1. A persoa que ostente a Presidencia, no nome da Mesa e co seu asesoramento se fose necesario, autorizará o uso da palabra polo tempo fixado e a suspenderá cando o orador non se axuste á orde do día, ao asunto en discusión ou se manifeste de maneira non axeitada.

2. A Mesa, a través da persoa que ostente a presidencia, poderá penalizar a un delegado ou unha delegada que se manifeste de xeito improcedente ou non observe as regras de disciplina, suspendéndolle o uso da palabra durante unha ou varias sesións, chegando, se é necesario para salvagardar a orde, a súa expulsión da sala.

### **Artigo 9**

1. O/a Secretario/a de actas recollerá os incidentes dignos de mención, así como todas as propostas concretas xunto coa Delegación e o/a delegado/a que as presenta e un resumo das intervencións a favor ou en contra destas. Rexistrará a clase de votacións producidas sinalando os votos a favor, en contra, e as abstencións, e a unanimidade ou o asentimento cando o houbese.

2. As actas deberán ser aprobadas pola Mesa, asinadas pola persoa que ostente a presidencia e a Secretaría de Actas, e entregadas á Comisión Executiva para o cumprimento dos acordos adoptados e o seu arquivo.

### **Artigo 10**

1. Cando teña que ausentarse da Mesa, o Presidente será substituído pola persoa que ostente a Vicepresidencia e a persoa que ostente a Secretaría de Actas e a Secretaría de Palabra pola que ostente a Vicepresidencia.

Nos congresos de ámbito inferior, cando a Mesa estea composta por tres, só poderán ausentarse un membro que será substituído por calquera dos outros.

2. Cando as persoas membros da Mesa desexen intervir nos debates, estarán obrigadas a indicalo ao abrirse a correspondente quenda de palabras, axustándose ás mesmas regras que as persoas delegadas.

### Artigo 11

1. A Mesa elaborará o plan de traballo de cada sesión, a partir da primeira xornada, de acordo coa Orde do Día do Congreso e os criterios establecidos polo Comité que o convocou.

2. Ao final de cada xornada reunirse a Mesa para establecer o plan de traballo da seguinte sesión, que só poderá ser modificado por decisión maioritaria do Congreso, orixinada pola presentación dunha cuestión previa que se debaterá cunha quenda a favor e outro en contra, se así o estima o/a Presidente/a.

3. A Mesa será asistida pola Comisión Executiva cantas veces sexa necesario e así o requira.

A Comisión Executiva aportará os medios técnicos e humanos necesarios para recoller con todo detalle e amplitude as deliberacións do Congreso e facilitar as tarefas do mesmo.

## SECCIÓN CUARTA

### Dos Debates en xeral

### Artigo 12

1. Corresponde á Mesa do Congreso dirixir os debates. Antes de comezar o debate, a Mesa anotará tódalas peticións de palabra e, tendo en conta o seu número, fixará o tempo que concede a cada orador. En todo caso, cando o/a Presidente/a entenda que unha proposta ou exposición pode entrañar un excesivo número de intervencións, restrinxirá estas, establecendo un máximo de tres quendas a favor e outras tantas en contra, limitando o tempo concedido a cada orador.

2. Nos debates, o que fora contradito nas súas argumentacións por outro/a orador/a, terá dereito a replicar ou rectificar unha soa vez por un tempo máximo de cinco minutos. A rectificación debe limitarse a aclarar conceptos mal entendidos ou mal interpretados e nunca para aportar novos argumentos.

3. Cando no desenvolvemento dos debates se fixeran alusións que impliquen xuízo de valor ou inexactitudes sobre a persoa ou a conduta dun/ha delegado/a, o Presidente poderá conceder ao aludido o uso da palabra por tempo non superior a cinco minutos para que, sen entrar no fondo do debate, conteste exclusivamente ás alusións realizadas.

4. En todos os debates de Pleno e Comisión, as e os membros da Comisión Executiva poderán intervir sen consumir quenda, sen prexuízo das facultades que, para a ordenación dos debates, corresponda á persoa que ostente a presidencia da respectiva mesa.

### Artigo 13

1. Durante os debates, os/as delegados/as poderán solicitar a palabra para formular as cuestións incidentais seguintes:

a) Cuestión de Orde. Obterase preferentemente. Utilízase para esixir que se respecte a orde lóxica e cronolóxica dos debates, no marco dos temas contidos na Orde do Día e do procedemento establecido para as sesións pola Mesa. Así mesmo servirá para propoñer unha orde lóxica cando as incidencias do debate así o aconsellen. A Mesa decidirá en calquera caso.

b) Cuestión Previa. Utilízase para solventar unha cuestión que, a xuízo da persoa solicitante, puidera resultar determinante para o resto do debate. Sobre esta Cuestión poderase conceder unha quenda a favor e outra en contra, seguido dunha votación que decida o tema, cando así o considere oportuno o/a Presidente/a.

c) Cuestión Regulamentaria. Vai dirixida a solicitar a observancia do Regulamento. A persoa solicitante deberá citar o artigo sobre o que reclama a súa aplicación. Esta cuestión non xerará debate ningún, debendo acatarse a resolución que o/a Presidente/a adopte á vista da alegación realizada.

## SECCIÓN QUINTA

### Das Votacións

#### Artigo 14

1. O Congreso tomará os seus acordos con arranxo a un dos procedementos seguintes:

- a) Por asentimento, á proposta do/a Presidente/a.
- b) En votación ordinaria.
- c) En votación secreta.

2. Agás que polos Estatutos ou por este Regulamento se requira quórum ou maioría especial, os acordos adoptaranse pola maioría simple dos/as delegados/as presentes con dereito a voto, sempre que estean a metade máis un das persoas membros que integren o Pleno ou a Comisión.

3. Poderá solicitarse por calquera persoa delegada a comprobación de quórum antes do comezo de cada votación. Unha vez iniciada esta, a validez do acordo non poderá impugnarse calquera que fora o número de votantes.

4. Iniciada a votación ningunha persoa delegada poderá entrar ou ausentarse da sala ata que finalice a emisión do sufraxio. As votacións non poderán interromperse por causa ningunha, nin se concederá a palabra a ningún asistente.

#### Artigo 15

1. Entenderanse aprobadas por asentimento as propostas que faga o/a Presidente/a, ou que por encargo seu formule a Mesa, cando unha vez anunciadas, non se suscite reparo ou oposición a elas.

### **Artigo 16**

1. A votación ordinaria verificarase por decisión do/a Presidente/a, de acordo coa Mesa. Para este tipo de votación, solicitarase primeiro os que votan a favor, despois os que votan en contra e, finalmente, os que se absteñen.

2. A Mesa poderá ser auxiliada por un servizo de sala, para o recuento dos votos.

### **Artigo 17**

1. A votación será secreta nas Comisións ou no Pleno cando así o solicite un terzo dos/as delegados/as acreditados con dereito a voto. No caso da Comisión deberán estar inscritos na mesma.

2. En todo caso, empregarase a votación secreta para a elección da Comisión Executiva e da Comisión de Control. Así mesmo, utilizarase este tipo de votación para a elección de cargos electos ou de representación, que deba efectuar o Congreso.

3. Os responsables da organización do Congreso facilitarán á Mesa as urnas, sobres, papeletas e cabinas, que garanten a confidencialidade do voto.

## **SECCIÓN SEXTA**

### **Da Xestións dos Órganos ao Congreso**

### **Artigo 18**

1. O Congreso recibe os Informes de Xestión da Comisión Executiva, do Comité e da Comisión de Control para a súa análise e decisión sobre os mesmos.

2. O Informe de Xestión, que deberá estar en poder dos/as delegados/as elixidos, darase por lido. No nome da Comisión Executiva, o seu Secretario/a Xeral ampliará oralmente o dito Informe de Xestión. Por parte dos demais órganos intervirá o seu respectivo portavoz.

### Artigo 19

1. As Delegacións que desexen intervir na análise das actividades desenvolvidas no período de xestión deberán solicitalo á Mesa, facendo constar os/as delegados/as que intervirán e os seus datos da acreditación. Indicarán tamén a qué órgano se referirán na súa intervención, e se esta remitirase ao conxunto da xestión ou a unha parte específica da mesma, debendo indicar a cal neste último caso.

2. Poderán intervir no debate da Xestión a persoa portavoz de cada Delegación e aquelas persoas delegadas que estean avalados por escrito, polo menos, polo vinte e cinco por cento das persoas membros da súa Delegación. Os/as delegados/as que vaian a intervir por unha Delegación repartiranse o tempo concedido en proporción á súa representación na mesma.

3. A Mesa establecerá unha soa quenda de intervencións con dereito a rectificación. A duración máxima de cada intervención será de dez minutos, axustándose o tempo concedido a cada Delegación en función do número de intervencións solicitadas.

4. Na quenda de réplica, só intervirán os membros dos órganos que presentan Xestión e os/as delegados/as que aqueles puideran determinar.

### Artigo 20

1. Concluído o debate, a Mesa someterá a votación ordinaria e por separado a Xestión da Comisión Executiva, do Comité e da Comisión de Control.

2. No caso de que se solicite votación sobre un aspecto concreto da Xestión, procederase a efectualala sen que isto dea lugar a un novo debate. A dita solicitude deberá estar avalada por escrito polo menos, polo vinte e cinco, por cento dos/as delegados/as do Congreso.

## SECCIÓN SÉTIMA

### **Do Debate das Propostas ao Congreso**

#### **Artigo 21**

1. O Congreso traballa en Comisión e en Pleno nos Congresos de Federaci3ns Estatais e as Uni3ns de Comunidade Aut3noma. Nos Congresos de 3mbito inferior, os traballos do Congreso poder3n debaterse en Pleno directamente.

2. Unha vez constitu3da a Mesa do Congreso, esta proceder3 a sinalar as Comisi3ns de Traballo previstas para tratar os Documentos de Traballo e declarar3 aberto o prazo de inscri3n nas mesmas.

3. Cada unha das Comisi3ns constituirase con, polo menos, o dez por cento dos/as delegados/as. Se non se acadara o dito n3mero de delegados/as inscritos procederase a unificar as Comisi3ns afectadas.

4. As Federaci3ns e as Uni3ns distribuir3n as persoas membros das s3as Delegaci3ns proporcionalmente entre as distintas Comisi3ns. Cada delegado/a s3 poder3 inscribirse nunha Comisi3n, non podendo participar nos seus debates quen non estea inscrito nela.

#### **Artigo 22**

1. Co obxecto de defender os Documentos de Traballo, a Comisi3n Executiva nomear3 ata cinco Poñentes por Comisi3n, que deber3n ter a condici3n de delegados/as ao Congreso.

2. A Comisi3n Executiva est3 representada en cada Comisi3n, polo menos, por unha persoa dos seus membros.

#### **Artigo 23**

1. Antes de proceder 3 constituci3n das Comisi3ns de Traballo, a Mesa do Congreso haber3 de someter ao Pleno as emendas 3 totalidade.

2. Para cada emenda á totalidade a Mesa establecerá unha quenda a favor e outro en contra, cun máximo de quince minutos para cada un, someténdoa seguidamente a votación ordinaria.

3. Se a emenda á totalidade é aprobada servirá de base de discusión na Comisión, podéndose presentar emendas “in voce” segundo se vaian examinando os apartados da mesma. Neste caso, exercerán como Poñentes as persoas que presentaron a dita emenda.

### **Artigo 24**

1. A Mesa do Congreso constituirá cada unha das Comisiones, previa constatación das persoas delegadas inscritas nela. Unha vez constituída, a persoa representante da Mesa do Congreso solicitará propostas para a elección da Mesa da Comisión que estará composta por tres membros: Presidente/a, Secretario/a de Actas e Secretario/a de Palabra, e a súa misión será dirixir os debates da Comisión.

2. A Mesa da Comisión é elixida en votación ordinaria e, para a súa elección, competencias e funcionamento, estarase, por analogía, ao disposto no presente Regulamento para a Mesa do Congreso.

### **Artigo 25**

1. Cada Comisión examinará os Capítulos dos Documentos de Traballo que lle sexan asignados, xunto coas emendas que lles correspondan.

2. A Comisión dará comezo as súas tarefas cun breve informe, a cargo dos e das Poñentes, sobre os Documentos de Traballo a tratar na Comisión. A continuación, a Mesa examinará o texto ordenadamente, apartado por apartado ou artigo por artigo.

3. A Mesa someterá a discusión as emendas ao apartado ou ao artigo comezando polas de supresión, despois as de modifi-

cación e finalmente as de adición, establecendo ata tres quendas a favor e outros tantos en contra por cada unha das emendas e limitando o tempo das persoas intervinientes. Poderán facer uso da palabra as persoas emendantes e os membros da Comisión.

4. Rematada a discusión dun apartado ou dun artigo, a persoa que ostente a Presidencia someterá a votación as emendas ao mesmo pola orde de maior a menor afastamento do texto emendado, solicitando os votos a favor, os votos en contra e as abstencións. Os apartados ou os artigos que non tiveran emendas pasaranse, sen debate, directamente a votación. Concluídos os debates da Comisión, votarase o texto final do ditame que incorporará as emendas aprobadas.

## **Artigo 26**

1. Unicamente debateranse as emendas que foran presentadas en tempo e forma polas organizacións e órganos competentes para isto.

2. Non obstante, durante o debate, a Mesa poderá admitir emendas que teñan por finalidade emendar erros ou incorreccións técnicas, terminolóxicas ou gramaticais. Así mesmo, poderán admitirse emendas de transacción que tendan a acadar un acordo entre as emendas xa formuladas e o texto dos Documentos de Traballo, sempre e cando o acepten tanto a persoa poñente como o emendante, supoñendo, en caso de aceptación, a retirada das emendas respecto das que se transixe.

3. A efectos do debate e posterior votación, as emendas de transacción terán o mesmo tratamento que o resto das emendas. Cando o poñente asuma directamente unha emenda, esta deberá ser votada para decidir a súa incorporación ao texto do ditame.

4. As emendas rexeitadas pola Comisión pero que obtiveran, polo menos, un vinte e cinco por cento dos votos, poderán ser mantidas polas persoas emendantes para o seu debate no Pleno do

Congreso. A estes efectos, as persoas emendantes solicitarano por escrito á Mesa da Comisión ao remate dos debates, indicando as emendas que se manteñen e quen as defenderá ante o Pleno.

5. Así mesmo, a Ponencia poderá manter ante o Pleno do Congreso o texto dos Documentos de Traballo que fora emendado na Comisión. Neste caso, as e os Poñentes deberán comunicalo á Mesa da Comisión indicando o texto a manter.

### **Artigo 27**

1. A Mesa da Comisión, no prazo máis breve posible, facilitará á Mesa do Congreso o ditame da Comisión xunto coas emendas que se manteñan para o debate no Pleno e os nomes das persoas encargadas de defendelas. Toda esta documentación estará asinada pola persoa que ostente a Presidencia e o/a Secretario/a de Actas da Mesa da Comisión.

2. O ditame da Comisión xunto coas emendas mantidas será posta a disposición dos/as delegados/as coa antelación suficiente para que estes poidan pronunciarse con coñecemento de causa no Pleno do Congreso.

### **Artigo 28**

O Congreso establecerá unha Comisión de Traballo específica para tratar sobre as emendas presentadas aos Estatutos. O seu funcionamento será análogo ao do resto das Comisións de Traballo.

2. Esta Comisión constituirase co dez por cento dos/as delegados/as ao Congreso. Estará composta por delegados/as de cada unha das Delegacións, proporcionalmente a súa representación no Congreso. Cada Delegación terá dereito a unha persoa membro nesta Comisión de Traballo. A Comisión Executiva estará representada polo menos, por unha persoa dos seus membros.

3. A Comisión examinará as emendas e pronunciarase sobre as mesmas. Elaborará un Ditame co texto das emendas asumi-

das que será presentado ao Pleno do Congreso para a súa aprobación.

4. As emendas que non foran asumidas pola Comisión poderán presentarse polas persoas emendantes ao Pleno do Congreso sempre que obtiveran, polo menos, un vinte e cinco por cento dos votos favorables dos/as delegados/as que constitúen a Comisión

### **Artigo 29**

1. A Mesa do Congreso enviará ao Pleno o ditame de cada unha das Comisións de Traballo para a súa aprobación.

2. A Mesa concederá a palabra á persoa ou persoas poñentes encargados de defender o ditame da Comisión de Traballo, que expoñerá un resumo da mesma. A continuación, e se non houbera emendas, o/a Presidente/a someterá ao Pleno do Congreso a aprobación do ditame da Comisión.

### **Artigo 30**

1. Si se mantiveran emendas ao ditame da Comisión, o/a Presidente/a abrirá un debate, poñendo a discusión as emendas, comezando, respectivamente, polas de supresión, modificación e adición.

2. A Mesa establecerá ata tres quendas a favor e outras tantas en contra, segundo a importancia do asunto a debater, limitando o tempo de cada intervención que non poderá exceder de dez minutos.

3. A favor da emenda intervirán as persoas emendantes ou delegadas que estes designen. En contra da emenda —e, polo tanto, en defensa do texto do ditame— intervirán as persoas poñentes ou delegadas que estes designen.

### **Artigo 31**

1. As emendas aprobadas polo Pleno incorporaranse ao ditame da Comisión de Traballo.

2. Concluído o debate de tódalas emendas ao ditame dunha Comisión de Traballo, o/a Presidente/a someterá ao Pleno do Congreso o texto final resultante para a súa aprobación.

### **Artigo 32**

1. O Congreso establecerá unha Comisión de Traballo específica para tratar sobre as emendas presentadas aos Estatutos. O seu funcionamento será análogo ao do resto das Comisións de Traballo.

2. Esta Comisión constituirase co dez por cento dos/as delegados/as ao Congreso. Estará composta por delegados/as de cada unha das Delegacións, proporcionalmente a súa representación no Congreso. Cada Delegación terá dereito a unha persoa membro nesta Comisión de Traballo. A Comisión Executiva estará representada, polo menos, por unha persoa dos seus membros.

3. A Comisión examinará as emendas e pronunciarase sobre as mesmas. Elaborará un Ditame co texto das emendas asumidas que será presentado ao Pleno do Congreso para a súa aprobación.

4. As emendas que non foran asumidas pola Comisión poderán presentarse polas persoas emendantes ao Pleno do Congreso sempre que obtiveran, polo menos, un vinte e cinco por cento dos votos favorables dos/as delegados/as que constitúen a Comisión.

## **SECCIÓN OITAVA**

### **Do Procedemento Electoral**

### **Artigo 33**

1. Unha vez analizada e xulgada a Xestión da comisión Executiva e da Comisión de Control, a Mesa declarará aberto o período de pre-

sentación de candidaturas aos citados órganos e a calquera outro cargo ou representación que debe ser elixido polo Congreso, sinalando o horario límite para a recepción de propostas pola Mesa.

2. As propostas de candidatura, para a súa admisión pola Mesa, deberán estar avaladas por, polo menos, o vinte e cinco por cento dos/as delegados/as con dereito a voto e os/as candidatos/as deben cumprir os requisitos esixidos polos Estatutos para ser elixibles.

Cada delegado/a poderá avalar unha soa lista. Cando un delegado/a avale máis dunha lista, o seu aval considerarase nulo en todas aquelas nas que figure. Se este suposto orixinara a falta de avais suficientes, a Mesa do Congreso dará a oportunidade á candidatura afectada de conseguir os avais necesarios

#### **Artigo 34**

Concluído o prazo de presentación de candidaturas, ou a prórroga se fose necesario, a Mesa dará a coñecer ao Pleno do Congreso as candidaturas admitidas e o horario e as normas para a votación, que será nominal e secreta.

#### **Artigo 35**

1. O control da votación e o escrutinio dos resultados estará a cargo da Mesa do Congreso. Cada candidatura poderá designar un/ha interventor/a por cada mesa de votación que se estableza. Os/a interventores/as incorporaranse ao escrutinio de resultados, podendo formular por escrito as observacións que sobre a votación e o escrutinio estimen pertinentes e realizar, se o consideran necesario, impugnacións que resolverá a Mesa.

2. O escrutinio terá carácter público podendo asistir os/as delegados/as que o desexen.

#### **Artigo 36**

1. A Mesa do Congreso levantará unha Acta de Proclamación de Resultados, onde deberán figurar as persoas membros elixi-

dos para cada órgano e cometido. Xunto a isto consignarase o número de votos emitidos e os votos válidos, nulos e en branco obtidos pola candidatura así como a porcentaxe dos votos válidos sobre os votos emitidos.

2. As persoas candidatas, para ser proclamadas electas, deben cumprir cos requisitos de elección establecidos nos Estatutos.

3. Cando conclúa o seu labor, a Mesa do Congreso, a través da persoa que ostente a Presidencia, proclamará os resultados ante o Pleno do Congreso.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAIS**

Primeira.- Este Regulamento non pode contradicir os Estatutos. En caso de contradición a Mesa do Congreso aterase ao que establezan os ditos Estatutos. Da mesma maneira actuará ante materias non reguladas especificamente neste Regulamento.

Segunda. Este Regulamento só poderá ser modificado polo Congreso nas condicións establecidas nos Estatutos.

Terceira. Se os Estatutos variasen nun Congreso, afectando as modificacións operadas ao presente Regulamento, este será axeitado á nova redacción daqueles, a proposta da Comisión de Traballo que debatera as emendas aos Estatutos.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

Os acordos do Congreso entrarán en vigor unha vez finalizado este, coa excepción das modificacións que afecten á composición dos órganos a elixir polo congreso e aos requisitos e procedementos para a súa elección, que serán de aplicación inmediata polo mesmo Congreso que as aprobou.



## 1.C.- O COMITÉ. NORMAS XERAIS

### SECCIÓN PRIMEIRA

#### Natureza do órgano e participación no mesmo

##### **Artigo 1**

1. O Comité é o órgano supremo da Organización entre Congresos. Asegura a participación das organizacións que conforman UGT na dirección do Sindicato e garante o control da xestión da Comisión Executiva. Desenvolve as funcións que lle outorgan os Estatutos e impulsa a aplicación da Resolucións dos Congresos.

2. A duración de funcións do Comité vai de Congreso Ordinario a Congreso Ordinario. O Comité elabora e aproba o seu Regulamento de Funcionamento, que responderá basicamente ao recollido nestas Normas.

##### **Artigo 2**

1. Poderán contar con representantes de pleno dereito no Comité, aquelas organizacións –Federacións e Unións- que cumpran coas garantías democráticas básicas: reunións periódicas da Comisión Executiva, celebración regulamentaria do Comité e exame da xestión da Comisión Executiva polo mesmo e celebración dos Congresos.

2. As organizacións que incumpran estes requisitos democráticos básicos, non poderán manter representantes de pleno dereito no Comité. A Comisión Executiva do ámbito do Comité poderá esixir en todo momento ás organizacións que acrediten o cumprimento dos requisitos referidos, informando ao Comité no caso de que non se cumpran.

## **SECCIÓN SEGUNDA**

### **Elección das persoas membros ao Comité e suplencias ao mesmo**

#### **Artigo 3**

1. As e os membros de pleno dereito que compoñen o Comité elixiranse polo Congreso da organización á que representan. Elixiranse, a lo menos, tantas persoas suplentes como membros titulares correspondan.

2. As organizacións que elixan persoas membros ao Comité, deberán enviar á Comisión Executiva do ámbito correspondente ao mesmo, a Acta de Elección das persoas representantes elixidas, certificada polo/a Presidente/a e o/a Secretario/a de Actas do Congreso que as elixiu.

#### **Artigo 4**

1. Para ser elixible como persoa membro do Comité é necesario acreditar á data da elección unha afiliación ininterrompida á UGT de, polo menos, catro anos no caso do Comité Confederal e Comités de Federacións Estatais e Unións de Comunidade Autónoma, e de, polo menos, dous anos para o resto dos Comités.

2. A elección farase por voto maioritario mediante listas completas, pechadas e bloqueadas. A lista que obteña a maioría simple dos votos do Congreso, obterá toda a representación ao Comité.

#### **Artigo 5**

1. Para a presentación de listas e elección de membros ao Comité, as Federacións e Unións cumprirán, por analogía, o disposto para a elaboración de listas e elección de delegados/as aos Congressos.

2.- En todo caso, cada Federación e Unión que compoña o Comité garantirá unha presenza mínima do 40% para cada sexo, naquelas organizacións que acaden ou excedan a dita porcentaxe.

## **Artigo 6**

1. A substitución dun/ha membro titular realizarase co primeiro en orde e mesmo sexo de relación de suplentes. As baixas definitivas entre as e os membros titulares cubriranse coas persoas membros suplentes pola orde indicada. No caso de esgotarse a lista de suplentes, a Federación ou Unión que os elixiu, procederá no seu Comité a cubrir as vacantes producidas.

2. As e os membros natos do Comité (membros da Comisión Executiva e Secretarios/as Xerais de Federacións e Unións) non poderán ser substituídos nas súas ausencias das reunións. Perden a súa condición de membros do Comité cando cesan na súa responsabilidade.

## **SECCIÓN TERCEIRA**

### **Constitución do Comité e réxime de reunións**

## **Artigo 7**

O Comité, na primeira reunión que celebre, procederá a constituírse regulamentariamente de acordo coas acreditacións emitidas pola Comisión Executiva do seu ámbito, que deberá comprobar que tódalas persoas membros que compoñen o Comité cumpren os requisitos esixidos para a súa elección.

## **Artigo 8**

O Comité reunirse polo menos dúas veces ao ano con carácter ordinario. Reunirse de maneira extraordinaria cando o estime necesario a Comisión Executiva ou o solicite o propio Comité por maioría absoluta das súas persoas membros de pleno dereito.

## **SECCIÓN CUARTA**

### **Funcións do Comité**

## **Artigo 9**

1. O Comité coñecerá a metade do mandato a xestión da Co-

misión Executiva, debaténdoa e pronunciándose sobre a mesma e os Informes anuais da Comisión de Control. As e os membros da Comisión Executiva non terán dereito a voto cando o Comité se pronuncie sobre a súa xestión.

2. Se a xestión da Comisión Executiva é rexeitada polos votos en contra da maioría absoluta das persoas membros do Comité con dereito a voto nese trámite, procederáse no acto a elixir unha Comisión Xestora e a convocar un Congreso para elixir unha nova Comisión Executiva.

### **Artigo 10**

No último trimestre do ano, o Comité deberá aprobar os Presupostos da organización para o Exercicio (ano natural) seguinte. Tamén darase a coñecer o peche económico do exercicio anterior.

### **Artigo 11**

O Comité eleva un Informe da súa actuación ao Congreso Ordinario, que será presentado por un/ha representante do Comité elixido por este de entre as súas persoas membros.

### **Artigo 12**

1. O Comité cubrirá as vacantes que se produzan na Comisión Executiva e Comisión de Control, así como noutros órganos elixidos polo Congreso ou entre as persoas elixidas no mesmo.

2. As dimisións, para ser consideradas vacantes, deberán facerse por escrito ante a Comisión Executiva correspondente.

3. As vacantes deberán cubrirse no primeiro Comité que se celebre dende que se produciron. Deberá anunciarse a cobertura da vacante na Orde do Día, empregarse a votación secreta e o/a candidato/a, para ser elixido, necesitará o voto favorable da maio-

ría absoluta das persoas membros do Comité. No caso da Secretaría Xeral será necesaria unha maioría de dous terzos das persoas membros do Comité.

### **Artigo 13**

1. O Comité poderá separar do seu cargo aos membros da Comisión Executiva e da Comisión de Control, así como doutros órganos elixidos ou persoas elixidas polo Congreso.

2. Será necesario anunciar a separación do cargo na orde do día, deberá producirse un debate para argumentar a separación e empregárase a votación secreta.

3. No caso de separación de membros da Comisión de Control esixírase o voto favorable de dous terzos das e dos membros do Comité. No resto dos casos será necesario o voto favorable da maioría absoluta das persoas membros do Comité.

4. No caso de que a separación afecta á Secretaría Xeral ou a membros da Comisión de Control esixírase o voto favorable de dous terzos de membros do Comité. No resto dos casos será necesario o voto favorable da maioría absoluto dos membros do Comité.

Se a separación afecta a titulares representantes no Comité de ámbito superior, o mesmo Comité deberá cubrir automaticamente a vacante xerada, que non poderá ser cuberta pola lista de suplentes.

### **Artigo 14**

O Comité será informado periodicamente pola Comisión Executiva dos nomeamentos de representación institucional que lle corresponda realizar, tanto no ámbito nacional como internacional, así como dos/as delegados/as que representan á organización en organismos sindicais supranacionais.

## **SECCIÓN QUINTA**

### **Composición do Comité**

#### **Artigo 15**

1. O Comité Nacional terá unha composición que estableza unha relación axeitada entre o número de membros da Comisión Executiva e as persoas membros que controlan a súa actuación. Polo tanto, o número de membros de pleno dereito do Comité (sen contar os membros da Comisión Executiva) será, polo menos, de tres veces o número de membros da Comisión Executiva co-respondente.

2. As persoas membros da Comisión Executiva e os/as Secretarios/as Xerais das Federacións e das Unións, serán membros natos do Comité.

#### **Artigo 16**

1. Cada Federación estará representada pola persoa que ostente a Secretaría Xeral e dous membros máis e un número adicional de membros calculado proporcionalmente segundo a Certificación de Cotas ao Congreso Ordinario do ámbito do Comité.

2. Cada Unión estará representada pola persoa que ostenta a Secretaría Xeral e un número adicional de membros calculado proporcionalmente segundo a Certificación de Cotas ao Congreso Ordinario do ámbito do Comité.

3. A Unión de Xubilados e Pensionistas, con dereito a voto, e a UPTA estará representada no Comité Nacional polo seu Secretario ou Secretaria Xeral.

## 1.D.- REGULAMENTO DO COMITÉ

### SECCIÓN PRIMEIRA

#### Composición e Funcións

##### Artigo 1

1. O Comité Nacional é o órgano supremo da Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UGT-Galicia), entre Congresos. A duración das súas funcións será de Congreso Ordinario a Congreso Ordinario.

2. A composición, funcionamento e competencias do Comité Nacional recóllense nos Estatutos de UGT-Galicia, e nas Resolucións do Congreso.

3. O Comité Nacional contará cos medios axeitados que facilite un bo cumprimento das súas tarefas. A Comisión Executiva de UGT-Galicia facilitará a infraestrutura necesaria, así como os medios humanos e materiais para o bo funcionamento do Comité Nacional e das súas Comisións de Traballo.

##### Artigo 2

1. O Comité Nacional está composto polas persoas membros sinaladas no Artigo 15 dos Estatutos de UGT-Galicia. A substitución dun/ha membro titular do Comité Nacional por unha persoa suplente deberá comunicarse por escrito á Comisión Executiva de UGT-Galicia cunha semana de antelación como mínimo, antes da data de celebración do Comité Nacional, salvo en casos excepcionais que impidan cumprir o prazo sinalado.

2. As persoas membros da Comisión Executiva de UGT-Galicia e as que ostente a Secretaría Xeral das Federacións Nacionais, da Unión de Xubilados e Pensionistas, da UPTA e das Unións Comarcais son membros natos do Comité Na-

cional e non poderán ser substituídos nas súas ausencias das reunións.

### **Artigo 3**

1. As reunións do Comité Nacional están limitadas as súas persoas membros. Non obstante, a Comisión Executiva poderá convocar ás sesións a aquelas persoas que non sendo membros do Comité Nacional poidan facilitar as tarefas do mesmo.

2. As persoas membros do Comité Nacional poderán solicitar á Comisión Executiva de UGT-Galicia información específica sobre calquera órgano, servizo ou departamento da Organización. Así mesmo, poderán asistir aos Congresos e Comités das Organizacións ás que representan.

3. Os membros do Comité Nacional e os asistentes as súas sesións, están suxeitos á reserva que este órgano puidera determinar sobre os debates, acordos e resolucións que se producisen no mesmo.

## **SECCIÓN SEGUNDA**

### **Reunións Ordinarias e Extraordinarias**

#### **Artigo 4**

1. O Comité Nacional reunirse ordinaria e extraordinariamente de acordo co establecido nos Estatutos de UGT-Galicia. Na primeira reunión que se celebre, procederá a constituírse regulamentariamente de acordo coas acreditacións emitidas pola Comisión Executiva, que deberá comprobar que tódalas persoas membros que o compoñen cumpren os requisitos para a súa elección.

2. As reunións ordinarias do Comité Nacional serán convocadas pola Comisión Executiva nos períodos e prazos sinalados. A convocatoria, que se enviará a cada unha das súas persoas membros do Comité Nacional con catro semanas de antelación, sinalará o lugar, día e hora da reunión así como a Orde do Día, e será acompañado do In-

forme de Xestión da Comisión Executiva cando sexa preceptivo.

### Artigo 5

1. As persoas membros do Comité Nacional poderán realizar as propostas que estimen oportunas, para a súa inclusión na orde do día das reunións ordinarias. As propostas efectuaranse por escrito de forma detallada, e deberán estar en poder da Comisión Executiva, xunto coa documentación correspondente, polo menos dúas semanas antes da data sinalada para a reunión do Comité. A Comisión Executiva distribuirá as persoas membros do Comité as propostas recibidas. A inclusión destas propostas como punto da orde do día, deberá ser aprobada polo Comité ao comezo da súa reunión.

2. Nas reunións ordinarias do Comité só se tratarán os temas incluídos na Orde do Día e as propostas aprobadas polo procedemento sinalado anteriormente. Non obstante, o Comité poderá tratar, se así o decide, asuntos puntuais que teñan carácter de urxencia.

3. O Comité nas súas reunións ordinarias poderá modificar, por maioría simple, a Orde do Día proposta. Para isto a Mesa, ao inicio da reunión, someterá á consideración do Comité a Orde do Día definitiva.

### Artigo 6

1. Celebraranse reunións extraordinarias do Comité cando así o solicite expresamente a maioría absoluta das súas persoas membros con dereito a voto, ou o estime necesario a Comisión Executiva.

2. A Orde do Día das reunións extraordinarias será fixado pola persoa convocante e dada a coñecer pola Comisión Executiva as persoas membros do Comité, xunto co lugar, día e hora da reunión, cunha antelación de polo menos unha semana, sempre que o permita o carácter urxente da convocatoria.

3. Nas reunións extraordinarias do Comité unicamente se tratarán aqueles asuntos que figuren expresamente na Orde do Día da súa convocatoria.

## **SECCIÓN TERCEIRA**

### **Constitución e Adopción de Acordos e Resolucións**

#### **Artigo 7**

1. O Comité quedará validamente constituído á hora sinalada para o seu inicio, coa presenza de máis da metade das súas persoas membros con dereito a voto. Se á hora sinalada non estivera presente a maioría requirida anunciárase unha segunda convocatoria para media hora máis tarde. Se transcorrido o prazo non se acadase aínda a maioría necesaria do Comité Nacional, este terá que convocarse de novo.

2. Para que o Comité poida adoptar acordos, resolucións ou elixir ou destituír persoas, deberá estar presente a maioría absoluta das súas persoas membros con dereito a voto. Os acordos e resolucións do Comité, salvo que se requira unha maioría cualificada segundo o establecido nos Estatutos de UGT-Galicia, adoptaranse por maioría simple dos votos emitidos.

3. A definición de maioría simple e maioría absoluta, así como os requisitos para adoptar acordos e resolucións, recóllense nos Estatutos de UGT-Galicia.

4. Os acordos e resolucións que adopte o Comité serán comunicados inmediatamente pola Comisión Executiva ás súas organizacións.

#### **Artigo 8**

1. O Comité, unha vez constituído, elixirá unha Mesa composta por tres persoas membros: Presidente/a, Vicepresidente/a e Secretario/a de Actas. A súa misión consiste en dirixir as tarefas do Comité nacional e o debate dos asuntos contidos na Orde do Día. Tomará os acordos por maioría das súas persoas membros, decidindo en casos de empate, o voto de calidade da persoa que ostente a Presidencia. Só poderán

elixirse como compoñentes da mesa as persoas membros do Comité con dereito a voto.

2. Das reunións do Comité levantarase unha Acta que recollerá un resumo dos debates, a integridade dos acordos e das resolucións adoptadas e aquelas posturas particulares relacionadas con asuntos obxecto da Orde do Día que se desexe facer constar expresamente. A Comisión Executiva enviará a Acta xunto coa convocatoria do Comité; a Mesa dará por lida a acta agás que algunha persoa membro pida aclaracións e/ou modificacións, posteriormente someterase a votación. A Acta da última reunión do Comité, inmediatamente anterior á celebración do Congreso Ordinario, darase por lida e someterase á aprobación xunto co Informe de Xestión, que será presentado e defendido ante o Congreso por un/ha representante do Comité elixido por este entre as súas persoas membros.

3. A Acta asinarase por parte da persoa que ostente a Presidencia e a Secretaría de Actas e entregada á Comisión Executiva para o cumprimento de acordos e resolucións aprobadas, e a efectos da súa incorporación ao Libro de Actas do Comité Nacional que quedará baixo custodia da Comisión Executiva.

## **SECCIÓN CUARTA**

### **Debates en Xeral e Análise da Xestión**

#### **Artigo 9**

1. Corresponde á mesa do Comité dirixir os debates. Antes de comezar o debate, a Mesa anotará tódalas peticións de palabra e, tendo en conta o seu número, fixará o tempo que concede a cada orador/a. Cando a Mesa entenda que unha proposta ou exposición pode entrañar un excesivo número de intervencións, establecerase un máximo de quendas a favor e outros tantos en contra, limitando o tempo concedido a cada orador/a.

2. Nos debates, o que fora contradito nos seus argumentos por outro/a orador/a, terá dereito a replicar ou rectificar unha soa vez por un tempo máximo de cinco minutos. A rectificación debe limitarse a aclarar conceptos mal entendidos ou mal interpretados e nunca para aportar novos argumentos.

3. Cando no desenvolvemento dos debates se fixeran alusións que impliquen xuízo de valor ou inexactitude sobre a persoa ou a conduta dun/ha membro do Comité, a Mesa concederá ao aludido o uso da palabra para que, sen entrar no fondo do debate, conteste estritamente ás alusións realizadas.

### **Artigo 10**

1. O Comité, recibirá a metade de mandato a Xestión da Comisión Executiva, debaténdoa e pronunciándose sobre a mesma. Así mesmo, coñecerá os Informes anuais da Comisión de Control Económico.

2. O Informe de Xestión da Comisión Executiva darase por lido, sendo ampliado oralmente, en nome da mesma, polo/a Secretario/a Xeral.

### **Artigo 11**

1. As persoas membros do Comité que desexen intervir en análise das actividades desenvolvidas no período de xestión sometido a debate, deberán solicitalo á Mesa, que establecerá unha soa quenda de intervencións con dereito a rectificación. A duración máxima de cada intervención axustarase a cada orador/a en función do número de intervencións solicitadas.

2. Na quenda de réplica intervirán os membros da Comisión Executiva. As e os membros do Comité que foran contraditos nas súas argumentacións terán dereito a replicar ou rectificar por unha soa vez e por un tempo máximo de cinco minutos. Da mesma forma procederán as e os membros da Comisión Executiva, que coa súa intervención pecharán o debate sobre o Informe de Xestión.

3. Unha vez concluído o debate, a Mesa someterá a votación ordinaria a Xestión da Comisión Executiva, trámite no que as e os membros de esta non terán dereito a voto. A Xestión da Comisión Executiva considerarase rexeitada se obtén os votos en contra da maioría absoluta das persoas membros do Comité con dereito a voto nese trámite.

## **SECCIÓN QUINTA**

### **Comisións de Traballo**

#### **Artigo 12**

1. Co obxectivo de asegurar a profundidade e continuidade das tarefas do Comité, este poderá constituír no seu seo Comisións de Traballo para tratar temas especiais. As Comisións de Traballo estarán presididas por un/ha membro da Comisión Executiva.

2. As Comisións de Traballo orientan, canalizan e aseguran a continuidade das actividades do Comité mediante a elaboración de informes, documentos e propostas de resolución, seguindo as directrices establecidas polo Comité no marco das Resolucións do Congreso.

3. As conclusións das Comisións de Traballo terán carácter propositivo e non vinculante para o Comité.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

Cando, no desenvolvemento das tarefas do Comité Nacional se dean procedementos que non se contemplen neste Regulamento de Funcionamento, aplicarase, por analoxía o regulamento do Comité Confederal e o Regulamento de Congresos.



## **1.E.- O CONSELLO. NORMAS XERAIS**

### **SECCIÓN PRIMEIRA**

#### **Natureza e funcións**

##### **Artigo 1**

1. O Consello é o órgano consultivo da Comisión Executiva. Sérvelle de apoio para a toma de decisións, facendo partícipes e solidarias con elas ao conxunto da Organización, e facilita a máis eficaz aplicación das mesmas.

2. As funcións do Consello son deliberantes e non teñen capacidade para adoptar acordos.

3. O Consello constituirase, polo menos, na UGT-Galicia, nas Federacións e nas Unións.

### **SECCIÓN SEGUNDA**

#### **Composicións, convocatoria e réxime de reunións**

##### **Artigo 2**

1. O Consello está composto polas persoas membros da Comisión Executiva e polas que ostentan a Secretaría Xeral das Federacións e Unións do seu ámbito. Non obstante, as Federacións, en función da súa estruturación sectorial, regularán a composición do seu Consello Nacional.

2. Tamén formarán parte do Consello as persoas responsables do Departamento da Muller, da Xuventude, de Migracións e da Unión de Técnicos e Cadros,. Así mesmo, asistirán ao Consello os/as Presidentes/as das Comisións Xestoras que substituirán provisionalmente ás persoas membros natos do consello.

3. Os Secretarios Xerais das Federaci3ns Nacionais, da Uni3n de Xubilados e Pensionistas, e das Uni3ns Comarcais son membros natos e a s3a ausencia non ser3 suplida, ag3s por un motivo de enfermidade. Nesa caso a substituci3n levarase a cabo por un membro da Comisi3n Executiva respectiva.

### **Artigo 3**

1. O Consello reunirase de maneira ordinaria, polo menos, cada tres meses e de forma extraordinaria cando os asuntos a tratar as3 o recomenden.

2. O Consello ser3 convocado pola Comisi3n Executiva, que elaborar3 a Orde do D3a. Os gastos xerais do Consello corresponde abonalos 3 Comisi3n Executiva e os desprazamentos aos Organismos Representados.

## 1.F.- A COMISIÓN EXECUTIVA. NORMAS XERAIS

### CAPÍTULO I

#### **Natureza e composición**

##### **Artigo 1**

1. A Comisión Executiva é o órgano de dirección permanente da Organización.

2. É elixida no Congreso e controlada na súa actuación polo Comité, órganos aos que rende contas da súa xestión.

3. A Comisión Executiva dotarase dun Regulamento de Funcionamento, onde se recollerá a periodicidade das súas reunións, o réxime de adopción de acordos e a asignación de tarefas as súas persoas membros.

##### **Artigo 2**

1. A composición da Comisión Executiva debe responder ás tarefas que esta teña que desenvolver. Cada persoa membro da Comisión Executiva terá asignados cometidos concretos. As súas funcións están orientadas tanto ao desenvolvemento das tarefas no ámbito interno da Organización, como ás actuacións derivadas da acción externa do Sindicato.

2.2. As Secretarías da CEN terán, polo menos, as seguintes responsabilidades e áreas de xestión:

Comunicación e Imaxe, Relacións Institucionais, Recursos Humanos, Normas, Estatutos, Recursos Informáticos, Afiliación, Eleccións Sindicais, Administración, Finanzas, Formación, Estudos Técnicos, Saúde Laboral, Medio Ambiente, Servizos Xurídicos, Políticas Sociais e de Igualdade.

2.3. A Comisión Executiva estará formada por nove membros. As Secretarías estarán claramente identificadas coa denominación da Área ou Áreas que xestionan ou, polo menos, coa actividade principal dentro delas.

## **SECCIÓN SEGUNDA**

### **Elección da Comisión Executiva**

#### **Artigo 3**

1. A Comisión Executiva será elixida mediante o sistema maioritario, en votación individual e secreta, polas persoas delegadas do Congreso. As listas serán completas, pechadas e bloqueadas.

2. As propostas de candidatura deberán estar avaladas, polo menos, por o vinte e cinco por cento dos/as delegados/as, con dereito a voto, do Congreso.

3. A elección farase por maioría simple dos votos válidos emitidos. En caso de concorrencia de listas, o conxunto dos postos a cubrir será para a lista máis votada. En caso de empate repetirase a votación.

#### **Artigo 4**

Serán elixibles os/as afiliados/as que á data da elección acrediten unha afiliación ininterrompida a UGT, polo menos, de catro anos e de, polo menos, dous anos para as Comisións Executivas das Unións Comarcais.

## **SECCIÓN TERCEIRA**

### **Xestión da Comisión Executiva**

#### **Artigo 5**

1. A Comisión Executiva renderá Xestión a metade de mandato ante o Comité. A Xestión da Comisión Executiva considerase rexeitada se obtén, en votación ordinaria, os votos en con-

tra da maioría absoluta as persoas membros do Comité con dereito a voto nese trámite.

2. Se a Xestión é rexeitada, a Comisión Executiva queda desautorizada e cesará automaticamente nas súas funcións. O Comité elixirá no acto unha Comisión Xestora e convocará o Congreso para elixir unha nova Comisión Executiva.

## **SECCIÓN CUARTA**

### **Separación de membros da Comisión Executiva**

#### **Artigo 6**

1. A Comisión Executiva poderá tomar no seu seo, por maioría absoluta do número de membros elixidos no Congreso, a Resolución de separar preventivamente das súas funcións e dereitos a algún das súas persoas membros, sendo a maioría de 2/3 no caso de separación preventiva da Secretaría Xeral. Esta Resolución deberá ser ratificada polo Comité que, convocado pola Comisión Executiva, celebrárase dentro das catro semanas seguintes á data en que se produciu a separación.

2. A Resolución da Comisión Executiva considerárase rexeitada se obtén, en votación ordinaria, os votos en contra da maioría absoluta dos membros do Comité con dereito a voto nese trámite. As persoas membros da Comisión Executiva non terán dereito a voto cando o Comité se pronuncie sobre a súa Resolución.

3. Se a Resolución é rexeitada, a Comisión Executiva queda desautorizada e cesará automaticamente nas súas funcións. O Comité elixirá no acto unha Comisión Xestora e convocará o Congreso para elixir unha nova Comisión Executiva.

#### **Artigo 7**

1. As persoas membros da Comisión Executiva poderán ser separados do seu cargo polo Comité. A Proposta de separación

debe anunciarse na orde do Día do Comité, abrirase un debate no Comité para argumentar os motivos que orixinan a Proposta de separación, e tomarase a decisión mediante votación secreta, sendo necesario o voto favorable á Proposta de separación da maioría absoluta dos membros do Comité.

2. Se a separación afecta á Secretaría Xeral ou a máis da metade das persoas membros da Comisión Executiva, o Comité elixirá no acto unha Comisión Xestora e convocará o Congreso para elixir unha nova Comisión Executiva.

## **SECCIÓN QUINTA**

### **Vacantes na Comisión Executiva**

#### **Artigo 8**

1. Se nunha Comisión Executiva quedara vacante a Secretaría Xeral, o resto das súas persoas membros convocará o Comité que se celebrará dentro das catro semanas seguintes á data en que se produciu o feito.

2. O Comité poderá cubrir as vacantes, mediante votación secreta, co voto favorable ao/a candidato/a de dous terzos das súas persoas membros. Se non se logra cubrir a vacante, o Comité elixirá no acto unha Comisión Xestora e convocará o Congreso para elixir unha nova Comisión Executiva.

#### **Artigo 9**

1. Cando nunha Comisión Executiva quedara vacante máis do cincuenta por cento das súas persoas membros, o resto de membros da Comisión Executiva convocará o Comité que se celebrará dentro das catro semanas seguintes á data en que se produciu o feito.

2. O Comité poderá cubrir as vacantes, mediante votación secreta, co voto favorable as persoas candidatas da maioría absoluta das e dos membros. Se non se lograr cubrir máis do cincuenta

por cento das súas persoas membros da Comisión Executiva, o Comité elixirá no acto unha Comisión Xestora e convocará o Congreso para elixir unha nova Comisión Executiva.

### **Artigo 10**

1. As vacantes producidas nunha Comisión Executiva deberán cubrirse no primeiro Comité que se celebre dende que se produciu o feito. No caso de que pola Comisión Executiva se tomara a decisión de non cubrir as vacantes no seo da mesma, a dita decisión deberá ser tomada pola maioría absoluta das e dos membros da Executiva e posteriormente deberá ser ratificada no Comité, convocado ao efecto pola Comisión Executiva.

2. As vacantes deberán anunciarse na Orde do Día do Comité e cubriranse mediante votación secreta, sendo necesario o voto favorable as persoas candidatas da maioría absoluta dos seus membros do Comité, coa excepción da Secretaría Xeral que necesitará o apoio dos dous terzos das e dos seus membros.

## **CAPITULO II**

### **Artigo 11**

1. As Comisións Xestoras que se elixan para substituír transitoriamente a unha Comisión Executiva, terán limitada a súa actuación temporal ao período imprescindible para preparar e celebrar o Congreso que elixa unha nova Comisión Executiva, salvo que se haxa convocado Congreso ordinario polo órgano superior. Neste caso as comisións xestoras poderán seguir ata a realización do dito congreso.

2. O prazo de vixencia dunha Comisión Xestora non superará os tres meses e durante este período as súas tarefas limitaranse a manter a actividade ordinaria da organización que preside e á preparación do Congreso ao que deberá presentar un informe da súa actuación.

3. A Comisión Xestora non poderá tomar decisións extraordinarias que alteren substancialmente a vida da organización, estando a súa actividade tutelada pola Comisión Executiva da organización de ámbito superior, da que depende.

### **Artigo 12**

1. A Comisión Xestora que substitúa transitoriamente a unha Comisión Executiva, deberá ser elixida, en votación secreta, polo Comité da organización do seu ámbito de funcionamento.

2. Se a organización non tivese o Comité constituído, a Comisión Executiva da organización de ámbito superior, realizará o nomeamento da Comisión Xestora e a convocatoria do Congreso para a elección da nova Comisión Executiva.

## **CAPÍTULO III**

### **Funcionamento interno da Comisión Executiva**

#### **Artigo 13**

1. A Comisión Executiva reúne-se con carácter ordinario como mínimo unha vez ao mes, sendo o desexable establecer reunións semanais. Será convocada pola Secretaría Xeral ou pola Secretaría que esta decida ou, no seu defecto, pola metade máis un das súas persoas membros.

2. As e os membros da Comisión Executiva teñen a obriga de acudir ás reunións. As ausencias serán debidamente xustificadas.

#### **Artigo 14**

1. A orde do día será elaborada pola Secretaría encargada desta tarefa e ratificada pola Secretaría Xeral.

2. As e os membros da Comisión Executiva teñen dereito a que se inclúa na orde do día algún punto do seu interese. Deberán solicitalo con tempo suficiente, salvo que se trate dun asunto urxente.

Nas súas reunións ordinarias, a Comisión Executiva analizará os resultados electorais e de afiliación, así como o funcionamento do Comité Electoral e impulsará as medidas necesarias para a obtención de niveis de representación e de afiliación fixados nos Congressos.

### **Artigo 15**

Das reunións da Comisión Executiva levantarase acta. A elaboración das actas será responsabilidade dunha persoa membro da Comisión Executiva, designada especificamente para isto. As actas serán asinadas pola persoa que ostente a Secretaría de Actas e pola que ostente a Secretaría Xeral e incluíranse nun Libro de Actas que levará a Comisión Executiva.

### **Artigo 16**

1. A reunión ordinaria da Comisión Executiva será convocada, polo menos, con , vinte e catro horas de antelación, comunicando as súas persoas membros a orde do día correspondente, a hora e o lugar de celebración. Ao inicio da reunión someterase a aprobación a orde do día, e a continuación darase lectura á acta da reunión anterior pasándose, seguidamente, á súa aprobación.

2. Para as reunións extraordinarias, a orde do día das mesmas así como a hora e o lugar de celebración, serán comunicados ás persoas membros da Comisión Executiva coa máxima antelación posible en función do carácter urxente da convocatoria.

### **Artigo 17**

1. As deliberacións da Comisión Executiva son secretas. Farase constar na acta os votos particulares que houberse sobre os acordos adoptados.

2. Para que os acordos da Comisión Executiva sexan válidos, requírese que todas a súas persoas membros foran convocadas á reunión e que haxa maioría absoluta ao inicio da mesma.

### **Artigo 18**

1. Os acordos da Comisión Executiva tomaranse por maioría simple das e dos membros presentes na reunión. No caso de empate procederase a unha nova votación. Si se producira un novo empate, decidirá o voto de calidade da persoa que ostente a Secretaría Xeral.

2. Os acordos tomados pola Comisión Executiva vinculan a todas as súas persoas membros que deben respectalos, defendelos e cumprilos. Si se dese o incumprimento dun acordo tomado pola Comisión Executiva, por parte dalgunha das súas persoas membros, a Comisión Executiva valorará a entidade do incumprimento e decidirá se solicita a dimisión de quen vulnerou o acordo. A dita decisión tomarase por maioría simple.

### **Artigo 19**

1. Todo acordo que supoña un desembolso económico, haberá de ser sometido á Comisión Executiva para a súa aprobación, a partir dun importe que estableza a Comisión Executiva no seu Regulamento de Funcionamento.

2. O desenvolvemento e aplicación concreta dos Programas de contido económico deberá ser aprobado e controlado periodicamente pola Comisión Executiva.

### **Artigo 20**

1. A Comisión Executiva asignará a cada unha das persoas membros as tarefas concretas a desenvolver. A coordinación entre as persoas membros da Comisión Executiva a exercerá a Secretaría Xeral ou a persoa membro da Comisión Executiva en quen esta delegue.

2. A Comisión Executiva poderá nomear no seu seo Comisións restrinxidas para abordar temas concretos e formar as Comisións Asesoras que estime conveniente, incluso con membros que non pertencen á Comisión Executiva.

### **Artigo 21**

Os nomeamentos e ceses das persoas responsables daqueles organismos –Institutos, Fundacións, órganos institucionais, e outros- dos que a competencia corresponde á Comisión Executiva deberán ser aprobados por esta.

### **Artigo 22**

A Comisión Executiva elaborará anualmente un Programa de Actividades e Obxectivos, establecendo un Presuposto para o seu cumprimento. O Programa e o Presuposto aprobaranse pola Comisión Executiva e inclúiranse nos Presupostos anuais que debe aprobar o Comité.



## **1.G.- REGULAMENTO DA COMISIÓN EXECUTIVA**

### **SECCIÓN PRIMEIRA**

#### **Composición da comisión Executiva e asignación de tarefas ás persoas membros**

##### **Artigo 1**

1. A Comisión Executiva de UGT-Galicia é o órgano de dirección permanente da UGT en Galicia, representándoa tanto interna como externamente. Está suxeita aos Estatutos Confederais, aos de UGT-Galicia e ás Resolucións dos Congresos Confederais e de UGT-Galicia, así como ás do Comité Nacional, órganos aos que rende xestión da súa actuación.

2. A responsabilidade da Comisión Executiva é colexiada, sen que isto exima a responsabilidade de cada un das súas persoas membros no desempeño das súas funcións.

3. A Comisión Executiva é elixida directamente, en votación individual e secreta dos/as delegados/as, polo Congreso. Componse de 9 membros que desempeñarán as responsabilidades recollidas nos Estatutos.

##### **Artigo 2**

1. A Comisión Executiva asignará a cada unha das súas persoas membros tarefas concretas a desenvolver.

2. Cada Secretaría poderá formar un equipo de traballo, que lle axude no desenvolvemento dos seus cometidos, que haberá de comunicar á CE e ser autorizado por esta.

3. A persoa que ostente a Secretaría Xeral coordinará as actuacións das persoas membros da CE e tratará con cada unha de-

las as tarefas que teñan encomendadas. Os problemas que xurdan ás e aos membros da Comisión Executiva na xestión diaria das tarefas sindicais, serán resoltas por aqueles coa persoa que ostenta a Secretaría Xeral, que dará conta, das decisións tomadas na primeira reunión da Comisión Executiva que se celebre.

## **SECCIÓN SEGUNDA**

### **Réxime de reunións e elaboración de actas**

#### **Artigo 3**

1. A Comisión Executiva reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez ao mes, e de maneira extraordinaria en cantas ocasións o requiran as circunstancias.

2. As reunións serán convocadas pola persoa que ostente a Secretaría Xeral ou a de Organización ou no seu defecto, pola metade máis unha das persoas membros da Comisión Executiva.

3. As e os membros da Comisión Executiva teñen a obriga-  
ción de acudir ás reunións. As ausencias serán debidamente xustificadas.

#### **Artigo 4**

1. A Comisión Executiva fixará na súa primeira reunión o día e hora en que se celebrarán as reunións ordinarias, salvo casos de excepción.

2. A convocatoria das reunións ordinarias enviarase pola persoa que ostente a Secretaría de Organización con, polo menos, vinte e catro horas de antelación, indicando ás e aos membros da Comisión Executiva a data, o lugar e a hora de inicio da reunión, así como a orde do día da mesma.

3. Para a convocatoria das reunións extraordinarias seguirase o mesmo procedemento, enviándose ás persoas membros da Co-

misión Executiva polo/a Secretario/a de Organización, coa máxima antelación posible en razón do carácter extraordinario da reunión.

### **Artigo 5**

1. A orde do día das reunións será elaborada pola persoa que ostente a Secretaría de Organización e ratificada pola persoa responsable da Secretaría Xeral.

2. Os membros da Comisión Executiva teñen dereito a que se inclúan na orde do día asuntos e materias do seu interese. Para isto, deberán solicitalo á Secretaría de Organización, polo menos, con vinte e catro horas de antelación, aportando a documentación escrita que estimen conveniente, salvo que se trate dalgún asunto de carácter urxente e así fora estimado pola Comisión Executiva.

3. Ao inicio da reunión da Comisión Executiva someterase á aprobación a orde do día.

### **Artigo 6**

1. Das reunións da Comisión Executiva levantarase a acta correspondente que recollerá un resumo dos debates, a integridade dos acordos, as Resolucións adoptadas e aquelas posturas particulares relacionadas cos asuntos obxecto da orde do día que se desexe facer constar expresamente.

2. A elaboración das actas é responsabilidade dunha persoa membro da Comisión Executiva que será nomeada por esta, como Secretario/a de Actas, na primeira reunión que se celebre.

3. Unha vez aprobada a orde do día da reunión da Comisión Executiva, darase lectura á acta correspondente que será sometida á aprobación. As actas asinaranse pola persoa que ostente a Secretaría de Actas e pola da Secretaría Xeral e incorporaranse, unha vez aprobadas, ao Libro de Actas da Comisión Executiva.

## SECCIÓN TERCEIRA

### **Deliberacións, toma de acordos e pronunciamentos públicos**

#### **Artigo 7**

1. As deliberacións da Comisión Executiva son secretas e as persoas membros deben gardar reserva sobre os debates producidos.

2. A Comisión Executiva será asistida, nas súas reunións, polo persoal adscrito á Secretaría Xeral. A súa función consistirá en facilitar a comunicación da Comisión Executiva co exterior, ao obxecto de non interromper o desenvolvemento das reunións.

3. A Comisión Executiva poderá convocar a persoas alleas á mesma para que asistan ás súas reunións, co obxecto de aportar información que facilite as tarefas de dirección do Sindicato. Terminado o asunto que motivou a súa convocatoria as persoas convocadas retiraranse, estando obrigadas a gardar reserva sobre as deliberacións presenciadas.

#### **Artigo 8**

1. Para que os acordos da Comisión Executiva sexan válidos, requírese que tódalas súas persoas membros foran convocadas á reunión e que estea presente a metade máis unha delas ao inicio da mesma.

2. Os acordos da Comisión Executiva tomaranse pola maioría simple das e dos membros presentes na reunión. En caso de empate procederáse a outra votación. Si se producira un novo empate, decidirá o voto de calidade do Secretario Xeral.

3. Os acordos tomados pola Comisión Executiva vinculan tódalas súas persoas membros que deben respectalos, defendelos e cumprilos. Si se vulnera un acordo tomado pola Comisión Executiva por parte das persoas membros, a Comisión Executiva va-

lorará a entidade do incumprimento e decidirá, por maioría simple, se solicita a dimisión de quen transgrediu o acordo.

### **Artigo 9**

1. As reunións da Comisión Executiva terán por obxecto analizar e debater sobre asuntos políticos, económicos e sociais. Ademais, trátanse os asuntos organizativos e financeiros da Organización.

### **Artigo 10**

1. Os nomeamentos e ceses das persoas responsables dos organismos –Institutos, Fundacións, Departamentos, Áreas, e outros- dos que a competencia corresponda á Comisión Executiva, deberán ser aprobados por esta a proposta da Secretaría que teña atribuída a correspondente responsabilidade.

2. A Comisión Executiva elaborará anualmente un Programa de Actividades con obxectivos concretos a acadar, e establecerá un Presuposto para o seu cumprimento. O dito Programa e o Presuposto serán aprobados pola Comisión Executiva.

3. Toda decisión que supoña un compromiso económico haberá de ser sometida á Comisión Executiva para a súa aprobación. O desenvolvemento e aplicación concreta dos Programas de contido económico será obxecto de control periódico por parte da Comisión Executiva.

### **Artigo 11**

1. As decisións e pronunciamentos públicos que deban adoptarse, polo seu carácter de urxencia, entre as reunións da Comisión Executiva serán consultadas á persoa que ostente a Secretaría Xeral e ás persoas membros presentes da Comisión Executiva. Cando a cuestión afecta a unha Secretaría concreta consultarase á persoa titular.

2. Os comunicados da Comisión Executiva sobre calquera acontecemento, faranse públicos a través da Oficina de Prensa.

As Secretarías que estimen necesario emitir información sobre cuestións que afecten ás súas competencias, o farán a través da Oficina de Prensa, que servirá como soporte e canle ás tarefas informativas da Comisión Executiva.

3. As invitacións cursadas á Comisión Executiva e as persoas membros para participar en seminarios, conferencias, reunións ou actos en xeral, serán postas en coñecemento da Comisión Executiva que designará ás persoas que deban acudir a ditos compromisos.

### **SECCIÓN CUARTA**

#### **Comisións de Traballo e Gabinete Técnico**

##### **Artigo 12**

1. A Comisión Executiva poderá nomear no seu seo Comisións restrinxidas para abordar asuntos concretos. Formará as Comisións Asesoras que estime conveniente, coa participación de membros que non pertencen á Comisión Executiva, para que lle axuden no cumprimento do seu cometido.

2. O Gabinete Técnico ten a función de asesorar e apoiar á Comisión Executiva na súa xestión. Estará coordinado por un membro da Comisión Executiva e a disposición de tódalas persoas membros desta para facilitar a elaboración e o desenvolvemento das tarefas que teñan encomendadas.

## 1.H.- A COMISIÓN DE CONTROL

### Normas Xerais

#### **Artigo 1**

1. A Comisión de Control Económico é o órgano encargado de supervisara contabilidade da organización, verificar o estado das operacións financeiras e a administración dos medios económicos do Sindicato e controlar que o seu uso se axuste ás resolucións dos seus órganos de dirección.

2. De igual xeito, a Comisión de Control Económico deberá coñecer directamente a xestión económica das entidades propias participadas polo Sindicato e coñecerá o rexistro de empresas e entidades colaboradoras.

#### **Artigo 2**

1. A revisión das contas levarase a cabo en todas as Unións Comarcais como mínimo unha vez ó ano; no caso de UGT Galicia as revisións serán de carácter trimestral.

2. Presentará un informe anual das súas actuacións ó Comité Nacional e un Informe Xeral ante o Congreso que vulgará a súa xestión.

#### **Artigo 3**

1. A Comisión de Control Económico estará composta por cinco persoas membros, unha delas como Presidente/a, que serán elixidas no Congreso pola maioría absoluta dos/as delegados/as.

2. Para ser elixible como membro da Comisión de Control Económico Nacional, será necesario acreditar unha afiliación ininterrompida á UGT, polo menos, de 5 anos, non ser cargo electo de UGT, nin persoa empregada do Sindicato.

**Artigo 4**

A Comisión Executiva dotará á Comisión de Control Económico dos medios necesarios para o bo desenvolvemento do seu labor. A Comisión de Control Económico poderá contar con axuda profesional externa, previa información á Comisión Executiva, para levar a cabo a súa tarefa.

**Artigo 5**

As Federacións elixirán nos seus respectivos Congresos, unha Comisión de Control Económico que operará no seu ámbito de competencia de acordo cos criterios establecidos para as Comisións de Control Económico.

**Artigo 6**

1. Tódalas entidades propias ou participadas de UGT Galicia aportarán a súa auditoría anual á Comisión de Control Económico, que poderá realizar cantas comprobacións considere oportunas.

2. Poderá solicitar informes económicos externos que complementen as ditas auditorías e propoñer á Comisión Executiva as medidas que considere máis axeitadas para a salvagarda do patrimonio da organización.

**Artigo 7**

A Comisión de Control Económico seguirá os seguintes criterios para a emisión dos seus informes:

- a) Comprobará que a documentación que se lle presenta, coincide coas anotacións contables.
- b) Comprobará que os saldos que figuran nas contas, concordan cos ofrecidos polo Balance e a Conta de Resultados.
- c) Comprobará que a Xestión Económica recolle tódolos aspectos substanciais da evolución económica, así como o grao de cumprimento da previsión económica. Dedicará especial atención ao desenvolvemento de programas e ao

seguimento da liquidación de cotas.

d) Comprobará na execución da previsión económica os motivos que orixinan desviacións nas partidas aprobadas.

e) Comprobará que as partidas previstas están debidamente documentadas.

f) Poderá solicitar informes económicos externos que complementen as súas actuacións e que dará a coñecer á Comisión Executiva e ao Comité.

g) Efectuará tódalas comprobacións que considere necesarias para o cumprimento do seu cometido.

h) Proporá a adopción das medidas que considere máis axeitadas para salvagardar o bo uso dos recursos económicos.

i) En situacións económicas especialmente graves, trasladará á Comisión Executiva de ámbito superior e ao Comité correspondente, un informe para a adopción de medidas urxentes.



## **2.- PRINCIPIOS REGULADORES DA ORGANIZACIÓN XURÍDICA, ECONÓMICA, ADMINISTRATIVA E DE SERVIZOS**

### **2. A. BASES ORGANIZATIVAS E LEGAIS DA UGT-GALICIA**

A UGT de Galicia é un Sindicato de clase, que forma parte da Confederación da “Unión General de Trabajadores de España”. É un sindicato fundamente enraizado na realidade do noso país ao que pertence, de inspiración socialista e democrática, cuns obxectivos básicos centrados na defensa dos traballadores e traballadoras e desempregados e desempregadas nun marco estatal e europeo.

A UGT de Galicia é unha organización independente dos gobernos, dos partidos políticos e do empresariado, rexida unicamente pola vontade da súa afiliación cunha autonomía plasmada nos seus propios estatutos, estratexias e alternativas.

A UGT de Galicia ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar no territorio galego, establece territorialmente a súa organización co obxecto de coordinar as accións das federacións e desenvolver as políticas e tarefas sindicais establecidas pola Confederación.

A capacidade de representación legal de UGT corresponde en exclusiva o seu Secretario Xeral, quen a poderá de-

legar total ou parcialmente, en membros da súa Comisión Executiva.

Á UGT de Galicia seranlle de aplicación as normas da Lei Orgánica de Liberdade Sindical, así como as normativas legais que lle sexan de aplicación no seu desenvolvemento.

## **2.B. A ADMINISTRACIÓN DA UGT DE GALICIA E AS SÚAS ORGANIZACIÓNS**

### **Artigo 1. Principios de actuación**

A UGT- Galicia, en tódolos seus ámbitos e actuacións, regularase polos principios de autofinanciamento, transparencia e solidariedade.

### **Artigo 2. Administración Sindical**

2.1. A descentralización funcional da UGT de Galicia debe conxugarse co feito de que todos os recursos económicos e patrimoniais están ao servizo de toda a organización e ao da solidariedade intersectorial e territorial.

2. 2. Con tal fin, constitúíuse unha Administración Sindical na que se delegan aquelas accións comúns para a xestión dos recursos económicos e humanos, buscando a racionalidade e a eficiencia dos medios da organización.

### **Artigo 3**

Para este funcionamento mancomunado, dotámonos dunha comisión conformada por tódalas Federacións e coordinada polo responsable de Administración da CEN.

A Comisión de Administración Sindical, réxese para a organización dos seus cometidos por un regulamento de funcionamento interno, no que se estipulan os seus cometidos e o réxime de reunións.

2. Con este fin constitúese unha Administración Sindical na que se delegan aquelas accións comúns, co fin de conseguir a racionalidade da xestión dos recursos económicos e humanos cos menores custos posibles.

### Artigo 3

Na base do funcionamento mancomunado das Federacións que o constitúan, unha Comisión formada polos responsables de Administración das Federacións Nacionais coordinada polo responsable de Administración da CEN elaborará un Regulamento básico dos órganos de goberno, que dispoñerá as competencias e funcións do mesmo.

O dito regulamento valorará a administración e xestión das Fundacións, dos ingresos de subvencións públicas e institucionais e de representación de UGT de Galicia a efectos da súa posible xestión pola administración común, e presentarse para a súa aprobación no II Comité Nacional.

### Normas de xestión

A UGT de Galicia poderá ter patrimonio propio, que pasará á disposición da Confederación en caso de disolución ou separación.

Calquera remuneración que perciba a título individual o persoal dependente, liberado ou dirixente do Sindicato, estará obrigada ás contribucións sociais e fiscais que legalmente correspondan.

As cantidades percibidas a título individual provintes de dietas ou complementos por participación institucional de representación, así como por gastos de negociación colectiva, serán da organización da UGT de Galicia a cal estean representando, que asumirá tamén os gastos que se deriven destes conceptos e compensará os efectos que poidan ter sobre a fiscalidade dos afectados.

Tódalas contas correntes, depósitos bancarios, patrimonio financeiro, mobiliario e inmobiliario deberán constar a nome da UGT de Galicia e en ningún caso a título persoal ou de terceiras persoas físicas e xurídicas. As sinaturas bancarias recoñecidas serán, polo menos, de tres persoas membros da Comisión Executiva, podendo actuar dúas de xeito mancomunado.

Tódalas contas bancarias e financeiras incluírán na súa denominación o nome da organización, acompañado das siglas UGT, con indicación expresa do número fiscal identificativo propio. Outorgarase poder a favor da Comisión Executiva Confederal para a intervención en calquera entidade bancaria en caso de disolución da organización correspondente.

A UGT de Galicia poderá constituír entidades externas para o desenvolvemento dos seus fins. Estas entidades, que poderán ter carácter non lucrativo ou mercantil, deberán quedar inscritas no “Rexistro de empresas e entidades colaboradoras”, e a información deberá ser actualizada periodicamente.

As persoas representantes da UGT de Galicia, nas entidades externas, serán elixidas directamente pola Comisión Executiva da UGT de Galicia.

Tódalas entidades propias e participadas pola UGT de Galicia estarán obrigadas a realizar unha Auditoría anualmente, debendo poñer os seus resultados a disposición da Comisión de Control Confederal e da UGT-Galicia, que poderán realizar cantas comprobacións consideren oportunas.

Para a actividade económica habitual das organizacións galegas da UGT é necesario o concurso dun número importante de empresas proveedoras de bens e servizos. A UGT de Galicia e os seus organismos deben controlar, en todo momento, que os ditos provedores de bens e servizos respondan aos principios de legalidade e bo facer profesional, así como cumprir, especialmente, a normativa laboral vixente; para isto, a UGT de Galicia e as súas organizacións deberán esixir a información actualizada dos provedores habituais, requisito básico para seguir ofrecendo os seus produtos. Para os provedores superiores a 60.101.-€ anuais cada organización manterá un rexistro permanente de información, que poderá ter carácter confederal no caso de que algún deles actúe para varias organizacións e/ou no ámbito do Estado.

A xestión de custos do persoal estará integrada en cada organismo, correspondendo as decisións, nesta materia, a súa Comisión Executiva.

O persoal contratado laboralmente dependerá, a tódolos efectos, da organización ao que estean adscritos e teña autonomía presupostaria e de xestión económica coordinándose coa Comisión Executiva da UGT de Galicia, que dará o seu apoio técnico á xestión e manterá un arquivo actualizado de todo o persoal con actividade permanente en Galicia.

As persoas traballadoras contratadas laboralmente polas Federacións estarán afiliadas a estas, salvo aquelas que voluntariamente desexen estar afiliadas á Federación de Servizos (FES-UGT).

As persoas contratadas por conta propia que se adscriban á Confederación e as da estrutura territorial estarán afiliadas á Federación de Servizos.

O/a traballador/a que pase a ter algún cargo de responsabilidade política na UGT, por resultar elixido nos órganos da mesma, terá que solicitar a excedencia forzosa á Organización a que estea adscrito, mentres permaneza no cargo, segundo o establecido no Artigo 46 do Estatuto dos Traballadores.

### **Presupostos**

A UGT de Galicia, en tódolos seus ámbitos, debe regularse polo principio da autofinanciamento e do equilibrio presupostario, limitando a súa actividade á que lle permitan os seus ingresos estables ou razoablemente esperados.

Os presupostos elaboraranse aplicando os métodos que conforman unha administración e unha organización moderna e racional, os cales deberán contemplar os medios técnicos e humanos necesarios para o desenvolvemento das súas actividades.

Os presupostos, na súa confección, garantirán o axeitado funcionamento das Secretarías da súa Comisión Executiva, Departamentos Nacionais, e demais órganos a nivel nacional, así como a política de inversións a realizar e a participación en fundacións, asociacións e empresas.

Tódolos organismos da UGT de Galicia, con personalidade xurídica delegada, deberán elaborar os seus presupostos anuais que, en ningún caso, poderán ser deficitarios. A Comisión Executiva de UGT Galicia ten capacidade de xestión presupostaria independente.

Das previsións presupostarias da UGT de Galicia e do resto da estrutura territorial darase conta, para a súa aprobación, ao Comité Nacional da UGT de Galicia /Comité Comarcal dentro dos tres últimos meses de cada exercicio anual.

Os presupostos da UGT de Galicia estarán integrados por:

- a) Presuposto Ordinario de funcionamento que se elaborará en función dos ingresos e recursos do propio sindicato
- b) Presuposto de Inversións e débeda que se financiará co excedente do presuposto de funcionamento
- c) Presuposto de Programas, no que se recollerán as subvencións finalistas previstas nas que a organización participe como Entidade Colaboradora das Administracións Públicas.

As previsións presupostarias das Unións Comarcais estarán integradas, cando menos, polo Presuposto Ordinario.

### **Presentación de contas**

Tódalas organizacións con capacidade de xestión económica deberán levar unha contabilidade axeitada, que permita unha información suficiente da súa afiliación e que será presentada ante os comités correspondentes.

As Unións Comarcais formularán antes de 31 de marzo de cada ano o balance e a conta de resultados. Dende esa data e con anterioridade a 30 de xuño, as contas serán presentadas ante a Comisión de Control Económico de UGT Galicia, achegando un informe económico externo. No caso de non ser así a Comisión de Control procederá a solicitar o seu propio informe, sendo por conta de cada organización o custo do mesmo.

As contas formuladas por cada organización deberán integrar as dos seus organismos inferiores. As Federacións Galegas integrarán as das súas estruturas organizativas e as Unións Comarcais as delegacións.

A reiteración dunha situación deficitaria nunha Unión Comarcal en dous ou máis exercicios, poderá ser motivo de intervención da Comisión Executiva da UGT de Galicia a proposta da Comisión de Control Económico e previa autorización do Comité correspondente. A dita intervención significará a perda voluntaria da autonomía de xestión económica pola organización afectada ata a normalización da súa situación económica.

A Comisión Executiva de UGT Galicia e a Comisión de Control Económico de UGT Galicia poderán, cando as circunstancias así o aconsellen, revisar as contas das Unións Comarcais.

## 2. C.- RECURSOS DO SINDICATO

### Recursos Humanos da UGT de Galicia

Sen dúbida unha organización sindical como UGT, dispón e require de medios humanos nas diferentes tarefas necesarias para a xestión e os servizos que proporciona. A trascendencia dos mesmos, en moitas ocasións de primeiro encontro coa afiliación é mais que evidente, por canto ademais de ser un elemento esencial nos diferentes procesos do facer diario sindical, asesorías xurídicas, técnicas, administrativos, información..., supoñen unha achega insubstituíble e xeran un importante valor engadido na satisfacción as persoas afiliadas que acoden ás nosas estruturas.

Nunha actividade de atención e servizo, que é a percibida habitualmente pola afiliación e por quen se acerca á organización, faise necesaria máis que nunca unha axeitada cualificación destes medios humanos, xunto a un reparto axeitado dos mesmos na procura de aproximar ao máximo os servizos a cada entidade territorial, de conseguir a máxima equidade nas súas capacidades entre os organismos, e de permitir a maior accesibilidade da nosa afiliación aos servizos e actividades sindicais.

A adecuada ordenación e distribución funcional e territorial dos recursos humanos ten especial transcendencia nos programas de actividades concretas que cada ano, ou por campañas especiais, se establecen no conxunto da organización, así como no posible crecemento futuro da mesma.

As políticas de persoal orientaranse a mellora do desempeño das tarefas básicas da estrutura territorial, sen prexuízo de outras actividades non estruturais ou de índole mais sectorial, por elo e necesario o fomento das capacidades e desenvolvemento profesional, e da actualización continua e implicación de todo o persoal,

dende o absoluto respecto e garantía dos dereitos e cumprimento das obrigas laborais.

### **A cota**

Os medios económicos necesarios para levar a cabo os fins sindicais da UGT de Galicia cóbrense mediante as cotas aportadas pola súa afiliación.

O Congreso Confederal da UGT é o órgano competente para fixar os principios reguladores da cota e establecer os criterios, contías e distribución da Cota Básica Confederal, da Cota Reducida e das Cotas Especiais.

O Regulamento de Cotas confederal regula, entre outras materias, a xestión da cota sobre principios de eficiencia e profesionalidade. A Delegación do SCA de UGT-Galicia traballa cos obxectivos e criterios de xestión establecidos confederalmente a través de regulamentos de Cotas, do SCA, e demais normas.

As Federacións radicadas no ámbito de Galicia notificarán, mediante certificación, á UGT- Galicia as cotas cobradas á súa afiliación, indicando a Unión Comarcal á que corresponden co fin de facer a distribución das mesmas.

### **Cotas extraordinarias para servizos**

Os/as afiliados/as pagarán cotas extraordinarias por servizos específicos cando eses sexan solicitados e non estean incluídos na cota ordinaria. Estas cotas non poderán ser superiores ao custo real do servizo ofrecido e non xerarán dereitos políticos.

### **As subvencións públicas**

A UGT de Galicia, e tódalas súas organizacións, poderán acceder ás subvencións reguladas en cada ámbito das Administracións Públicas, tanto aquelas que sexan de carácter institucional, como nas que o Sindicato actúe como entidade

colaboradora das Administracións Públicas. As subvencións públicas obtidas como consecuencia dunha determinada acción, serán de carácter finalista.

A xestión dos programas de subvencións non poderá ser deficitaria, quedando cubertos os gastos de estrutura da organización dedicados a esa xestión.

O Comité coñecerá tódalas subvencións públicas e institucionais e as súas contías e establecerá os criterios para o seu reparto cos Organismos da UGT.

### **Patrimonio**

A UGT de Galicia seguirá reivindicando a transferencia da propiedade do Patrimonio Sindical Acumulado.

A UGT de Galicia deberá continuar, na medida no que as posibilidades económicas o permitan, adquirindo sedes propias.

### **Ingresos por servizos**

Cando a UGT de Galicia preste servizos, tanto de orde interno aos seus organismos, como de carácter externo a terceiros, os ingresos percibidos polos mesmos deben cubrir os custos dos mesmos.

### **Doazóns**

A UGT de Galicia poderá percibir doazóns económicas da súa afiliación, así como de terceiras persoas físicas ou xurídicas. Estas doazóns poderán ter adscrición finalista, segundo a vontade do donante, ou incorporarse aos ingresos ordinarios do Sindicato, e poderá acollerse ás desgravacións que estean previstas no imposto da renda ou de sociedades.



## 2. D.- Os SERVIZOS DO SINDICATO

A acción sindical é reivindicativa e prioritaria para a UGT de Galicia. Un complemento fundamental para o Sindicato é tamén a articulación de ofertas de servizos sindicais dos que da súa eficacia depende a nosa política de afiliación e o noso prestixio ante a sociedade.

A UGT de Galicia priorizará os servizos vinculados ou complementarios á nosa acción sindical e á negociación colectiva, así como os que proveñan de acordos de participación ou coxestión cos servizos públicos.

Se ben determinados servizos poden ter un carácter universal para tódalas persoas traballadoras como os articulados nos ámbitos da formación, o emprego e a protección social, outros deben ter unha discriminación positiva a favor dos/as afiliados/as ou incluso exclusividade para estes, cando sexa necesario a fin de asegurar que estamos ante un elemento de promoción organizativa, que é o noso principal obxectivo.

O acceso aos servizos debe primar a antigüidade de afiliación ao Sindicato e a súa fixación, asegurando mellores condicións en relación directa aos anos de permanencia ininterrompida na UGT.

## **2.D.1. SERVIZOS DE FORMACIÓN**

1. UGT Galicia aposta porque os axentes sociais participen directamente na xestión da formación profesional para o emprego. A xestión desta formación posibilitará o desenvolvemento de formación ligada ao catálogo nacional de cualificacións profesionais, achegando a formación ao mercado laboral co fin de acadar unha maior empregabilidade e unha mellora nas competencias profesionais das persoas traballadoras ocupadas e desempregadas de Galicia.

2. Esta tarefa debe afondarse garantindo a eficacia e a calidade dos nosos propios instrumentos formativos, que deben potenciarse, e asegurando que a impartición formativa e tamén un instrumento de afiliación e expansión da nosa presenza entre a clase traballadora. Para coordinar as nosas actuacións en materia de formación constitúese o Consello Nacional de Formación, composto polas persoas responsables de formación da CEN e das Federacións Nacionais e Unións Comarcais, no cal establécense os criterios de distribución e participación na formación dos distintos organismos da UGT de Galicia.

## 2.D.2. SERVICIOS XURÍDICOS

Os Servizos Xurídicos son un dos soportes técnicos fundamentais para a nosa Organización. A complexidade das relacións laborais, o cambio permanente das estruturas empresariais, a aparición de novos colectivos, todo o relacionado coa seguridade e a saúde no traballo fan necesario ter unhas asesorías xurídicas dinámicas e que sexan capaces de dar resposta ás novas necesidades, tanto de persoas afiliadas, como delegadas, como as e os dirixentes das nosas estruturas.

A complexidade da negociación colectiva, os procesos de reestruturación de empresas, a problemática das persoas traballadoras da función pública coas Administracións, as negociacións da Organización en temas de carácter xeral coas Confederacións Empresariais ou acordos que se negocien coa Xunta de Galicia fan necesario uns Servizos Xurídicos que dean cobertura ás persoas membros das mesas negociadoras.

Os Servizos Xurídicos internos deben estar coordinadas dende UGT-Galicia, dotándoas dos medios suficientes, tanto en recursos humanos e materiais como formativos. Respecto dos servizos xurídicos concertados con terceiros, as estruturas prestaran especial atención o nivel de satisfacción das persoas afiliadas remitidas. É necesario, ao mesmo tempo, avanzar noutros campos da defensa xurídica, entre eles o penal, polo que está a suceder coa seguridade no traballo ou sectores que, polas súas condicións particulares, as persoas traballadoras poidan ter denuncias de terceiros.

Os Servizos Xurídicos organizaranse a través do seguinte regulamento:

## Regulamento de Servizos Xurídicos

### Artigo 1. Natureza e principios

1.1.- Os Servizos Xurídicos da UGT de Galicia, son un instrumento básico de afiliación, complementario da acción sindical. Constitúese como un servizo técnico de asesoramento e defensa en materia xurídica das persoas traballadoras, e dos organismos que integran o Sindicato.

1.2.- O Servizo Xurídico manterá, no seu funcionamento, o criterio de solidariedade Para que a prestación do servizo acade por igual a tódalas persoas traballadoras, sen prexuízo da imputación, en termos proporcionais, dos custos do mesmo e isto de acordo co establecido no artigo 10.2 deste regulamento. UGT garantirá que este criterio de solidariedade se manteña tamén nos casos que os servizos xurídicos sexan proporcionados por terceiros.

### Artigo 2. Da organización territorial

A organización territorial da prestación dos servizos xurídicos realizarase tendo en conta criterios de economía, eficacia, eficiencia e, fundamentalmente, atendendo á demarcación e planta xudicial, nas distintas ordes xurisdiccionais.

### Artigo 3. Da estrutura orgánica

3.1.- Os Servizos Xurídicos internos adscíbense á Secretaría competente da CEN, a través da persoa Coordinadora de Servizos Xurídicos, que exercerá, segundo as directrices daquela, as funcións ordinarias de dirección e coordinación das distintas estruturas do Servizo, xa sexa de ámbito externo ou interno, encamiñadas á adopción de criterios e procedementos de actuación homoxéneos en termos xurídicos e sindicais, e sen prexuízo da súa dependencia funcional ou orgánica.

Respecto dos servizos xurídicos externos contratados por calquera medio válido en dereito, o control será de calidade e sa-

tisfacción de persoas usuarias remitidas polo sindicato, sen incluír o exercicio de potestades empresariais.

3.2.- A Comisión de Coordinación dos Servizos Xurídicos, é o órgano de participación e consulta da CEN na materia. A presidirá o titular da Secretaría de Organización e Comunicación da CEN ou persoa na que delegue a Comisión Executiva, e nela intégranse a Secretaría de Administración e Finanzas e a Secretaría de Servizos aos afiliados e afiliadas da CEN, e nela integrarase o Coordinador dos mesmos e un representante de cada un dos organismos da UGT de Galicia. Poderá elaborar os informes e ditames que considere pertinentes, sen prexuízo daqueles que lle sexan solicitados pola Comisión Executiva Nacional ou polo Comité Nacional. A Comisión de Coordinación está dotada dun regulamento de funcionamento.

3.3.- Os Servizos Xurídicos estrutúranse nos seguintes gabinetes:

Os Servizos Xurídicos internos da UGT asumirán tarefas de representación, cando proceda, e defensa xurisdiccional nas distintas ordes, orientando a organización interna con criterios de especialización por materias e, dentro destas, por asuntos, en función da mellor adecuación dos recursos humanos existentes, así como funcións de seguimento normativo e xurisprudencial precisos para as súas propias tarefas e para o asesoramento dos órganos e cadros da organización. A organización promoverá accións formativas relacionadas coas materias propias do exercicio profesional, sen prexuízo da obriga do persoal de salvagardar a actualización permanente que require o eido da actividade dos servizos xurídicos.

Os Servizos Xurídicos da Unión Territorial estarán asistidos por un Servizo Administrativo propio e coa formación axeitada ás tarefas a desenvolver no mesmo, tales coma arquivo de expedientes, control do estado dos mesmos, control de audiencias, trámites administrativos básicos relativos aos expedientes xudiciais, e outros de análoga natureza.

#### **Artigo 4. Das funcións dos Servizos Xurídicos**

Son funcións dos Servizos Xurídicos, sen prexuízo doutras que, polos órganos competentes poidan encomendarse, as seguintes:

a) Atender as consultas xurídicas que formulen as persoas afiliadas, organismos e usuarios, en xeral, nas materias relacionadas coa relación de traballo, sexa laboral ou administrativa.

b) Asistir xudicialmente en funcións de representación e defensa, segundo proceda, as persoas afiliadas, organismos e usuarios nos termos que se establezan.

c) Responsabilizarse do depósito e custodia dos expedientes que se tramiten no Servizo Xurídico nos termos que, no seu caso, se establezan.

d) Emitir informe xurídico previo, preceptivo e non vinculante, á interposición de accións nas que a Unión Territorial, ou calquera outro organismo, sexa parte demandante, reclamante ou recorrente. En todo caso, a actuación dos Servizos Xurídicos da UGT estará presidida polas normas de Deontoloxía profesional contidas no Estatuto Xeral da Avogacía ou nas equivalentes respecto dos Graduados Sociais

#### **Artigo 5. Dos dereitos da afiliación.**

Os Servizos Xurídicos estarán destinados, de xeito prioritario, á atención dos Organismos, afiliados/as e cadros sindicais, nas materias propias da relación de traballo, laboral ou administrativa. Os/as afiliados/as teñen dereito a recibir un asesoramento xurídico de calidade, responsable, profesional e personalizado.

Sen prexuízo da prioridade da afiliación, os servizos prestados as persoas usuarios que non teñan tal condición, faranse en condicións homologables, salvo no previsto en materia de tarifas.

**Artigo 6. Do acceso aos Servizos Xurídicos por persoas afiliadas e usuarias.**

6.1.-O acceso aos Servizos Xurídicos será formalizado, segundo os procedementos que se establezan, atendendo a criterios relacionados coa materia, prazo para interpoñer accións, organización do Servizo e outros, actuando segundo os principios de celeridade, eficacia e control.

6.2.-As persoas afiliadas e usuarios serán informados dos custos previstos ou previsibles derivados da interposición de reclamacións, demandas, recursos ou calquera outra actuación dos Servizos Xurídicos, segundo as tarifas establecidas.

6.3.- As persoas afiliadas e usuarias do Servizo poderán tramitar, ante o órgano correspondente, as queixas que, sobre o funcionamento do mesmo, estimen oportunas.

**Artigo 7. Das obrigas das persoas afiliadas e usuarias relacionadas cos Servizos Xurídicos**

7.1.-Os/as afiliados/as, como condición indispensable para acollerse ás bonificacións que, segundo o cadro vixente de tarifas, se estableza, estarán obrigados ao pago da cota sindical que en cada período se aprobe, sen prexuízo dos períodos de carencia precisos para a gratuidade do servizo. Aos usuarios que non teñan a condición de afiliado/a, así coma estes, cando non teñan o período de carencia mínimo, aplicaráselles as tarifas ordinarias.

7.2.-O/a afiliado/a, así coma o usuario manifestará a súa conformidade sobre as actuacións que se acorden, e isto segundo coa información que, especialmente en atención ao previsto no artigo 6.2, lle sexa facilitada polo profesional responsable do expediente.

7.3.- O servizo será prestado polo profesional dos Servizos Xurídicos que se asigne, sen prexuízo de que as preferencias manifestadas poidan ser atendidas, en función dos requirimentos organizativos.

## **Artigo 8. Dos recursos humanos e materiais**

Artigo 8.1.- Os Servizos Xurídicos, para o cumprimento dos fins que lle son propios, deberán estar dotados de persoal técnico e administrativo suficiente, así como dos medios materiais necesarios para o desenvolvemento das súas tarefas.

8.2.- O persoal técnico dos Servizos Xurídicos estará vinculado, preferentemente, por unha relación laboral, sen prexuízo doutras modalidades de contratación, segundo os criterios que, a tales efectos, se establezan polos órganos competentes.

8.3.- Ao persoal dos Servizos Xurídicos con relación laboral seralles de aplicación o Convenio de UGT, sen prexuízo do establecemento, mediante acordo das partes, de condicións especiais polas peculiaridades do Servizo.

8.4.- A responsabilidade civil derivada de actuacións profesionais estará cuberta por seguro de responsabilidade civil con cargo á organización, na contía axeitada aos procedementos nos que se interveña.

## **Artigo 9. Organización e Xestión do Servizos Xurídicos.**

1. Os Servizos Xurídicos internos de UGT-Galicia xestionáranse directamente ou de ser o caso mediante as formas de xestión que melloren a eficiencia e a calidade, baixo criterios de suficiencia financeira.

2. Con carácter excepcional e xustificada, previa autorización da Comisión Executiva Nacional da UGT de Galicia, poderase concertar a prestación de servizos xurídicos externos con persoas físicas e xurídicas, a través da modalidade contractual e nas condicións que se acorden

## **Artigo 10. Do financiamento**

10.1.- Os ingresos obtidos pola actuación dos Servizos Xurídicos serán destinados, preferentemente, ao financiamento dos mesmos, sen prexuízo das achegas procedentes da organización.

10.2.- A fin de garantir a implantación dos Servizos Xurídicos en todo o territorio nacional en condicións de igualdade e solidariedade, constituirase un fondo que estará financiado, inicialmente, con cargo ao Fondo de Solidariedade e Servizos Comúns.

### **Tarifas dos Servizos Xurídicos**

As tarifas dos servizos xurídicos respostarán ao principio de equidade e igualdade para á afiliación. A actualización do cadro de tarifas elaborárase mediante proposta da CEN previo informe da Comisión de Coordinación, e será sometida a aprobación polo Comité Nacional.

#### **Artigo 11. Da gratuidade dos servizos xurídicos ás persoas afiliadas.**

11.1.- A gratuidade dos servizos xurídicos esixirá un período de carencia de dous anos, sen prexuízo do establecido no artigo 13 de este Regulamento.

11.2.- Para a aplicación das bonificacións nas tarifas, a antigüidade na afiliación computárase ao inicio do expediente.

#### **Artigo 12. Presuposto previo**

Para os supostos non contemplados nas tarifas, elaborárase un presuposto previo, que deberá ser aceptado pola persoa usuaria.

#### **Artigo 13. Gastos adicionais necesarios**

As persoas usuarias do Servizo Xurídico deberán sufragar os gastos de peritos, notarios/as e de calquera outros profesionais, así como costas e similares servizos.

#### **Artigo 14. Outros Gastos**

Nos procedementos nos que o demandante do servizo utilice sucesivas fases sobre un mesmo asunto, minutarase só a de maior importe. A estes efectos, os recursos ante Tribunais Superiores consideraranse nova actuación.



## 2.E.- FUNDACIÓNS

As Fundacións creadas por UGT-Galicia deben xogar un papel activo tanto no ámbito cultural como no socioeconómico, abrindo debates na sociedade de temas de carácter xeral que sexan de interese para a cidadanía.

A **Fundación Luis Tilve** debe ser o instrumento para a recuperación da memoria histórica da nosa Organización, pero tamén cara a tratar temas puntuais de actualidade, a través de xornadas, conferencias, publicacións, etc.

**FUNDECO**, xa que o seu fin principal é a defensa e o asesoramento as persoas consumidoras e usuarias, tamén poderá levar temas relacionados cos prezos dos servizos, coa seguridade alimentaria, relación custo de produtos e venda final, e outra serie de cuestións que inciden negativamente nas producións dos sectores básicos ou na calidade dos produtos.

A **Fundación María Xosé Arcos**, nos Estatutos recolle a loita pola igualdade entre homes e mulleres tanto no ámbito laboral como social, así como aportar a súa experiencia en materias de inmigración, no traballo pola igualdade, na loita contra os malos tratos, etc.

Tódalas actividades levadas a cabo polas Fundacións son complementarias da Acción Sindical. A sociedade actual demanda solucións a problemas novos de carácter social, nas que as Fundacións poden ter un papel relevante e chegar a capas amplas da sociedade si se dotan do contido axeitado.



## **3.- ESTRUCTURAS ORGANIZATIVAS DA UGT**

### **3.A.- AS FEDERACIÓNS E AS UNIÓNS.**

#### **NORMAS XERAIS, ESTRUCTURA E FUNCIÓNS**

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Os diferentes niveis ou instancias organizativas das Federaci3ns e Uni3ns deben responder 3 realidade sindical e administrativa do pa3s.

Cada 3mbito organizativo debe ter unhas tarefas concretas a desenvolver, unha Comisi3n Executiva en consonancia coas funci3ns a realizar e capacidade xur3dica limitada 3s mesmas, un presuposto econ3mico que lle faculte a consecuci3n dos obxectivos que te3a sinalados e un Comit3 que asegure a participaci3n das organizaci3ns e garante o control da xesti3n daquela.

Os Congresos das Federaci3ns e das Uni3ns deber3n establecer os conceptos anteditos para o conxunto das s3as respectivas organizaci3ns.

As Federaci3ns vertebran a UGT-Galicia para o que necesitan vertebrarse a se mesmas. A sectorializaci3n 3 fundamental para lograr unha maior identificaci3n dos diversos colectivos de traballadores e traballadoras co Sindicato, permit3ndolles personalizar as s3as reivindicaci3ns.

As Unións coordinan a acción das Federacións no ámbito territorial e atenden ás necesidades básicas do conxunto das organizacións do seu ámbito, de maneira profesional e eficaz, baixo o control do Comité correspondente. Manteñen as relacións do Sindicato coa sociedade, asumindo a representación institucional de UGT nos temas que afectan ao conxunto da clase traballadoras como da cidadanía (emprego, sanidade, educación, vivenda, transporte e outros).

A UGT debe organizar nas súas estruturas a toda a clase traballadora.

Para isto, teñen que establecer fórmulas de organización flexibles que faciliten a afiliación de diversos colectivos que necesitan especialmente ao Sindicato para a defensa dos seus intereses.

As persoas traballadoras por conta propia, os traballadores e traballadoras en paro e as xubiladas e pensionistas, deben ser obxecto dunha atención específica por parte do Sindicato. Así mesmo, a mocidade, as mulleres e as persoas profesionais e directivos deben atopar na UGT un instrumento válido para canalizar as súas reivindicacións.

## CAPÍTULO I

### As Federacións e o seu papel en UGT-Galicia

#### Artigo 1

1. Unha especificidade que distingue á UGT doutros Sindicatos é o seu modelo sindical baseado na actuación das Federacións que a integran, que deben construír un modelo de relacións laborais homoxéneo e solidario para toda a clase traballadora.

2. As Federacións teñen carácter estatal e organízanse como mellor conveña aos seus fins sindicais, estruturándose sectorial e territorialmente. Vertebran ao conxunto da UGT-Galicia, traballando pola consecución dunhas relacións laborais homoxéneas e a unidade do mercado de traballo, converténdose nun contrapoder ante os poderes económicos e nun interlocutor indispensable para as Patronais e o empresariado en xeral. Así mesmo, manteñen a interlocución institucional con Gobernos e Administracións nos asuntos que lles son propios.

### **Artigo 2**

As Federacións teñen a competencia e interese directo sobre a negociación colectiva, a afiliación e a recadación da cota, e ingresos por representación institucional sectorial, nas eleccións a representantes das persoas traballadoras na empresa, na formación sindical e a formación profesional continua e ocupacional de carácter sectorial, a representación institucional sectorial ante as administracións, organizacións empresariais e Institucións públicas e privadas sectoriais, así como o desenvolvemento dunha política de servizos comúns que prime as persoas afiliadas fronte ás non afiliadas. Todo isto sen prexuízo das responsabilidades que sobre estas materias corresponda á UGT-Galicia.

### **Artigo 3**

As Federacións deben estimular a presenza activa das persoas novas, as mulleres e as profesionais nas tarefas do Sindicato, recollendo e defendendo as súas reivindicacións e incorporándoos ás tarefas de dirección da Federación.

### **Artigo 4**

1 A Federación no seu Congreso elaborará uns Estatutos ou Regulamentos que serán de obrigada aplicación no conxunto da Federación. Así mesmo visará e dará o visto bo aos Estatutos e aos regulamentos de funcionamento interno das súas estruturas

organizativas que deben ser acordes cos Estatutos da Federación e non contravilos.

2. As estruturas organizativas que articule a Federación no seu seo, estarán ao disposto polos Estatutos da Federación e poderán dotarse, de acordo con estes, dun Regulamento de Funcionamento que deberá recibir o visto bo da Comisión Executiva da Federación.

### **Artigo 5**

1. As Federacións disporán do sesenta e cinco por cento dos/as delegados/as nos Congresos de UGT–Galicia.

2. Así mesmo, terán, polo menos, o sesenta e cinco por cento das persoas membros do Comité Nacional da estrutura territorial.

## **CAPÍTULO II**

### **Estrutura organizativa das Federacións**

#### **Artigo 6**

1. As Federacións actuais son, en xeral, produto de varios procesos de fusión. Están compostas por antigas Federacións que no seu día decidiron fusionarse para incrementar a súa eficacia. No seu seo organízanse, polo tanto, actividades heteroxéneas con identidade propia, ás que hai que dar respostas específicas.

## **SECCIÓN PRIMEIRA**

### **A Federación e os Sectores**

#### **Artigo 7**

1. A Federación está integrada por Sectores e/ou Sindicatos que, con ámbito estatal e articulación territorial, agrupan unha serie de actividades que poderán organizarse en Subsectores.

2. No seo da Federación deben definirse e configurarse uns Sectores equilibrados e con actividades afíns.

### **Artigo 8**

1. O Sector ten tarefas sindicais asignadas en materia de negociación colectiva e defensa da especificidade dos Subsectores en que se organiza.

2. Os Sectores terán funcións específicas que se articularán en cada Federación, segundo as Resolucións dos seus respectivos Congresos e Comités.

## **SECCIÓN SEGUNDA**

### **A Sección Sindical**

#### **Artigo 9**

1. A Sección Sindical agrupa a tódalas persoas afiliadas dunha empresa ou centro de traballo. A constitución e o fortalecemento das Seccións Sindicais son piares da estratexia organizativa das Federacións para achegar o Sindicato as persoas traballadoras.

2. A vinculación entre a participación dos/as afiliados/as nas tarefas da Sección Sindical e o crecemento afiliativo é unha realidade. As Seccións Sindicais deben converterse en instrumentos para o crecemento afiliativo e propiciar ao tempo a participación nas tarefas sindicais tanto a nivel de empresa como en ámbitos superiores.

#### **Artigo 10**

A participación dos/as afiliados/as no seo das Seccións Sindicais materialízase mediante os mecanismos axeitados para asegurar a todas e cada unha das persoas membros a participación na elección dos seus órganos de dirección, o control da xestión dos mesmos, a determinación dos/as candidatos/as aos ór-

ganos unitarios e de representación das persoas traballadoras e o coñecemento e discusión de todas aquelas cuestións que afectan á actividade sindical.

### **Artigo 11**

1. As actividades a desenvolver pola Sección Sindical e a súa configuración organizativa deberán regularse polo Congreso da Federación.

2. A Sección Sindical está vinculada ao Sindicato Comarcal (de non existir este, á organización de ámbito inmediatamente superior), do que depende. Poderá dotarse, coa autorización da Comisión Executiva da Federación correspondente, dun Regulamento de Funcionamento onde se regulen as facultades recoñecidas pola Lei Orgánica de Liberdade Sindical e a súa participación na negociación colectiva, que estará suxeita á coordinación e dirección que sobre esta materia ten a Federación Territorial pola delegación da súa Comisión Executiva Federal.

### **Artigo 12**

Naqueles grupos de empresas de carácter intersectorial, a Comisión Executiva Nacional velará pola coordinación das Seccións Sindicais afectadas de acordo coas Federacións de Nacionalidade tamén afectadas.

## **SECCIÓN TERCEIRA**

### **A Federación e os Territorios**

### **Artigo 13**

1. A Federación debe organizarse territorialmente, dentro do marco establecido pola Confederación, con funcións claramente definidas.

2. As Federacións estruturaranse en Federacións Territoriais de ámbito de Comunidade Autónoma, a efectos de dirixir e coordinar as súas actuacións territorialmente e garantir a solidariedade e homoxeneidade no seo das mesmas.

### Artigo 14

A base organizativa da Federación son os Sindicatos Comarcais, intercomarcais ou provinciais, que impulsarán a presenza da Federación nos centros de traballo mediante a constitución e mantemento das Seccións Sindicais e os Sectores. Así mesmo organizarán as tarefas de apoio ás pequenas empresas mediante a posta en marcha de equipos de organizadores sindicais, que visiten sistematicamente os centros de traballo da súa competencia, para dinamizar e apoiar a acción sindical.

## CAPÍTULO III

### As Unións e o seu cometido na UGT de Galicia

#### Artigo 15

1 A Unión, como expresión práctica e solidaria do conxunto das Federacións que integran UGT, debe garantir a defensa e aplicación dunha política de solidariedade entre os traballadores e traballadoras de toda Galicia.

2. Facendo que o desenvolvemento do Estado da Autonomía sexa compatible coa existencia dun marco único estatal de relacións laborais e cun sistema de protección social baseado no principio de solidariedade. Tendendo a unha sociedade igualitaria. Logrando un conxunto de garantías sociais para tódalas persoas asalariadas independentemente do lugar onde residan ou do sector de actividade no que traballen.

#### Artigo 16

A Confederación establece territorialmente a súa organización co obxecto de coordinar a acción das Federacións, asegurar o cumprimento das tarefas sindi-

cais comúns, prestar unha atención sindical suficiente á afiliación e aplicar as resolucións e directrices sobre as políticas confederais de UGT, garantindo, con todo isto, a realización efectiva do principio de solidariedade.

### **SECCIÓN PRIMEIRA**

#### **Estrutura organizativa**

##### **Artigo 17**

1. A UGT de Galicia organizarase territorialmente en Comarcas.

2. Cada nivel organizativo terá competencias concretas, que se recollerán nos Estatutos da UGT de Galicia.

3. En función das competencias atribuídas, concederanse poderes de representación, configuraranse os órganos (Congreso, Comité, Comisión Executiva, Consello Comarcal) correspondentes a ditos ámbitos organizativos e establecerase a distribución da cota sindical e aqueles recursos necesarios para o desenvolvemento das ditas funcións.

##### **Artigo 18**

1. As Unións serán dirixidas por unha Comisión Executiva, elixida no Congreso e polos afiliados/as da súa demarcación territorial. Deberán responder da súa xestión ante o Comité e o Congreso do seu ámbito e dotaranse de Presuposto para o desenvolvemento das súas tarefas.

2. As Unións rexeranse polos Estatutos Nacionais adaptados á súa realidade organizativa.

## SECCIÓN SEGUNDA

### Tarefas a desenvolver

#### Artigo 19

A Unión, entre outras tarefas, ten asignados os seguintes cometidos:

- a) Desenvolver a acción ante as Institucións, representando os intereses xerais da clase traballadora nas cuestións da súa exclusiva competencia, analógicamente ao establecido para a Unión Nacional.
- b) Establecer e dirixir a Administración Sindical que se encargue de cumprir con garantía e eficiencia as tarefas administrativas básicas do Sindicato relacionadas coa afiliación, o cobro de cotas e os servizos, todo isto baixo a coordinación da Comisión Executiva Nacional.
- c) Desenvolver unha Política de Servizos comúns para a súa afiliación.
- d) Coordinar no seu ámbito de actuación as tarefas que afecten a máis dunha Federación.
- e) Colaborar na formación sindical dos cadros, representantes e afiliados/as, mediante o establecemento de Escolas de Formación propias, que se coordinarán coa Escola de Formación Nacional.
- f) Colaborar coas Federacións Nacionais con escasa implantación nas tarefas organizativas básicas e a atención a toda a súa afiliación.
- g) Abrir, manter, atender e coordinar unha rede de locais sindicais nos concellos, base dende onde irradiará a acción de UGT cara clase traballadora e a cidadanía do seu entorno.



### **3. B. XESTIÓN DOS FICHEIROS E NORMAS PARA A TRAMITACIÓN DAS ALTAS, BAIXAS E TRASLADOS DA AFILIACIÓN**

#### **CAPÍTULO I**

##### **Adquisición e perda da condición de afiliado/a ao Sindicato**

###### **Artigo 1**

A afiliación da clase traballadora prodúcese á Federación que teña competencia organizativa sobre a súa actividade laboral. A afiliación ao Sindicato é voluntaria.

###### **Artigo 2**

1. A solicitude de afiliación debe facerse a través da Sección Sindical ou do Sindicato Comarcal ou da Federación, do ámbito organizativo no que traballe o novo afiliado/a.

2. Coa sinatura da solicitude de afiliación e o abono da primeira cota, a nova persoa afiliada recoñece o seu acatamento aos estatutos da Federación. A afiliación comeza o día primeiro do mes en que cotiza a primeira cota.

###### **Artigo 3**

A alta só poderá ser denegada mediante resolución da Comisión Executiva ante a que se presenta a solicitude de afiliación, o ser anulada retroactivamente dentro do prazo de tres meses, cando se considere necesario en interese da Federación. Contra esta decisión poderase reclamar ante a Comisión Executiva Federal correspondente, sendo a decisión desta definitiva.

### Artigo 4

A baixa do Sindicato debe cumprimentarse por escrito e baixo entrega do carné de afiliado/a ante a organización á que pertence o/a afiliado/a. A baixa pode pedirse dentro das catro semanas anteriores á finalización dun trimestre natural.

### Artigo 5

1. As persoas afiliadas que adebeden máis de seis meses as súas cotas estatutarias e non solicitaran oportunamente unha moratoria, quedarán suspendidos de tódolos seus dereitos. A partir dese momento abrirase un prazo de tres meses, onde a organización competente deberá xestionar a recuperación deses afiliados e afiliadas, comunicándolles de forma fidedigna que deben poñerse o día das cotas vencidas e non aboadas.

Se non o logra procederá a súa exclusión definitiva, o que levará consigo a perda de antigüidade e dereitos no Sindicato a tódolos efectos.

2. Non obstante, cando se constate a voluntariedade do/a afiliado/a de deixar de cotizar, a baixa será inmediata perdendo automaticamente tódolos seus dereitos.

### Artigo 6

A expulsión dos/as afiliados/as ten lugar mediante a aplicación pola Comisión Executiva da Resolución firme e inapelable que en dito sentido tomen os órganos competentes da Federación Estatal, ou se é o caso, da Confederación.

### Artigo 7

A baixa, a exclusión e a expulsión levará consigo a finalización inmediata de tódalas prestacións do Sindicato, incluída a protección xurídica.

## CAPÍTULO II

### **Traslados de afiliación e modificación de datos persoais**

#### **Artigo 8**

Cando unha persoa afiliada cambia de actividade e a organización da mesma corresponda a outra Federación, deberá realizarse o traslado á nova Federación dentro do prazo de catro semanas dende que se produciu a incorporación ao seu novo traballo.

#### **Artigo 9**

1. O traslado de afiliados/as farase con coñecemento da Comisión Executiva da Federación correspondente, que, no caso de cambio na actividade laboral e/ou na demarcación territorial, deberá notificar o mesmo á Federación e/ou Unións afectadas.

2. As persoas afiliadas trasladadas recoñeceránselle as cotas cotizadas e a antigüidade na afiliación.

#### **Artigo 10**

Tódolos cambios de domicilio e de empresa, así como os cambios de actividade profesional e outras modificacións que afecten aos seus datos persoais, comunicaranse polas persoas afiliadas á organización á que pertenza, preferentemente mediante escrito ao efecto.

## CAPÍTULO III

### **Arquivo e uso dos Datos de Carácter Persoal**

#### **Artigo 11**

1. Os datos laborais e persoais das persoas afiliadas e representantes do Sindicato, pertencen á UGT.

2. O seu uso estará suxeito á legalidade vixente e en especial á Lei Orgánica de Regulación do Tratamento Automatizado de Datos de Carácter Persoal (LORTAD), que establece posibles infraccións xurídico - penais polo mal uso dos referidos datos.

### **Artigo 12**

O ficheiro de UGT terá carácter privado e o seu uso estará sometido ás cautelas necesarias. As Federacións e Unións terán dereito de acceso aos datos das persoas afiliadas encadrados no seu ámbito organizativo correspondente.

### **Artigo 13**

Tódalas organizacións de UGT deben ser extremadamente coidadosas á hora de administrar os correspondentes ficheiros de afiliados/as e representantes, establecendo as necesarias salvagardas que restrinxan o acceso aos mesmos e garanten a súa confidencialidade.

### **Artigo 14**

Regularase a captación e o uso dos Datos de Carácter Persoal dos/as afiliados/as ao Sindicato.

### **3. C. MODELOS ESPECÍFICOS DE ORGANIZACIÓN PARA DETERMINADOS COLECTIVOS**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A UGT aspira a organizar no seu seo á clase traballadora. Para isto, dótase dun modelo organizativo flexible que dea resposta ás especificidades de determinados colectivos de traballadores e traballadoras, co obxecto de que poidan defender con máis eficacia os seus intereses e así, entre todos, construír un Sindicato con forza e implantación que nos facilite conseguir unha sociedade mellor.

#### **SECCIÓN PRIMEIRA**

##### **Traballadores e traballadoras por conta propia**

##### **Artigo 1**

A UGT aposta por organizar no seu seo as persoas traballadoras por conta propia que, en función dos seus problemas, necesitan respostas concretas e unha alta prestación de servizos, cuestións ambas que terán mellor solución mediante a súa organización específica.

##### **Artigo 2**

1. A Unión Nacional de Traballadores e Traballadoras por Conta Propia organizarase en todo o territorio, e manterá ámbitos de participación e representación interna análogos ás organizacións de dimensión estatal.

2. Actualmente UPA e UPTA forman parte desta Unión Estatal. As Federacións que teñan encadrados a traballadores e traballadoras por conta propia en organizacións específicas, man-

teranas organizadas no seu seo ou poderán decidir a integración destas organizacións na UTCP.

## **SECCIÓN SEGUNDA**

### **Traballadores e traballadoras en Paro**

#### **Artigo 3**

1. A UGT debe organizar a este importante colectivo, axudándolle a encontrar un emprego digno e defendendo os seus dereitos cidadáns básicos.

2. Ademais das políticas que ven desenvolvendo o Sindicato, orientadas a conseguir a creación de máis e mellor emprego, debemos esixir unha mellora substancial das prestacións por desemprego e das políticas sociais que afecten a este colectivo.

#### **Artigo 4**

Os traballadores e traballadoras en paro, mentres se manteña a súa situación, encadraranse na Confederación do seguinte modo:

a) Os parados e paradas demandantes de primeiro emprego afiliaranse á Federación que se considere máis próxima, en función da súa cualificación académica ou profesional, e/ou seus intereses profesionais.

b) Os/as demais parados/as farano naquela Federación que organice o sector coincidente con seu último traballo.

#### **Artigo 5**

Abrirase un Rexistro de traballadores e traballadoras en paro de carácter territorial no que se inscribirá obrigatoriamente a tódolos traballadores e tódalas traballadoras en paro adscritos ás Federacións. Os/as afiliados/as inscritos neste

Rexistro terán dereito preferentemente aos servizos que preste o Sindicato relacionados co acceso a un posto de traballo: formación, información e orientación.

## **SECCIÓN TERCEIRA**

### **Xubilados e Pensionistas**

#### **Artigo 6**

1. A organización de tódalas persoas xubiladas e pensionistas en UGT é unha opción política e ideolóxica do Sindicato, en consonancia co noso modelo social e en defensa do Estado de Benestar. Para isto o Sindicato conta coa Unión de Xubilados e Pensionistas (UXP), que se organiza en todo o país, mantendo ámbitos de participación e representación interna análogos aos das organizacións de dimensión estatal.

2. A UXP dependerá xuridicamente da Confederación e, a través dela, atenderemos as necesidades deste colectivo, defendendo os seus intereses específicos na mellora dos seus recursos e calidade de vida, ofrecéndolles solucións e alternativas aos seus problemas a través do asesoramento e os Servizos.

#### **Artigo 7**

Tódalas persoas afiliadas que adquiran a condición de xubilada ou pensionista, ou de prexubilada, serán inscritas automaticamente á Unión de Xubilados e Pensionistas, pasando a formar parte da mesma. Tamén serán inscritas á UXP aquelas persoas que, reunindo a condición antedita, se afilien por primeira vez á UGT.

Á súa vez, tódalas persoas actualmente afiliadas á UXP, pasarán a ser afiliadas á súa última Federación de pertenza, mantendo a súa actual adscrición á UXP, de acordo co traballo que desenvolveron inmediatamente antes de cesar na súa actividade laboral.

## SECCIÓN CUARTA

### **A mocidade traballadora**

#### **Artigo 8**

1. A mocidade é o futuro da UGT e esta debe establecer as políticas axeitadas para integrar a mocidade traballadora no seu proxecto sindical. O Sindicato, a través da súa acción sindical plasmada na proposta e a negociación, debe conseguir leis, acordos e convenios que faciliten a mocidade o acceso a un posto de traballo digno e estable.

2. A UGT debe atender as demandas da mocidade que buscan o seu primeiro emprego ou que traballen en condicións de precariedade. O Sindicato ten que chegar ao amplo colectivo de mozos e mozas de organizalos, sumalos ás tarefas sindicais e preparalos como futuros cadros da UGT. Para isto traballará en cada un dos ámbitos de acción sindical e contará cos recursos necesarios para o cumprimento dos seus fins.

#### **Artigo 9**

1. Co fin de incidir máis na xuventude, UGT potenciará o Departamento da Xuventude Traballadora, organismo dependente da Comisión Executiva Nacional, que debe levar a cabo as tarefas necesarias para introducir o Sindicato na mocidade e organizalos para a defensa dos seus intereses.

Establecerase ademais unha representación da xuventude nos órganos de toma de decisión do sindicato, acorde coa realidade afiliativa. Recomendarase unha presenza mínima do dez por cento de mozos/as, non podéndose imputar esta medida de acción positiva dentro da porcentaxe mínima establecido para a representación por xénero. Igualmente nas listas que presente UGT nas Eleccións Sindicais recomendarase a participación da mocidade xóvenes. Así mesmo, os responsables da secretaria da xuventude nos diversos organismos da unión non poderán superar os 35 anos, durante o mandato.

2. Entre as tarefas do Departamento están as de promover o coñecemento dos Sindicatos dentro do Sistema Educativo, introducindo o seu estudo nos textos de ensino; establecer relacións cos estudantes e as súas organizacións; ofrecer información, formación e asesoramento a mocidade afiliada; intervir nos problemas que afectan a mocidade e manter contactos coas organizacións e asociacións xuvenís. Así mesmo, a nosa organización apoia e colabora cos movementos asociativos xuvenís, enriquecendo os canles de información e comunicación da mocidade, favorecendo os desenvolvementos organizativos dos que queira dotarse.

3. O Departamento da Xuventude traballadora terá presenza no Congreso, no Comité e no Consello.

4. Co obxecto de reforzar a participación da mocidade na vida interna do Sindicato e ir avanzando na súa incorporación estatutaria, a UGT de Galicia ten constituída a Conferencia da Xuventude.

A Conferencia é o órgano de participación da mocidade afiliada, a cal está composta por:

- O/A Responsable do Departamento da UGT de Galicia.
- Os/As Responsables dos Departamentos das Unións Comarcais.
- 25 membros repartidos por Federacións Nacionais proporcionalmente á media de cotizacións que teñen estas no departamento, no período de cómputo de mandatos do Congreso Ordinario.

Esta composición podería modificarse a proposta da Comisión Executiva Nacional polo Comité Nacional, no caso de darse circunstancias e características singulares.

A Conferencia reunirase polo menos dúas veces ao ano, co obxecto de debater as propostas, acordos e seguimento das actividades propias do seu ámbito.

Na Conferencia trataranse os asuntos que estean incluídos na Orde do Día da convocatoria realizada polo responsable do Departamento Nacional.

A convocatoria e a documentación que haxa de ser obxecto de análise, deberá remitirse as persoas membros da Conferencia polo menos con vinte días de antelación ao inicio desta. Por razóns de máxima urxencia, pode convocarse reducindo o prazo indicado, non podendo ser menor de setenta e dúas horas ao inicio desta.

A Conferencia participa no nomeamento e o cese da persoa responsable do Departamento e as e os colaboradores, que deberá ser avalado pola maioría dela.

Nas tomas de decisións que fose necesario votación, farase mediante a utilización do voto ponderado das persoas membros das Federacións representados na Conferencia.

As persoas responsables do Departamento será nomeado e cesado pola Comisión Executiva Nacional, a proposta da Secretaría da que dependa a súa xestión, unha vez escoitada a Conferencia.

Os gastos xerais que orixinen as xuntanzas da Conferencia, así como o aloxamento e manutención, correrán a cargo da Comisión Executiva, e os desprazamentos das súas persoas membros or serán con cargo ás Organizacións ás que representan.

### **SECCIÓN QUINTA**

#### **Muller traballadora**

##### **Artigo 10**

1. A discriminación por razón de sexo está á orde do día nas relacións laborais. Baixa taxa de actividade, alto paro e precariedade no emprego e posición discriminatoria e subordinada nas re-

lacións laborais, son algúns dos máis importantes aspectos que, actualmente, diferenza a homes e mulleres.

2. Pero o futuro traerá importantes cambios de tendencia na actual situación. Cada vez hai unha maior incorporación da muller ao traballo. A taxa de actividade feminina increméntase ano tras ano. Estase dando un maior acceso das mulleres aos niveis executivos e de dirección nas empresas. Ademais, vaise incrementando substancialmente o número de mulleres con estudos superiores que queren desenvolver unha carreira profesional.

### **Artigo 11**

1. Todo isto determina a necesidade de que UGT preste moita atención a esta realidade, facilitando a incorporación das mulleres ao Sindicato e garantindo o seu acceso aos órganos de dirección, decisión e control. Ademais de potenciar a súa presenza nos órganos de representación laboral, ofrecéndolle maior participación na negociación colectiva e nas tarefas de representación institucional.

2. Só a partir dunha maior presenza e participación das afiliadas no Sindicato, poderemos conseguir as xustas reivindicacións das mulleres no terreo sociolaboral.

### **Artigo 12**

1. A UGT desenvolverá unha acción positiva en favor da igualdade entre os sexos, a tódolos niveis da Confederación. A participación activa da muller no proceso de toma de decisións, constitúe unha das maneiras máis eficaces de acadar a igualdade de oportunidades entre o home e a muller.

2. Para isto, o conxunto da UGT establecerá nos seus Congresos un sistema de participación nos Congresos, Comités e Comisións Executivas, a tódolos niveis, que garante unha presenza de homes e mulleres en ditos órganos máis en consonancia coa realidade afiliativa da UGT. Esta presenza tenderá a ser proporcional ao número de persoas afiliadas en cada Federación e Unión. En todo caso garantirase unha

presenza mínima do trinta por cento para cada sexo, naquelas organizacións que alcancen ou superen a dita porcentaxe.

3. Co mesmo fin, UGT ven potenciando o Departamento da Muller Traballadora, organismo dependente da Comisión Executiva Nacional, que debe desempeñar un importante papel para mellorar a representación das mulleres nas estruturas do Sindicato como condición necesaria para avanzar na conquista das súas reivindicacións. Para isto, o conxunto da UGT establecerá nos seus Congresos un sistema de participación nos Congresos, Comités e Comisións Executivas, a tódolos niveis, que garante unha presenza de homes e mulleres en ditos órganos máis en consonancia coa realidade afiliativa da UGT. Esta presenza tenderá a ser proporcional ao número de persoas afiliadas en cada Federación e Unión. En todo caso garantirase unha presenza mínima do coarenta por cento para cada sexo, naquelas organizacións que acaden ou excedan a dita porcentaxe.

4. Entre as tarefas do Departamento están as de traballar activamente polo incremento da representación das mulleres nos órganos de toma de decisións do Sindicato: Comisións Executivas, Congresos e Comités; ofrecer información, formación e asesoramento acerca da problemática da muller; procurar a inclusión de mulleres nas listas a Eleccións Sindicais e nas Comisións Negociadoras dos Convenios Colectivos, así como facilitar o seu acceso á representación institucional do Sindicato.

5. O Departamento da Muller traballadora terá presenza no Congreso, no Comité e no Consello.

## **SECCIÓN SEXTA**

### **Migracións**

#### **Artigo 13**

A incorporación das persoas traballadoras estranxeiras ao mercado de traballo, supón un reto para a nosa organización. A

discriminación no ámbito laboral por razón da orixe ou nacionalidade, a desaxeitada regulación dos fluxos migratorios laborais, os traballadores e traballadoras en situación administrativa irregular, e os casos máis graves de explotación laboral son realidades que temos que afrontar axeitadamente.

2.- As persoas traballadoras inmigrantes atópanse sometidas a unha normativa específica, a de estranxeiría, que determina tanto o seu acceso ao mercado de traballo, como a súa permanencia no mesmo, e incluso as súas condicións laborais e de protección social.

3.- A desaxeitada regulación dos fluxos de chegada de persoas traballadoras non comunitarios e a falta de axeitadas políticas de integración social, pode favorecer a aparición, no ámbito laboral e no conxunto da sociedade dun fenómeno indesexable, o racismo.

4.- Por outra banda a emigración das persoas traballadoras galegas, a situación dos que ano tras ano retoman e dos que seguen nos países de emigración, sitúanos tamén fronte a unha realidade na que o Sindicato ten que actuar.

5.- O Departamento de Migracións, organismo dependente da Comisión Executiva, que nomeará o seu responsable, levará a cabo as tarefas necesarias para introducir o Sindicato entre o colectivo de inmigrantes, como condición necesaria para avanzar na conquista das súas reivindicacións.

6.- Entre as tarefas do Departamento están as de traballar na equiparación dos dereitos entre as persoas traballadoras autóctonas e inmigrantes, promover a axeitada regulación dos fluxos migratorios laborais, a prevención e erradicación do racismo no lugar de traballo, ofrecer información formación e asesoramento sobre as migracións, participar no estudo, elaboración e aplicación das políticas sindicais que afecten especificamente aos traballadores e traballadoras inmigrantes.

7.- O Departamento de Migracións terá presenza no Congreso, no Comité e no Consello.

## **SECCIÓN SETIMA**

### **Profesionais e Directivos**

#### **Artigo 14**

Cada día hai un colectivo máis amplo de persoas asalariadas que atende á denominación de profesional ou directivo/a. A UGT debe ofrecer alternativas as persoas profesionais e directivas para organizalos no Sindicato. Trátase de evitar o individualismo e atender as súas reivindicacións específicas.

#### **Artigo 15**

1. A afiliación das persoas profesionais e directivos á UGT é un elemento clave que nos facilitará afrontar os grandes retos que se nos avexían no marco europeo e mundial. Os seus coñecementos e a súa especial posición na produción de bens e servizos e nas relacións laborais, deben ser aproveitadas polo Sindicato.

2. A conexión das persoas profesionais e directivos co Sindicato débese producir a través da acción sindical que desenvolve UGT, participando na elaboración e aplicación das políticas sindicais. Por isto, a vía de entrada das persoas profesionais e directivas no Sindicato materialízase a través da súa afiliación á Federación correspondente.

#### **Artigo 16**

1. Cada Federación poderá contar coa súa Agrupación de Técnicos e Cadros á que as persoas profesionais e directivas desa Federación poderán adscribirse de forma voluntaria e individual.

2. As Agrupacións de Técnicos e Cadros confluirán na Unión de Técnicos e Cadros de UGT, que se configurará como un organismo dependente da Comisión Executiva Nacional.

3. A UTC-UGT dotarase dunha Xunta Directiva nomeada pola Comisión Executiva Nacional a proposta de UTC e terá presenza no Congreso, no Comité e no Consello.

### **Artigo 17**

1. A misión da UTC-UGT consiste en garantir e impulsar o desenvolvemento de actividades específicas ligadas ao coñecemento e establecemento de propostas e solucións á súa problemática laboral. Todo isto a través da elaboración de estudos, celebración de debates e a información e formación das persoas membros.

2. Entre as súas tarefas, e baixo a dirección da Comisión Executiva Nacional, encóntranse a atención á actividade europea e internacional, a relación con outros colectivos da súa mesma natureza e o impulso para garantir a presenza das persoas profesionais e directivas nas tarefas cotiáns do Sindicato, con especial atención á súa participación nas candidaturas de eleccións sindicais e nas mesas da negociación colectiva.

